

VII certame de
RELATO CURTO

LIBROS COMO ESPELLO

Neste tempo de primavera a luminosidade amarelenta das chorimas espella o agromar dun novo ciclo da vida natural.

Son tamén agora, como saúdo ao sempre benvido maio das letras, as palabras novas as que espellan o zume novo creativo nas delongadas horas de luz nesta cidade berce de coñecemento e cultura que é Pontevedra.

Porque de espellar se trata, mais non de ilusos spellismos, o labor infatigábel e en experiencia contrastado de dinamización da escrita literaria na modalidade de relato curto, promovido e coordinado desde a Federación Provincial de ANPA de Pontevedra.

E este volume que recompila as pezas gañadoras e as finalistas destacadas polo xurado é un novo espello en que mirar e recoñecer a vontade, o talento e a forza creadora da sociedade galega nas diferentes etapas, desde a infancia ata a madurez, como metáfora de vida plena.

É unha honra para a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega colaborar co recoñecemento de tanta entrega xenerosa e comprometida como se percibe neste certame que agora recibimos recompilado neste volume como un presente colectivo.

É compromiso da AELG apoiar e reforzar o proceso da escrita, promovendo todos os foros necesarios para o seu exercicio curioso, para a súa práctica ilusionada, para compartir coas outras a sonoridade das palabras que nacen de nós. Para nos espellarmos nelas e canda elas. Para recoñecérmolos entre elas, ora como emisoras, ora como destinatarias, desde a diversidade expresiva, mais tamén desde o común denominador que é o idioma galego.

Este volume que agora renace en mosaico plural é o espello do noso tempo, é xa un legado literario que nos retrata como pobo creador na historia da literatura galega, en herdanza de todo un ronsel memorábel de autoras e autores referentes.

Unha desas autoras espello é Concha Blanco, compañeira de escrita e socia referente da AELG, que grazas á vosa decisión convertemos en protagonista maior coa homenaxe que, con satisfacción inmensa, lle corresponde, como gratitude por toda unha vida pendente da escrita e da educación lectora das xeracións máis mozas.

A súa traxectoria de traballo literario está avalada por máis de corenta títulos de narrativa, para alén de centos de páxinas repartidas en obras colectivas ao longo das catro últimas décadas.

Na fantasía do seu maxín, na súa man inqueda, no seu corazón intenso naceron vacas monicrequeiras, misteriosas montañas, papoulas máxicas, domadoras de ras, bruxiñas da sorte, poemas para pintar, aventuras de cores...

Do seu traballo vital e profesional como escritoras tamén naceron á vida das palabras xeracións de lectores e lectoras, espellos que reflicten unha sociedade consciente, observadora e crítica como a nosa.

O seu recoñecemento chegou co aval de premios, reedicións, traducións que comparten imaxinación noutras linguas, mais sen dúbida o cariño que desde aquí lle brindamos con esta especial homenaxe, como colectivo amante das letras na nosa lingua, alimentará aínda máis o seu sorriso amigo sempre presente.

Parabéns por este xogo de espellos comunitario en que nos mirar deica as vindeiras chorimas!

Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG)

MARTIÑO

Mañá solleira. O instituto recibía os alumnos que amosaban os seus medos. Algúns estreaban mochilas, espazo, docentes, normas...

Martiño, un deses rapaces expectante ante o descoñecido, era dono dunha historia que el non elixira.

As circunstancias roubáranlle a adolescencia.

O pai nunha cadeira de rodas, e con eivas o resto do núcleo familiar. Convertérono no cabeza de familia, pois a súa constitución forte potenciou aquela desfeita. Tiña corpo, pero só contaba con doce anos.

Ía ao instituto por imperativo legal. Sen tarefas feitas polas ocupacións da véspera... ou representando a familia.

–Que pasou, Martiño?

–É que onte... apañamos a herba. –Podía ser outra das razóns.

Por estas actitudes a rapazada alcumouno *o Vello*. Víanos diferente. Foi na clase de Lingua Galega cando os versos feitos por Martiño, intencionadamente ben valorados pola docente, sorprenderon o rapaz e os compañeiros. Martiño sabía escribir poemas! (Cantas cousas sabía facer Martiño!)

Comezou a escribir poesía por paixón, deixándolla á profesora para que lla *maquillase*. E o alcume de *o Vello* trocouse polo de *o Poeta*. Que ben lle soaba! Todo un agasallo de autoestima.

Rematou o ensino obrigatorio. Martiño cargaría ás costas máis responsabilidade. Como lle pesaba!

Unha mañá de outono saltou a alarma pola bisbarra, tamén polo instituto, de que un exalumno desaparecera en estrañas circunstancias. Martiño.

Resolveuse o enigma. Apareceu...

Incrible! Aqueles compañeiros pregáronme que, como escritora, lle buscase outro final para a súa historia, coincidindo tamén que eu son aquela profesora. Así que...

Os grupos de rescate deran con Martiño mergullándose nas augas daquela ría. Estaba en paz, feliz. Coñecera unha preciosa serea que residía no fondo do mar. Agora pasaba o tempo escribíndolle poemas e contándolle todas as lendas que sabía da súa Costa da Morte.

A maxia da Literatura consegue todo.

CONCHA BLANCO

A Concha Blanco

Que gran fortuna terte sempre aí como mestra!, traballando cos rapaces para potenciar as súas mentes, para que sexan creativos, diverxentes e que desenvolvan todas as súas aptitudes, e sempre dunha forma alegre e cunha actitude positiva.

Pero tamén como unha produtiva e apaixonante escritora, creando textos para as diversas idades: infantís, xuvenís, para adultos; e abranguendo distintos xéneros: narrativa, teatro, poesía. Sempre preocupada por conseguir que os teus lectores se divirtan lendo e poidan identificarse con algún personaxe ao que lle dás vida para que lles axude a descubrir e valorar a súa propia identidade.


Grazas polo teu compromiso social e por ensinar o importante que é a lectura e a creación en lingua galega, por promover que a sigamos falando para que continúe a ser un instrumento sempiterno de comunicación entre as persoas e un elemento de identidade do noso pobo.

Grazas por fomentar nos nosos fillos valores como a amizade, o interculturalismo, a confianza, o amor aos animais e á natureza... a través de realidades cotiás pero, á vez, con acertadas doses imaxinativas, axudando deste xeito a formar lectores críticos e libres.

Oxalá os teus lectores e discípulos saiban aproveitar a maxia da literatura!

Nais e pais da provincia de Pontevedra

Categoría de
PRIMARIA



GAÑADOR na categoría de PRIMARIA

JUAN JOSÉ GIL ZAMBRANO

CEP Sequelo, Marín

XAN, PUNTO E Á PARTE

Xan era un punto moi traveso e, no texto, metíase con todos: as comas, os guións, os puntos suspensivos... Xan era punto e á parte. Xan tiña a manía de poñerse primeiro e por iso sempre o castigaban.

Un día, chamaron á súa nai, a señora Coma, porque Xan pelexara cunha exclamación por un bocadillo cheo de diálogos. Empurráara con tal forza que todas as palabras que ían a continuación se queixaron cun «Ai» que, claro, non tiña exclamación porque fora parar á marxe da folla.

Xan, o punto, comportábase así porque non lle gustaban os libros de literatura. El quería cómics de acción «porque son máis épicos».

A señora Coma púxoo (como era un punto) sobre un *i*, fechouno entre dúas parénteses no seu parágrafo e non o deixou xogar durante todo un mes cos seus amigos, os signos de interrogación, cos que xogaba a bambearse nas súas curvas.

Aínda que á señora Coma lle daba mágoa que non xogase, ela sabía que tiña que aprender a lección: porque un punto que non sabe convivir con outros signos, logo, non vai saber onde poñerse cando o chamen para facer unha estrofa poética. Os puntos necesitan literatura.

Pasou o tempo do castigo, e a señora Coma deixouno volver ao libro, e axiña empezou a molestar. Xan, como de costume, sempre quería ir de primeiro na fileira, mais é ben sabido que un punto nunca vai ao principio. A señora Pluma, a directora daquela banda de palabras, non tivo outra que poñelo á liña: mandouno ao fondo da ringleira, e así foi como rematou esta historia puntual, con Xan como punto e final.

FINALISTA DESTACADA na categoría de PRIMARIA

PAULA GONZÁLEZ DOMÍNGUEZ

CEIP Plurilingüe Antonio Palacios, O Porriño

UNHA HISTORIA INESPERADA

Estou na habitación de Irene, teño 2 anos e nacín en Porto Rico. Antes de chegar, estiven con moitos irmáns de diferentes alturas, anchuras, cores... e para diferentes persoas. Cheguei a España nun avión a uns días de nacer. Ese día foi marabilloso, había moita xente, periodistas e cámaras de televisión.

Na miña casa todos me queren moito: aínda que lles provocho desgustos, tristezas, choremias, alegrías..., son o favorito porque se emocionan comigo. Aínda que debo dicir que me agonían bastante, porque, ás veces, queren que esteas con todos e iso é imposible. Entón penso que me van romper. E, cando se enfadan comigo, sobre todo Irene, que é con quen máis estou, empezan a empurrarme e a golpearme contra a mesa, pero, no fondo, ningún me quere facer mal.

Aínda que Irene pense que non a vexo, iso non é certo. De feito, cando entra na habitación despois de comer chocolate, co bico todo manchado, non paro de rir, aínda que sei o que me espera.

O que menos me gusta é cando veñen xunto de min coas mans sucias e molladas: ponme do fígado!!! aínda que non teña; porque eu son «antiauga», e, se non me gusta estar sucia, cres que quero estar mollado?

Un día, estaba tirada no parqué do salón cando chamaron á porta. Abren, e vexo o avó de Irene cun paquete que poñía «para Irene», e eu pregunteime que sería. Total, que Irene o abriu e sacou del un libro que levaba meses querendo, e pregunteille:

–Que fas aquí?

–Veño a intercambiar-me: agora eu serei o seu libro favorito.

Quedei mudo da sorpresa. Entón, Irene cansou de min e botoume ao lixo, como aos seus libros antigos.

–Nunca sería como antes!!!

Agora, estou no vertedoiro, esperando a saber que será de min.

FINALISTA DESTACADO na categoría de PRIMARIA

LUCA LORENZO PÉREZ

CEIP Altamar, Vigo

XOGAR EN EQUIPO

Un día no que o Sol iluminaba o meu sorriso, os meus compañeiros do Maxestoso Reino Negro alertáronme de que comezaría un duro combate contra os brancos. Os meus amigos e mais eu preguntámoslle ao rei:

–Maxestade, que pasa?

–Ai, meus soldados! Ocorreu unha desgraza. Coma sempre, os brancos atácanos e temos que preparármolos.

–Ídevos colocando nos vosos postos!

Todo o reino estaba intranquilo, agardando o ataque, e cada cal colocado no seu lugar.

–Onde cres que nos enviarán? –pregúntalle o meu mellor amigo ao peón 8.

–Non sei, mais esta batalla será cruel e teño medo...

–Tranquilo, conseguírmolo –di o peón 2.

–Pois... non sei eu, esta batalla será máis dura ca o taboleiro de madeira no que pelexaremos –aclara o peón 5.

De súpeto, atácanos os que sempre comezan. Unha torre ordénanos defendernos.

–Corre! Veñen dous peóns e un cabalo! –berra o peón 8.

Esta carreira foi a máis rápida da miña vida, pero non tivo mérito xa que o inimigo nos rodeou.

Pensei que ese momento sería o último e o máis triste da miña vida, porque íamos ser expulsados da partida, ata que o peón 8 me axudou a escapar.

Eliminamos os dous peóns brancos nun amén, mais, desgraciadamente, o cabalo expulsou dous dos nosos amigos. Nós escapamos por sorte!

Aos pouquiños, o meu amigo e mais eu eliminamos un alfil e varios peóns. Chegamos ao final do campo e, grazas a iso, convertémonos en raíñas, que é o que acontece neste xogo cando chegamos á meta.

Ao final, gañamos e marchamos deste reino en busca doutro taboleiro de xadrez, porque nos abandonaron e sobrevivimos de milagre.

Lamentablemente, isto é o que acontece coas batallas dos humanos: que os xefes nunca sacrifican a raíña por nós, OS PEÓNNS.

FINALISTA DESTACADA na categoría de PRIMARIA

MARÍA MOLDES ENTENZA

CEIP O Carballal, Marín

AMIGA INVISIBLE

Era un día caloroso do mes de agosto cando estaba paseando pola rúa cos meus pais e o meu irmán. Decidimos ir ao parque a xogar un pouco. Pasei o día alí, divertíndome co meu irmán Manuel mentres que os meus pais estaban sentados nun banco.

De súpeto, apareceu, coma todos os anos polo verán.

Seguía de cor escura, coma sempre, pero un pouco máis grande. É igualiña a min: a mesma melena, a mesma gordura...! Temos os mesmos gustos, facemos o mesmo: xogar na praia e no parque, facer ximnasia... Pero ela é un pouco tímida, ás veces sae e outras veces permanece escondida como fai sempre no inverno.

Non lle gusta falar porque non quere que ninguén a escoite, pero non te preocupes que xa o fago eu por ti. É unha boa amiga. A mellor que teño cando chegan as vacacións de fin de curso porque sempre xogamos xuntas ao que quero eu.

Hoxe estou moi contenta porque descubrín que o meu irmán tamén ten un amigo invisible coma min. É pequeno e delgado, e é moi divertido coma el. Pasamos o resto da tarde xogando os catro xuntos.

Cando chegou a noite, perdina de vista. Á mañá seguinte busqueina e busqueina, pero non a atopei por ningún lado. Entón fun ver o calendario. Mi madriña, xa era outono!!!!

Intentei despedirme dela, pero xa era demasiado tarde, xa marchara. Púxenme moi triste porque ela xa non estaba, pero deime conta de que a miña amiga non se fora para sempre senón ata o verán seguinte.

Ata pronto, sombra!!!!

FINALISTA DESTACADA na categoría de PRIMARIA

MARTA PAZOS CASTRO

CEP Sequele, Marín

PERDIDO

Todo empezou o día en que nacín... Nin sequera sabía quen era, nin de onde viña nin quen era miña nai ou quen fora que fixo que eu nacese.

Aparecín así, sen máis, nun tipo de pasadizo escuro e cadrado que tiña coma... buag! Mellor non o conto, porque cheiraba moi mal. Non sabía nin por que estaba alí nin como chegara. De súpeto, vinme furando naquel pasadizo ata que algo que non sabería definir me cegou os ollos. Cando por fin puider ver, alá fóra había uns seres xigantes que ían dun lado para outro. Nunca paraban quietos.

Metinme outra vez para dentro ata que volví cheirar aquel fedor que, estrañamente, me abría máis o apetito. Seguín camiñando e atopei outro becho moi parecido a min. Os dous falamos:

–Non sei por que estou aquí –dixo el.

–Eu estou perdido: pódeme axudar? –contestei eu.

–Hmmm! Coido que tes fame.

–Fa... fa... me...? Non sei que é, pero ten boa pinta –respondín sen saber moi ben de que falaba.

–Tes que tela para facer semellante túnel –afirmou aquel ser.

–Ah! Pois logo pode ser.

Seguía sen entender demasiado aquel estraño ser que era idéntico a min. Non parecía moi listo, pero eu tampouco llo debía parecer a el e, como non había ninguén máis naqueles túneles, decidín irme con el. Polo menos non estaría só.

Apenas comezamos a furar un novo túnel e uns demos brancos, pequenos e grandes, subían e baixaban esmagando os nosos túneles e case facendo o mesmo connosco. Ao mesmo tempo alguén berrou:

–Puag! Que noxo, está chea de vermes!

Estabamos fóra, ao descuberto, así que fomos o máis rápido que puidemos na procura do agocho doutra mazá!

FINALISTA DESTACADA na categoría de PRIMARIA

RAFAEL ROGER MOES GONZÁLEZ

CEIP Fontes-Baña, Baiona

AS AVENTURAS DE MIRIAM

Miriam é unha mociña de doce anos, de pelo loiro, ollos azuis e unha morea de inquedanzas no seu interior. Porque Miriam devece pola aventura. Este vicio meteullo seu pai no corpo: un profesor de bioloxía que sabía moito da natureza, porque se dedicaba a percorrer o mundo na procura de novas. Miriam sempre acompañaba o seu pai.

Destá volta estaban en plena xungla africana. Fixeran, coma sempre, unha pequena cabana para pasar uns días.

Aquela noite non podía durmir. Había exceso de claridade, pois a Lúa estaba chea. Pedíulle a seu pai que a acompañase a dar un paseo nocturno pola xungla, pero el díxolle que era bastante maior para ir soa. –Así iraste facendo máis valente –díxolle.

Saíu da cabana pouco convencida, pero, como tampouco podía durmir, mellor dar unha volta pola xungla que dar voltas no saco. Camiñou amodiño, tentando identificar os sons que ía descubrindo. Parecelle escoitar un ouveo.

–Non pode ser, aquí non hai lobos! –Colleu un caxato para camiñar máis segura e, de novo, escoitou un ouveo.

Foi seguindo o son ata chegar moi preto. Ela non lle tiña medo ao lobo e, ademais, levaba un pau. Grazas ao luar, puido distinguir unha sombra que se movía xa moi preto dela. Pero... non semellaba un lobo!

Quixo dar volta. A ela gústalle a aventura, pero o medo podía máis.

–Non teñas medo!! –escoitoulle dicir a aquela sombra. Quixo berrar, pero estaba paralizada polo medo e non conseguiu articular palabra.

A sombra aproximouse. E era un lobishome!! El colleuna da man e díxolle que sentase con el a ver a Lúa. –Non teñas medo –volveulle repetir.

Sentaron un a carón do outro: Miriam, impresionada; o lobishome, relaxado, e, coma se lle sacasen un peso do lombo, díxolle:

–Non sabía como dicircho. Agora xa o sabes, filla.

FINALISTA na categoría de PRIMARIA

HUGO ARAÚJO LÓPEZ

CEIP Emilia Pardo Bazán, Vigo

UNHA MORTE EVITABLE

Fixéronme o dezaioito de febreiro nunha fábrica cerca de Ribeira, A Coruña. Leváronme nun camión acompañada doutras coma min, dende Ribeira ata o porto de Vigo, Pontevedra.

Dende alí collín un barco rumbo a América, que partiu o dous de marzo ás vinte e dúas horas e cinco minutos.

Ao cabo de dez días, chegamos ás costas de Brasil; ao pouco, descargáronnos con furgonetas ata un supermercado chamado Hiper Garbosa. Alí esperei uns cantos días, ata que o vinte de marzo me colleron e comezaron a encherme de produtos de limpeza, iogures, carne picada e moitas outras cousas.

Pouco despois, cheguei a unha vella casa chea de po e comezaron a baleirarme.

A fiestra estaba preto e aberta, e eu non puíden evitar saír voando. Voei, voei e voei ata que de pronto me pousei suavemente no medio do mar; flotei durante moitos días e noites ata que á fin cheguei a unha praia. Pero durou pouco porque cando subiu a marea as ondas leváronme consigo.

Aos tres días comecei a afundirme; pouco despois quedei no fondo varada.

Ás tres semanas, uns golfinhos encontráronme e xogaron comigo ata que se cansaron e me deixaron nunha especie de arrecife de coral, cheo de peixes de cores.

Tamén vin un sapoconcho que se achegaba a min lentamente e seguiu achegándose, achegándose...; achegouse tanto que pensei que ía comerme. E así foi, o sapoconcho engulíume pensando que era unha medusa, pero non, eu son unha bolsa de plástico.

FINALISTA na categoría de PRIMARIA

LEIRE BERNÁRDEZ PRADO

CEIP Otero Pedrayo, Vigo

LEILA

Un horrible sentimento de medo percorreu o meu corpo. Case non me queda tempo, moitas e perigosas adversidades, catro días encerrada nun pequeno ovo zarandeado polo vento, dúas semanas reptando en busca de comida, oito días amarrada a un «veo» sen case respirar. O espazo remátase, a miña forza está a esgotarse e, de súpeto, un ruído aterrador, unha vibración cada vez maior, termina arroxándome ao chan.

–Axuda! Déixame!

–Moi boa a nova motoserra, David.

–Si, corta ben as árbores, pero mágoa das bolboretas e os paxaros...

–Onde me levan? Teño que saír!

Despois de dous perturbadores días, un milagroso raio de luz quenta o meu corpo e unha gran ledicia faime estremecer, medra o meu desexo de vivir.

«Veña, Leila. Ti podes», penso para min.

E, de súpeto, o meu corpo móvese. Quería mirar, e as miñas antenas creceron tanto que... o veo rompeu!

Estaba diferente, agora tiña ás, fermosas, negras e vermellas. Increíble!

–Podo voar! Quero voar!

Pero... onde estou? E as flores e as árbores?

Que frío! Teño que migrar agora!

Pero... E o camiño? Onde está voso rastro, amigos?

Axuda!

–Leila! Leila! Corre, sígueme!

–O meu paxaro colibrí..., canto me alegre de verte!

Colibrí e eu fixemos un longo camiño de catro mil quilómetros desde O Canadá ata os bosques de Oyameles en México, onde vivimos momentos increíbles, pero o mellor... o reencontro coas miles de bolboretas monarca, coma min. Unha fermosa imaxe que nunca esqueceréi.

Por fin!

FINALISTA na categoría de PRIMARIA

SIRA BOUZÓN BOUZÓN

CEP Santa Mariña, Redondela

TREBOADA NA NOITE

Ela era morena e fraca, con moita sede de sangue. Xa non sabía que facer. Non tiña onde ir. Non atopaba o que buscaba. Recorría lugares, sitios cheos, sitios baleiros e nada. Era incapaz de conseguir saciar a súa sede.

Ata que chegou o día en que xa non podía máis. Estaba decaída, non tiña forzas nin para moverse nin para xa case respirar, e chegou o que ela estaba esperando tanto. Non daba crédito. Xa non sabía se era unha visión, se estaba soñando ou era unha alucinación, debido ao estado tan débil que tiña. Entón acercouse como lle foi posible, arrastrándose, sacando forzas de onde non había.

Conseguiu trepar, agarrándose con forza ao cabelo daquel can peludo, ata que cravou os seus dentes na pel de Tobi, que pasaba por alí, xa que levaba tres días chovendo e non o sacaban a pasear.

Ao final, a nosa amiga Pulgui conseguiu saciar a súa sede e comezou o seu camiño cara a unha viaxe inesperada.

UN DOS MEUS SOÑOS

Esperto e non me podo mover, quero comer e non me podo mover, déitome e non me podo mover. Non obstante, algo en min se move. As miñas pequenas ferramentas móvense.

Todo o mundo mira para min, non o entendo! Ás seis e media, ás dúas en punto, ás sete e cuarto..., non me sacan ollo de enriba!

Nacín nunha fábrica. De súpeto, metéronme nunha caixa e leváronme a unha casa e acomodáronme. Supuxen que era a miña casa.

Un día notei un «frío estarrecedor» e xa nada en min se movía, nin as miñas ferramentas.

Un médico descubriu que me tiñan que operar. Operáronme con moita rapidez, pero non conseguí arranxarme.

Abandonáronme nun soto e alí pasei horas e horas..., días e días, meses e meses.

Ceguei a pensar que ninguén viría a sacarme de alí.

Pero, un día, a luz entrou pola porta, unha man suave colleume e algo colocou no meu lombo, e, cunha voz moi doce, díxome: –Xa podes cantar se queres.

Eu non daba creto, funcionaba, e con moitísima ilusión comecei a cantar a miña melodía preferida: tic, tac, tic, tac, tic, tac...

MURMURIOS

Chegou o momento. Recollo a miña habitación, fago a maleta e vou cara á porta co rostro serio. Era consciente de que ía facer a viaxe máis importante da miña vida, que ao adentrarme nesa aventura todo cambiaría e nada volvería ser igual. Penso en todos os familiares e amigos que deixaría alí, en todos os recordos que tiña con eles. Pero xa é demasiado tarde para volver atrás. Antes de saír, doume a volta e miro por última vez aquel lugar. E, cun leve suspiro, dou un portazo.

Xa é de noite e non vexo ninguén camiñando pola rúa. Unha suave brisa de vento golpéame na cara e noto un arrepío sorprendente que recobre todo o meu corpo. Detéñome durante cinco segundos e continuo camiñando. Teño que ir ata a miña moto para poder chegar ao aeroporto. Calculo que tardarei seis minutos en chegar. Trato de tranquilizarme e penso unicamente en todo o que pasará a partir dese momento. Soamente me faltan cen metros para chegar á moto. Dobro a esquina. De súpeto, todos os farois que tiña ao meu redor apagáronse, menos un, o que tiña en fronte. Debaixo del, apareceu unha vella de cabelo branco que posuía uns fermosos ollos verdes. Inmediatamente, achegouse a min e bisboume unha cousa ao oído. Logo, marchou e dobrou a esquina, coma min. Agora vivo nun lugar moi afastado de alí e nunca máis a volví ver nin aínda sei que me dixo. Pero o que si sei agora é que non podo pensar só coa cabeza, senón co corazón.

–Boas noites. –Carlos pecha o libro e apaga a luz. Pero non pode evitar que unha bágoa remate nas súas meixelas.

–Boas noites –di o seu pai, recollendo o seu diario e recordando a súa nai.

O GARDIÁN DO BOSQUE

María e Sofía eran dúas irmás que vivían en Pontevedra. María era a maior das irmás. Ás dúas gustáballes xogar. Un día, foron xogar ao bosque pola tarde despois de facer os deberes. Pasadas unhas horas, xa case era noite.

–Sofía, creo que deberíamos marchar para casa –díxolle María á súa irmá.

–Veña, non sexas aburrida! –contestoulle Sofi. Ela seguía brincando, tratando de que a súa irmá non a atrapase. Entón, Sofi tropezou cunha pedra e caeu nun burato profundo.

–Sofi!!!! –berrou María.

–María, por favor, axúdame!!!! –A nena estaba chorando desconsoladamente. Ata que, por arte de maxia, unha luz flotante cegou a María. Entón, nun estoupido, unha criatura misteriosa apareceu diante de María. Levaba posto un traxe verde, un gorro de elfo e tiña un bolso marrón.

–Axudareivos! –dixo a misteriosa personaxe. Sacou unha corda do seu bolsiño, meteuna polo burato e sacou a Sofi de alí. Cando a nena secou as bágoas, deuse a volta para agradecerlle á estraña criatura que a sacase do burato, pero así como aparecera, desaparecera. Cando volveron á casa, as nenas contáronlle o sucedido aos seus pais, pero non o crían. Pasaron as semanas, os meses, e as nenas non volveron ver a misteriosa personaxe.

Unha noite, as nenas seguían espertas moi tarde.

–María, ti cres que volveremos ver ese elfo? –preguntou Sofi, en voz baixiña.

–Non sei, Sofi. Apareceu cando estabas en perigo e axudoute –dixo María cun ton un chisco entristecido. Entón, de súpeto, as nenas volveron ver esa misteriosa luz no seu cuarto. Era el!

–Oooooohhhh!!! Es ti!! –dixo Sofi.

–Veño contestar a vosa pregunta. Eu son Merlín, o protector do bosque.

Entón, a criatura desapareceu. A pregunta das nenas xa estaba resolta. Tamén quedaron tranquilas, porque sabían que estaban protexidas.

O MEU IRMÁN

Cando nacín, vin o meu irmán: era igualiño a min. Sempre estivemos xuntiños nun expositor, ata que un día un home nos meteu nunha bolsa e nos levou.

Chegamos a un sitio estraño. Aquel misterioso home deixounos nun lugar escuro e frío con máis coma nós, pero, a diferenza do meu irmán e mais eu, estes non falaban.

Un día este home díxonos que era o noso dono e meteuse dentro de nós e levounos a pasear; debémolles gustar porque a partir dese día levounos moitas máis veces.

Nun destes paseos o meu irmán mancouse, e o home non se decatou, pero, ao chegar a casa, deuse conta e dixo que nos tiraría ao lixo. Eu escoiteino e asusteime porque eu ao meu irmán quería moito e, sen el, eu tampouco servía para nada. Así que decidín buscar solución: «había que arranxar o meu irmán».

Pensei... e ao día seguinte propúxenlle ir ao hospital dos zapatos, ao zapateiro. Fomos camiñando xa que estaba preto da nosa casa. Como el non podía, eu levábao ás costas. Outros zapatos ao verme escapaban dos pés dos seus donos para vir axudarnos. Co seu apoio chegamos ao zapateiro, máis ou menos dúas horas levoulle ao zapateiro arranxar o meu irmán. Cando saímos estaba coma novo. Volvemos á casa e a vida continuou...

VIOLÍN

Era a primeira vez que me deixaban soa na casa. A verdade, eu xa teño idade para quedar soa hai tempo, pero meus pais son deses que ven perigos por todas as partes. Razón tampouco lles falta, porque a casa onde vivimos é grande dabondo como para perdérmonos nela. Hai cuartos nos que aínda nunca entrei. Meus pais din que é mellor non andar neles, así non hai que limpar.

Era cousa miña ou soaba unha melodía? Igual era cousa do subconsciente. Eu cría que era moi afoutada, pero ao mellor no fondo era unha mexericas!! Imposible que soase música, porque estaba todo apagado. Contiven a respiración... Silencio total. E, de súpeto, outra vez a música... *Mimá!!* Eu xa empezaba a tremer. Meus pais aínda acababan de marchar e tiñan moitos recados que facer. Volvinme concentrar no silencio. Agora a melodía soaba máis nítida.

Camiñei por toda a casa tentando procurar de onde viña o son. Sabía que me estaba achegando porque cada vez o escoitaba con maior intensidade. Era unha peza de violín que se me facía moi coñecida. O son viña dun dos cuartos nos que nunca entrara, estaba claro!! Decidín entrar a pesar de que me parecía moi pouco probable que houbera algún trebello prendido nun cuarto que ninguén usa e que nin sequera se limpa!!

Armeime de valor e abrín a porta con decisión. Unha friaxe percorreume dos pés á cabeza. Alí había unha morea de fotos colgadas nas paredes que fitaban para min coma se me quixesen dicir algo. Xa non soaba o violín. Percorrín coa mirada cada unha daquelas estrañas persoas ata bater co retrato dos meus pais. Baixei a vista e, enriba dun aparador, estaba o retrato dunha nena de curta idade tocando o violín.

–Chamábase Lúa –dixo miña nai dende a porta.

MESOPOTAMIA

Era un día coma outro calquera. Ese sábado pola tarde fun visitar os meus avós e, cando cheguei, como estaba bo tempo, quedei a xogar no quinteiro, e alí o vin.

Foi entón cando lembrei que na escola...

Aquel luns, coma todos os luns, fun ao colexio contento porque ía ver os meus amigos e xogariamos preto da nosa palmeira. Na escola só tiñamos unha palmeira, pero gustábame moito porque lin, hai tempo, nalgún libro, que é autóctona de Mesopotamia e fascinábame que convivise harmonicamente coas outras árbores galegas. Baixo ás súas pólas viviamos moitas aventuras.

Pois ben, aquel día saímos ao recreo despois dunhas clases esgotadoras, achegámonos á nosa palmeira e alí descubrimos que dentro dela se escoitaba un suave e grimoso son.

Uns minutos máis tarde, Prudencio, o meu compañeiro en clase de inglés, traía na man un escaravello. Aquel simpático insecto alaranxado e estraño, para nós, sorprendeunos.

Pasamos todo o recreo buscando máis e non atopamos outro por ningures. Días máis tarde descubrimos que as follas, sempre fachendosas, da nosa palmeira, foran perdendo luz e cor, semellaban deprimidas. Non chegamos a entender que estaba a pasar.

E, agora, alí, no quinteiro do meus avós, uns homes estaban a cortar a dura codia da palma cunha motoserra. Quedei abraiado!

Perdera a miña árbore favorita da escola facía só dúas semanas, e as aventuras pasadas debaixo das súas pólas xa só eran lembranzas. E agora volvera o monstro da palmeira, aquel pequeno bicudo vermello que tiña uns fillos voraces que estaban a devorar a miña conexión con Mesopotamia.

XUNTOS PARA SEMPRE

Cando aínda o Sol está agochado tras as montañas, cada mañá mil e unha naves de cores debuxan fíos de prata, axítanme, remóvenme, e iso, a min, faime rir. Velos pasar a toda présa fai que sexa moi feliz.

Unha día dúas pequenas embarcacións alongadas e sen motor, diferentes ás de sempre, deslizáronse suavemente cunhas pequenas pas facéndome divertidas cóxegas. Podía escoitar uns alegres sons dos seres que as pilotaban. Dende aquel día visitáronme con moita frecuencia e xa case eramos vellos amigos.

Unha mañá de outono, como era habitual, as pequenas naves viñeron visitarme. Relucían máis que o propio Sol, deslizándose sobre a auga como delgadas vainas de sementes. Era un día anubrado e o Sol relucía por momentos.

Ían cara a unha ponte chamada Rande, pero estaban mortas de frío, así decidiron ir descansar a unha praia, logo volverían á aventura. A praia era preciosa e decidiron achegarse porque aínda daba o Sol. Era tarde pero pagaba a pena correr o risco. Falaban do medo que tiñan no corpo, ían amodiño, sen présa, con medo a caer. Xa cercado o seu destino, comezou a soprar unha brisa mariña, ao principio moi suave, pero cada vez que se ían achegando á area sopraba aínda máis. Chegou un momento en que non podían avanzar, intentando manter o equilibrio. Sen éxito, unha caeu enriba de min, choraba, eu sentía angustia; a outra intentou axudala, pero tamén caeu. As dúas choraban as mil bágoas, os barquiños afundíanse, elas intentaban subir á superficie con eles. Unha corrente arrastrounas cara ao fondo...

Elas e mais os seus barquiños seguen dentro de min... Eu, o mar, que intentei axudalas sen éxito. Agarímoas cada noite nos meus brazos.

A néboa en Rande.

O MORDOMO GABRIEL

Eu son Gabriel, o mordomo dunha familia moi rica na provincia de Lugo. Levo xa sete anos con eles. Coñecinos cando tiña pouco máis de dous anos.

Na familia son tres persoas: Carlos, Sonia e o seu fillo David. Carlos e Sonia traballan no mesmo negocio, son os xefes dunha empresa que vende moble-ría. David ten dez anos e vai en quinto de primaria. Eu son o encargado de coidar de David e das tarefas da casa.

Polas mañás levántome antes que ninguén e preparo o almorzo para todos. Cando rematan, deixo todo recollido e acompaño a David ao colexio.

Logo, vou á compra ao centro comercial e paso polo posto das verduras da señora Carmiña e pola carnicería do señor Manuel.

Ao chegar á casa, deixo a compra na cociña, porque me toca a tarefa máis complicada do día: recoller o cuarto de David. Ten todo patas arriba: os libros polo chan, a cama desfeita, a roupa sen dobrar... un completo desastre!

Despois preparo a comida para que cando cheguen teñan todo listo. Como a David sempre lle custa acabar a comida queda comigo na cociña mentres encho o lavalouzas e varro.

Polas tardes acompaño a David á clase de pintura. Ás veces cando o vou recoller regálame algún debuxo e polo camiño de volta á casa, mentres memento, cóntame o que fixo nas clases. Encántame ir camiñando pola rúa escoitando as historias de David, pero os días de chuvia non me gustan nada, o meu corpo non tolera a auga.

Despois de preparar a cea estou tan canso que necesito ir ao meu cuarto a recargar a batería, métome na miña caixa, encaixo os pés nas miñas «pantufas» e sinto como empezo a descansar. Así podo empezar un novo día coas pilas cargadas.

EU, TI, EL, ELA...

EU son un río caprichoso que baixa dende a máis alta montaña, discorre por entre as pedras, moldeándoas: son un artista da natureza.

TI es o mar, inmenso, profundo, que baña todas as costas da Terra. Ás veces es pacífico e outras enfurécete e deixas saír fortes treboadas.

EL é un lago, nunca quixo medrar máis, preferiu illarse das outras augas. A el gústalle estar tranquilo, quedo, entre a herba, vendo pasar a vida.

ELA é libre, voa sobre nós, gústalle viaxar, soñar, brincar... Hoxe está en Asia e mañá na selva africana. Ela é a chuvia.

Eu, ti, el, ela teñen unha mesma orixe, pero cada un elixe camiños diferentes.

Ao igual que o río, o mar, o lago e a chuvia, as persoas tamén temos unha orixe común, pero cada un vive a súa vida de diferente maneira, sempre respectando os demais, vivindo e deixando vivir en liberdade e harmonía. Por iso non importan as «irregularidades» que poida ter un cego, o xeito de camiñar dunha persoa coxa ou a cor da pel de alguén doutro país. A nosa orixe e o noso final é o mesmo, só cambia o percorrido, e é así, na tolerancia, no respecto e na diversidade, onde atoparemos o camiño para chegar á paz e á felicidade.

BROWN

Non hai quen se revolva neste lugar tan diminuto. Somos moitos. Algúns, os máis veteranos, levan anos metidos aquí, dentro deste noxento cortello. Xa estamos acostumados a ter que estar todos amoreados, batendo os nosos fociños cos demais compañeiros. Mover unha pata sen tropezar con alguén é un logro.

Cada noite que pasa para min é un inferno. Non hai luces e o medo invade o meu corpo. Recordo cando aínda tiña un colar ao pescozo, que puña «Brown». Daquela era feliz.

Mais agora abúrrome moito. O reloxo marca as dúas da mañá e xa ninguén pasa por diante do cortello.

E, de súpeto, o ceo échese de moitas cores aínda que non podo diferencialas ben porque as pólas duns carballos tapan a arte que debuxan os fogos de artificio.

Vai moita calor, típica das noites de xullo. A brisa do mar refresca, pero non consegue levar con ela o enxurro que teño enriba. Que mágoa! Eu quero estar atractivo para que algún cativo me elixa como premio. Estou cansado de estar colgado no mesmo estante tras o paso dos días, dos meses, dos anos... Ninguén se fixa en min! Parece que un cativo se acerca ao posto.

Despois de conseguir rebentar uns cantos globos, a señora déixalle elixir un premio.

–Artai, elixe un peluchiño. Veña, que o acabas de conseguir!

–Um... Eu quero ese canciño de manchas que ten pinta de querer un amigo.

UNHA NOVA VIDA

A miña nova vida empezou unha tarde asollada de primavera na que Sabela e a súa familia foron merendar ao campo, a un fermoso prado que había preto dun río.

A familia de Sabela vivía na cidade, onde levaban unha vida agonizante e sedentaria, sobre todo o seu pai, que traballaba moitas horas nunha oficina e, ao volver á casa, ceaba algo rápido no sofá e xa quedaba recostado nel. Alí adoitaba pasar tamén moitas fins de semana.

Como consecuencia dese ritmo de vida, o pai de Sabela sufriu un pequeno ataque ao corazón do que puido recuperarse, pero que provocou moitos cambios nos hábitos da familia: comida saudable, máis xogos e menos sofá, paseos e excursión, e nunha destas comezou a miña nova vida, por culpa de Laura, que non tiña moita fame aquela tarde.

Despois de correr, ri e xogar varias horas, a familia marchou e eu quedei alí soa, nun currucho do verde prado, vendo pasar a primavera, o verán, o outono e o frío inverno.

Un día viñeron ao prado unha moza cun home e dous nenos. A moza facíase me coñecida, pero non sabía de que, ao final decateime: era Sabela!, pero estaba moito maior. Alegreime moitísimo de vela sorrindo e xogando con aqueles preciosos nenos, que debían de ser os seus fillos. Sentaron baixo as miñas ramas para facer un pícnic. Lembrei aquela tarde de primavera, na que empezou a miña nova vida, cando Sabela tirou ao chan media mazá porque non tiña moita fame.

A MAXIA DAS MATES

Era loira, cos ollos verdes, uns beizos curvados que debuxaban un sorriso e ao lado un lunar negro.

Aquela mañá estaba sentada no seu pupitre medio coxo, ao carón de Xabier, trazando liñas sen sentido sobre unha folla que antes fora branca e estivera no seu caderno de matemáticas.

Coma sempre, estaba aburrída, cada minuto, un pouco máis: debuxaba as liñas coa man dereita, mentres que na esquerda tiña apoiada a cabeza. A mirada estaba coma baleira, pero con iris e pupilas.

Eu non podía facer nada para cambialo.

De súpeto, ocorréuseme unha boísima idea, desas que xa case non lle pasan pola cabeza a ninguén.

Collín unha folla e escribín nela, logo dobreina ben.

Coma se dunha mensaxe secreta se tratase, deixei na no seu pupitre sen que se decatase e, para que a sorpresa fose aínda maior, púxenme a falar con Xabier, mentres a miraba de esguello.

De seguido encontrou a folla, xirouna para ver se poñía o nome do remitente. Non encontrou nada, así que a desdoubrou paseniño, e os seus ollos examinaron aquela estraña operación matemática cunha certa expresión de sorpresa.

Logo, sorriu e pasou enfrascada as seguintes horas mentres corriamos outras cousas.

Ao día seguinte, xa no patio, noteina con máis ledicia... Na clase xa non lle importou que o seu pupitre estivese coxo, e, cando notaba que se empezaba a aburrir, levantábame do meu sitio, falaba con Xabier e con disimulo deixáballe un papel cun novo desafío matemático.

E pasaron os días, semanas e meses, ata que chegou o verán.

O último día do curso veu onda min e díxome: «Grazas», e eu preguntille como sabía que fora eu e contestoume: «Porque sempre ías falar con Xabier, e non é moito de falar contigo, profe».

ROSALÍA

–Onde estou? –dixo unha cousa agora mesmo sen identificar.
–Estás nun pequeno labirinto xunto a min –dixo un anónimo.
–E que fago aquí?
–Déixame explicarche. Ti eras unha pequena parte miña, pero aburrinme de terte e boteite para fóra.
–Pois sóame que non me querías...
–Non digas iso! Eu quérote moito. O que sucede é que xa tes 28 días e xa é hora de que fagas unha viaxe moi especial coma fixeron os teus irmáns.
–E cando comezo?
–Xa comezaches! Fóra deste lugar!
Marchei pensando quen era aquela cousa á que non lle agradaba. Camiñei amodiño, xa que non sabía que...
–Coidado por onde vas, meniño! –berrou unha bóliña coma min.
Marchou correndo e decidín ir detrás. Na metade do camiño atopeime cunha testa de cor azul.
–Quen es ti? –preguntei.
–Eu son unha célula coma ti, queres dar unha volta comigo?
–De acordo... Polo menos es agradable!
Mentres camiñabamos, de súpeto caemos nun burato e quedei durmida. Ao espertar, convertinme noutra cousa. Era moi grande e a miña cor non me gustaba. Escorreguei nun precipicio e quedei enganchada nunha parede. Pasaron días e facíame máis grande. Ademais, non vía o espermatozoide, ata que un día, indo cara a abaixo atopeime nun sitio moi raro onde coñecín o meu «pai» e a miña «nai». Chamáronme Rosalía, e esta é a miña historia.

MALDITO VIÑO

É xa ben entrado o mes de setembro, quizá na semana do san Miguel. Vai calor, pero polas noites xa empeza a refrescar. Estes días había moito balbordo na ribeira. Incluso se escoitan aturuxos e cantigas coma nos vellos tempos.

Aquí todos parecen estar tranquilos, pero eu non as teño todas comigo. Onte escoiteille dicir a un home que xa estamos a punto e que nunha mañá xa nos liquidan. A punto para que? Que é iso de que nos van liquidar?

Por máis que pregunto ninguén me sabe contestar. Todos me din que sempre ando a imaxinar cousas, que viva tranquilo. De novos está ben ser un pouco inconsciente, pero agora que xa son maduro bótome a pensar.

Aí están! Veñen armados e parecen moi ledos. Empezaron xa cos do fondo do lugar. Eu non creo que nos libremos ninguén disto. Xa se escoitan os primeiros berros. Cada vez máis. Cada vez máis preto de min. Que vou facer?

Unha garra enorme atrapoume e meteume nunha caixa xigante, amoreado cos demais. Todos temos medo, berramos, algúns xa choran. Onde nos levan agora? Ímonos movendo lentamente. Por fin, parece que chegamos. Aiiiiiii!! Aí non, aí si que non!! Escóitanse moitos berros. Isto pinta mal. Teño que facer algo!!

Cando xa ía caer naquela máquina trituradora, conseguín soltarme do acio, dei un chimp e velaquí estou, enteiriño, agochado debaixo da cuba!! Prefiro ser unha pasa que acabar licuado. Aínda que tamén podó acabar sendo un vago podre! Non sei, non quero pensar.

OS MELLORES AMIGOS

Cando me compraron, puxéronme na lámpada máis bonita que vin (é a única que vin na miña vida). Era preciosa, estaba moi ben colocada onde alumeaba toda a habitación, pero sen bombilla. Colocáronme no sitio da bombilla, estiven alumeando a habitación. Ao principio dábame vergoña preguntarlle como se chamaba a lámpada, pero cando pasaron máis ou menos dúas semanas fun valente e pregunteille.

–Como te chamas?

–Laura.

–Eu chámome Martín.

–Que nome máis bonito!

–Moitísimas grazas –dixen eu.

Moitos días divertiámonos xogando ás escondidas, á pilla... Era aburrido porque non nos podíamos mover porque somos seres inertes, pero díxome os segredos das lámpadas. Un era que sempre levaba un paquete de cartas da baralla, e xa non nos aburriamos tanto como antes. Moitas veces, como non sabía xogar ás cartas, gañábame ela, despois xa non tanto.

Outro segredo das lámpadas era nacer sabendo todo o que ían saber no resto das súas vidas. Seguiu contándome segredos das lámpadas todo o día. A min parecíanme moi interesantes, eu escoitaba moito pero non falaba nada. Pasados os anos, funme gastando ata que me fundín de todo. Acabáronme quitando, tiráronme ao lixo. No lixo fixen miles de amigos. Ao cabo dos anos as lámpadas empezaron a usar luces LED, cando me din conta diso, din un salto da alegría, pero pensei: «E se non me recoñece? E se se esqueceu de min?». Os meus amigos dixéronme: «Tranquilo, Martín, vaise acordar de ti». Cando a tiraron ao lixo fun onda ela e pregunteille se me recoñecía. Ela díxome: «Pois claro que si, Martín. Como non te vou recoñecer se es o meu mellor amigo de toda a vida?».

E esta foi a vida dunha bombilla.

O TRASNO DOS CAÑOTOS

Ola! Eu son Felipe, pero todos me coñecen como O Trasnó dos Cañotos.

Vivo nesta fraga hai pouco tempo. Onte mesmo eu era feliz nun monte cheo de carballos, ríos e musgo cando pola mañá espertei cun estraño ruído de máquinas e tractores que empezaron a arrasar todas as árbores. Indignado, saín do meu cañoto e berreilles moi forte. Aquela xente quedou abraiada comigo, pero non dixeron nada. Nada diso! Só quedaron cunha cara que non parecía deste mundo, non entenderon o meu enfado, e, cando vin que pretendían seguir con aquel traballo..., enchinme de rabia e papei as motoserras e mais as rodas dos tractores!

Nunca viran tal cousa! E, aínda que primeiro intentaron darme unhas labazadas, por esta vez puideron fuxir a tempo da fraga; pero, ao mesmo tempo, vin como empezaban a chegar máis e máis máquinas, e a cousa íaseme das mans. Entón tiven que recorrer a todos os meus amigos e veciños da fraga onde vivía (éranche ben poucos) para a miña saborosa vinganza.

En canto os chamei, deseguida acudiron, seica eles tamén estaban moi indignados polo descaro daquelas persoas; e trazamos un plan.

Decidimos que hoxe mesmo deixariamos que actuasen ata que se meta o Sol e, cando marchen, seguiremolos ata as súas casas. E, alí, esta noite mentres dormen empezaremos a rillarles nos ladrillos.

Ollo por ollo, dente por dente.

A FÁBRICA DE NUBES

Chámome Mateo e teño cinco anos. Sempre me preguntei de onde viñan as nubes. Miña profesora non o sabe e meu pai tampouco.

Hoxe imos de paseo a Pontevedra. Eu sempre me durmo nas viaxes, inda que sexan tan curtas coma esta, pero hoxe paréceme que non vou durmir. Xa no coche, intento non durmir, abrocho o cinto e rumbo que te vai.

Era a paisaxe máis guai que nunca vira. Pasara moitas veces por alí e nunca ata daquela me fixara na súa beleza. Aos poucos, pasamos por un lugar que me deixou sen palabras, era unha fábrica de nubes chamada EENCE, pregunteille a miña nai que significaba, e ela dixo que «Empresa Española de Nimbos, Cirros e Estratos». Era espectacular, como molaba.

Algúns nubes escapábase polas chemineas, pois a fábrica tiña escapes; porque as nubes son difíciles de controlar. Abraiado polo que vía, pregunteille a miña nai por como levaban as nubes dun país a outro. Miña nai respondeume que unha máquina de aire as expulsaba a quilómetros e logo por canalizacións chegaban ao país que as quería.

Todo o día non fixen outra que pensar na fábrica e coidei que tiña que comprar unha nube. Tanto insistín que a miña nai non lle quedou outra que comprala. Eu, coma Son Goku, quería voar nela como fai el na súa Nube Kinto. Pero non funcionaba (cousas de non ter un corazón puro, creo).

Así que me puxen a pensar que podería facer coa miña nube. Pensei e pensei, e cheguei á conclusión de que podería regalarlla ao meu curmán Fernando, que vive nun país onde apenas hai auga; así cando chova a nube, poderá ter auga para beber. Namentres, eu compreí outra nube e como nas viaxes me gusta durmir, úsoa como colchón.

A MIÑA HISTORIA

Ola, eu chámome Roberto Vila Fonte e vinvos contar o meu pasado:

Dende que eu era pequeno, recordo que vivía coa miña familia e con algúns amigos. Viviamos nun bosque afastado doutras persoas. Só podiamos ver unha casa na que habitaban Brais e Elaia, uns xemelgos moi divertidos e amables.

Eu pasaba todo o día observando eses dous rapaces, gustábanme pola sinxela razón de que sempre xogaban ás agachadas (sempre viñan onda min para esconderse) e tamén facían deporte como a ximnasia rítmica, un deporte que a min me atraía. Miraba como xogaban, estudaban, ata observaba como lían... Iso encantábame, pero..., ás veces, púñame triste.

A medida que empezaban a crecer xa non os vía. Ocorreu porque empezou a era tecnolóxica, así que empezaron a utilizar móbiles. Pensaba que iso era o peor de todo, pero a cousa seguiu empeorando ata que chegou unha idade en que Elaia xa non me visitaba. Pero, non obstante, Brais viña todos os días a xunta de nós, iso emocionábame; pola contra, ao non ver a súa irmá rompíame o corazón.

Ata que unha semana Brais non me visitou. Iso púñame dos nervios, pero eu non podía ir buscalo. Era imposible! Empecei a oír unhas voces, emocioime moito e, cando observei cara a un lado e o outro, non puiden adiviñar de onde procedía esas palabras.

Os meus veciños empezaron a morrer. Pensei e pensei, pero o único que era capaz de imaxinar era que ía falecer sen podelos ver outra vez. A morte achegábase lentamente, pero, cando o meu final estaba cerca, apareceron Elaia e Brais e conseguiron salvarme daquel trágico final. Despois do ocorrido, nunca máis se separaron de min.

Esta foi a marabillosa fin da historia dunha árbore.

AMIZADE

Lembro cando tiña seis anos e comecei os estudos na educación primaria. Sentíame orgullosa de estar no colexio de «maiores». Atrás quedaban o xardín de infancia e a educación infantil, e presentábase ante min unha nova andadura chea de sorpresas e novos retos.

Alí, dende primeiro curso, vía pasar os «maiores», os alumnos de sexto, e o meu mundo semellaba diminuto, ollando o lonxe que quedaba chegar ata alí, coma se fose inalcanzable, imposible de chegar a el, coma se tivese que pasar unha medida de tempo inexistente para ser os «maiores» do colexio.

E entón sucedeu, case sen darme conta: un día calquera, e coma se o tempo se burlase de min, xa pertencía a ese ansiado grupo dos «maiores».

E, nese preciso instante, comezo a botar de menos o meu colexio, desexo volver atrás, poder saborear outra vez cada instante, cada risa, cada xogo. Teño saudade de cada paso que avancei da man dos meus mestres, recordo os recreos cos meus amigos, eses que medraron canda min e que xa forman parte do meu corazón.

Volve o arrecendo ao pasar as follas daqueles primeiros libros novos, e os meus recordos vólvense saudade de todos os anos da primaria, onde tanto aprendín.

Pero o máis importante é que todo foi compartido, nunca estiven soa. Verdadeiras amizades que medraron no día a día, que se foron amasando paseniño en todos os «bos días» que dixemos, nas miradas cómplices, nos enfados que tivemos e nos abrazos que demos. En toda man amiga que tendemos, sen esperar nada a cambio, diferentes todos pero cun mesmo latexo.

A morriña aparece, e o que máis pesa na «maleta de aprendizaxe» é a amizade que foi medrando dende os inicios e se vai enraizando na miña alma como o maior dos agasallos.

CON ELA AO FIN DO MUNDO

Ela sempre me fai compañía. Viste de azul moi clariño. Gústalle moito o número 52 e dánselle xenial as matemáticas, de feito, é superrápida calculando. Axúdame sempre coas tarefas, especialmente, cando son de matemáticas.

Todos os días acompañame ao colexio, de feito, está na miña mesma clase. Encántalle xogar aos números tolos, aos números encadeados, facer sudokus etc.

Gústalle fozar na miña mochila, especialmente cando vai choiva, frío ou neve, aínda que tamén lle gusta cando vai bo tempo. Pero o que lle gusta de verdade é descansar, gústalle moitísimo. Se vos digo que descansa máis de 17 horas ao día non o ides crer! Está convertida nunha durmiñona, xa que dorme dende as 18.00 ata as 9.00, moito máis ca min. Nin eu durmiría tanto!

Non se fai nunca dano grazas a min, xa que a protexo, códoa moi ben, ou iso creo. Está contenta comigo, seino, posto que aínda que se exprese mediante chíos, eu enténdoa á perfección.

Os meus amigos e as miñas amigas din que é fermosa e non se equivocan. A miña nai e mais o meu pai fixeron ben en presentarme a AMP (Axudante de Matemáticas Perfecta). Todos estamos moi a gusto con ela, incluso os da televisión, xa que non paran de sacalas na publicidade usando o seu apelido: «Mican».

Esquecíame! O seu nome é AMP Mican Stable e non hai unha calculadora tan fiable como ela no mundo enteiro!

A COR DA TÚA IMAXINACIÓN

Ola. Preséntome: eu son branca. Vaia... , minto, mal empezamos. Amarela, vermella, azul, rosa, verde... podo ser de todas as cores; a verdade, utilízanme máis dunha cor que doutra, pero tamén depende de para que me empreguen. No meu mundo non che somos nada racistas, é estupendo, somos de todas as cores, e se algún non tes, mellor aínda, toca mesturarse.

Os meus maiores inimigos son as persoas. Pártenme á metade e ás veces afíanme; iso dáme bastante alerxia, ese ruidiño a carón de min cerca da papeleira. O peor de todo é que cada vez me fago máis pequena; a min, non me vale esa escusa de irme pronto a durmir para medrar.

Despois de presentarme, seguro que xa me coñeces... Aínda que non debo ser tan negativa, porque... quedo moi contenta e orgullosa...: os nenos e as nenas divírtense cando me utilizan.

Atopar o xeito de medrar polas noites é o meu obxectivo; terei que investigar, iso sería estupendo. A miña vida sería máis longa, e os nenos e nenas desfrutarían moito máis tempo.

Pero, a verdade, teño que recoñecer que hai moitas cousas fermosas que duran moi pouco.

Síntome moi importante, e sabedes por que?

Aínda non o adiviñaches... Póñolle cor á túa imaxinación.

Así son eu.

ATRAPADO

Espertei nun lugar raro que estaba húmido, escuro e frío. Non sabía que facía alí, nin o meu nome, algo tería que ver coa dor que sentía na cabeza.

O lugar era moi grande e na parte de abaixo había como unhas tiras verdes, e algunhas marrón clariño; toqueinas cun dedo e metino un pouco na boca. Sabía salgado, o mesmo salgado que notaba cando ía en verán á praia.

Semellaba que aquel túnel se movía con vida propia, ou polo menos iso me pareceu a min. Todo o chan daquela especie de cova tiña unha boa capa de auga, de tal xeito que chapuzaba ao andar. De cando en vez, escoitaba ao lonxe os sons de sereas dos barcos e, tamén de cando en vez, un ruído máis grave que, cando soaba, todo o lugar experimentaba un pequeno terremoto que me obrigaba a suxeitarme ao que tiña a man.

Tiña fame e non sabía que comer, así que empecei a comer o que atopaba, pero todo sabía mal. Era mellor que non comese nada que non soubese que era, para non enfermarse. Na procura de comida encontrei un monco de madeira pequeno co nariz extremadamente longo e tireino.

O chan, ademais de mollado, era brando, e púxenme a saltar a ver se pasaba algo. Descubrí que cada vez que saltaba se escoitaban os mesmos sons que algunhas veces facía aquel lugar cando retumbaba. Eran uns sons que parecían de dor.

Decateime de que un pouco máis adiante había un burato do tamaño da miña cabeza que collía a auga que había dentro e a expulsaba con forza cara ao exterior, a ese exterior que descoñecía.

Coido que xa sei onde estou. Empezo a lembrar cousas e entre elas o meu nome: «Xonás».

CON CONTOS DUN LADO PARA OUTRO

Trouxéronme á casa cando Alicia empezou primaria. A noite antes do primeiro día de escola, Alicia tiña tanto medo que non durmiu en toda a noite. Ao chegar á clase decateime de que os rapaces eran moito máis grandes ca ela.

En cambio agora xa vai en quinto e é unha rapaza alta e fraca. Xa non leva pequenos contos con pequenas historias, senón libros de texto e cadernos con exercicios. Eu xa me ensucio e estrago máis que cando era nova e estou chea de remendos, pero Alicia colleume cariño. Xa é maior, e os seus cadernos son máis grandes e eu cada día estou máis cansa. Dentro de pouco fartarase de min.

E tiña razón. Semanas despois, acabei tirada detrás do moble da habitación de Alicia e unha mochila grande e nova ocupa o meu lugar. Agora podo dicir que a miña amizade con Alicia rematou. E eu que pensaba que ía ser sempre unha mochila feliz con contos dun lado para outro... Pero as cousas non foron así.

Moitos anos máis tarde...

A luz do cuarto préndese de novo. Será, como sempre, a nai de Alicia que vai limpar o po e mirar os cadros de cando Alicia era unha rapaciña.

Pois non, non era a nai de Alicia, senón Alicia cunha nena pequena. Alicia buscou e buscou ata que me atopou. Colleume e díxolle á nena que eu fora a súa primeira mochila.

A nena colleume e deume unha aperta, e resultou que Alicia era a súa nai! E recordei cando Alicia empezara primeiro.

A MIÑA CURTA E BONITA VIDA

Ola. Eu chámome María. Aínda que non o creades, por aquí non é un nome moi común. Cada día viña onda min unha nena chamada Paula que me dicía que quería ser coma min. Eu non entendía por que. Ela era unha nena leda e feliz que xogaba a correr arredor de min, e eu sempre estaba no mesmo sitio. Un día cando Paula veu onda min, uns nenos metéronse con ela. Eu quería axudala pero non podía, nin sequera podía falar. Despois de que os pais de Paula soubesen o que pasara, decidiron mudarse a outra cidade moi lonxe de aquí.

Pasaban os días e eu seguía vendo aqueles nenos que lle fixeron dano a Paula. Eles seguían facendo dano á xente. Quería facer algo pero non podía. Sentíame moi mal polas persoas que o estaban pasando mal. Se puidese pedir un desexo, sería que os nenos e nenas que están facendo dano a xente paguen por iso. Tamén pediría que Paula volvese estar comigo, ao meu lado.

Un día cando xa pasara moito tempo, aqueles nenos viñeron onda min e dixéronme:

–Ímoste cortar custe o que custe.

Os nenos intentáronme cortar e ao final conseguírono.

E así foi como acabei sendo un tronco para árbores de Nadal sen tronco.

ATA QUE QUEDEI SEN CHOCOLATE

O día do meu setenta aniversario volví ao meu barrio despois dunha ausencia de cincuenta anos. Concedímo como agasallo. Quería saborear devagar os meus recordos. Amodiño, recorrín a estreita beirarrúa que leva ao meu colexio e volví ver os meus compañeiros, a mirada precavida dos veciños cravada nas miñas costas, as pistas debuxadas no asfalto onde facíamos rodar os trompos no camiño, os cochiños recheos de masa, a pelota de goma, as bólas, os cromos... Mentalmente, no meu paseo, recordei de forma furtiva algúns dos agora inexistentes portais onde roubei (ou me roubaron) os primeiros bicos, imaxinei a pegada do meu corazón e a frecha con que xurei o meu primeiro amor eterno. Acariciei a madeira dun vello banco, arrastrei a miña man polas paredes lisas, como facía sempre que recorría o traxecto, e perdinme, sen sabelo, como unha alma libre cargada de soños e esperanzas, no frondoso e tupido arboredo do paseo onde por primeira vez dixen un tímido «Quérote». Aquel día, ata que quedei sen chocolate, volví ser o tímido loiriño que sempre andaba coa boca sucia. Pero ao final volveuse unha boa persoa sen a boca sucia e sen ser tan tímido. Pero tamén volveu ver os seus amigos.

MATEO

Cando nacín rompéronme os brazos e metéronme nunha caixa. Pasado un tempo adoptáronme e leváronme a unha casa que non coñecía. Alí recompuxéronme e déronme uns caramelos. Tamén me colocaron cintas de diferentes cores por todo o meu corpo. Sentíame moi raro.

Unha noite vin que un home estraño se acercaba a min. Levaba unha vestimenta un tanto rechamante e, despois de deixar uns paquetes ao meu carón, marchou a fume de carozo. Eu tiña intriga de saber que había neles, pero quedei coas ganas, ata que, ao amencer, uns nenos chamados Roi e Selena e os seus pais desvelaron o contido daquelas caixas tan ben envoltas. Para ser sincero sentín mágoa de non ter eu tamén un regalo. Non obstante, Selena percatouse de que un deles tiña unha tarxeta co nome de «Mateo» e pensou que se trataba dunha equivocación, xa que ela non coñecía ninguén que respondese a ese nome; así que decidiu deixalo onde estaba. Cando marcharon, de repente, comecei a mover os brazos e conseguín abrir o regalo que ficaba no chan. Tratábase dunha fermosa estrela que alumeaba toda a estancia. Sen perder tempo coloqeina na miña cabeza. Era tanta a luz que daba que a familia regresou para ver que estaba a acontecer no salón da casa. Cando se acercaron e viron a caixa aberta e a tarxeta co meu nome tirada no chan, comprenderon que eu era Mateo, curioso nome para unha árbore de Nadal, non credes?

POR QUE?

Esta son eu, chegando ao final dos meus días, unha muller calquera, das moitas que hai no mundo, que está preto de alcanzar a resposta a... Por que?

Alí estaba eu no portal da miña casa preguntándome... Por que? Meu marido tiña que partir por traballo cara a outro país, tocaba separarnos cando comezabamos unha vida chea de ilusión. Eran malos tempos, eu non sabía se volvería ou se nunca máis volvería velo.

Pasaron os anos e eu seguía preguntando... Por que? Por que el e non outro... Por que?

Os anos seguían pasando e eu non sabía nada del, do meu marido; seguín a vida soa sen ninguén que estivese ao meu lado, sen ninguén que me axudase nos momentos difíciles e sen ninguén para compartir os momentos alegres, pero esperanzada de volver velo.

Un día chamáronme por teléfono: «O teu marido está morto», dixéronme. Eu estaba desfeita. Non me dixeron como foi nin... por que? Pero, certamente, eu non podía facer nada. Nunca souben máis del. Así é a vida, sen respostas, con moitas preguntas... Con tempos peores e tempos mellores, foi pasando a miña vida.

Xa era velliña, estaba soa e triste, non tiña ninguén ao meu carón. Un día cando xa era moi maior volvinme preguntar o mesmo de moitos anos atrás... Por que?

Entón pensei: «Dentro de pouco volverémonos xuntar e poderás dar resposta ao meu... Por que?».

E así, sen pensalo máis, un sorriso instalouse na miña faciana; as repostas están preto, e a nosa xuntanza tamén.

O CORVO

Nunha illa, un personaxe misterioso accede á vila, entra polas chemineas das casas e recolle alimentos e auga.

Pola mañá todos os habitantes da vila decatáronse de que pasaba algo estraño, había un fume negro que cubría todo excepto o castelo.

Todos corren ao castelo a cubrirse da tormenta, mentres a silueta escura volve roubar nas casas, pero só unha cousa. No seu lugar deixa un papel que pon «ESTE É O FINAL». Volve ao castelo e funde todos os obxectos nun cristal púrpura que expulsa unha onda expansiva...

Os espellos comezan a escachar, trece corvos sobrevoan o castelo, os gatos que estaban na tormenta vólvense negros...

A tormenta cesa, os habitantes volven ás casas e atópanse coa nota. Todos quedan na casa, temerosos. Escóitase o cantar dos corvos nunha fría noite, as nubes tapan o ceo, o único que se pode ver é a Lúa, que alumea os morcegos.

Ao darse conta de que non hai auga nin comida, saen.

Cando chegan ás leiras, o gando non está, e as colleitas podreceron. O único que quedaba eran as cabazas, pero ninguén as quería. Desprezadas, comezaron a escurecerse, crearon caras propias, ilumináronse e comezaron a facer sons terroríficos.

A silueta vólvese ver. Os trece corvos levántana e saen voando: «Todos vós, pobo desta illa, tiñades que coidar este castelo e non pensar que está abandonado. Alí viven paxaros, gatos, arañas e eu, o Corvo».

Comezou a tronar moito máis, o Corvo empezou a esvaecerse, coma un espectro. A tormenta tornouse violácea pola súa enerxía e destruíu todo ao redor. Tan só sobreviviu un dos corvos, que seguiu a grallar toda a eternidade. Aínda se segue dicindo que o espectro vaga pola illa tentando buscar alimento para o seu corvo.

UN SENTIMENTO

Moitas aldeas hai por Galicia, pero a miña é moi particular. Trátase dun lugar con apenas 40 veciños entre ríos e outeiros, carballeiras centenarias e diminutos prados, onde hai moitos camiños de pedra e numerosos muíños.

Un pobo unido cheo de tradicións e costumes.

Son un neno do rural galego, namorado da miña vida.

Na miña aldea, celébrase na primeira fin de semana do mes de xullo a Rapa das Bestas.

Cando era ben pequeno, a miña nai levábame ao curro, vía aloitar o meu pai, o meu tío... con aquelas bestas que me parecían moi grandes e fortes, e cando apenas era un rapaz meu pai deume unha vara de moca que con agarimo gardei ata o día da baixa.

E, sen contar, un día meu pai díxome: mañá vas vir a Montouto, a baixar as bestas. Levo a moca á miña habitación e póñoa aos pés da cama; ela debeu durmir, pero eu nada, sentía un ruxerruxe que non paraba, o sangue viaxaba moito máis rápido polo meu corpo.

Miña nai fixo que tomase unha boa cunca de leite. Díciame: tes que comer, o día é moi longo no monte.

Collo a moca, poño unha gorra; xa estou preparado para a miña aventura máis esperada. Os ollos fánseme grandes para ver as primeiras bestas. Ilimos amodiño, sen facer ruído, escollendo os mellores camiños entre os toxos. Meu pai dime que, se veñen as bestas, levante a moca ao aire e berre «Gho, gho, gho!». De repente, as bestas botan a correr e meu pai bérrame: «Corre, corre...». Mirei as bestas, elas ampeaban, eu tamén; sentín que xa non era o mesmo, a paixón polas bestas e pola natureza fíxome medrar.

Porque hai algo moi fondo que está no meu ADN. Un sentimento, unha maneira de ser.

A CASA METÁLICA

Vivo nunha casa metálica cun estraño suxeito que quere matarme e corro a agocharme onde non me poida ver. O meu traballo e reescribir códigos alleos para utilizalos na empresa que teño... E sempre sempre procurando librar-me dese que alcuman «O Protector» e que habita a miña casa.

É unha vida abafante. Ás veces escoito disparos, outras todo se volve cadrado e outras, algo se move e aparece unha persoa falando inglés. Ás veces a miña casa ponse azul cando intento traballar en paz reescribindo códigos. Non podo vivir así, sempre hai ruídos e polas noites vivo na máis negra das sombras.

Tempo despois, a luz na miña casa préndese e apágase, e logo comeza a estar normal outra vez e volve a escuridade... Así sucesivamente, sen explicación lóxica.

Un día estaba camiñando e, de súpeto, algo coma unha ventá caeume enriba e case me esmaga. De súpeto, desapareceu; e eu corrín afastándome daquela habitación. Ao correr, aquel suxeito que chaman «O Protector» escoitou os meus pasos e veu cara a min con moi malas intencións. Tiven sorte de que a luz se apagase outra vez. «O Protector» non me viu e pasou de min.

Axiña sentín un terremoto e volveu a luz. Movínme dun lado para outro sen parar ata que todo volveu á normalidade. Desta vez non se escoitaron disparos nin que nada fose cadrado, senón que nunha parede apareceu un cadro que poñía:

«FORMAT».

De súpeto escoitei unha voz entre leda e irónica que dicía:

–Adeus, pequeno troiano!!

«Todo está borrándose. Só quedo eu. Sinto como o meu corpo se desfai. Desaparezoouoooo!!!!!!»

LIBRO SEN PALABRAS

Había unha vez unha biblioteca na que había un montón de libros, a maioría deles de aventuras, misterio e cómics. Unha tarde, o avó de Agustín levouno a buscar un conto, para que polas noites puidese ler antes de durmir. Agustín escolleu o máis gordo e máis grande. Cando chegaron á casa, o neto pediulle o libro ao avó e, cando abriu o libro, decatouse de que non tiña nada dentro. O neno queixouse ao seu avó dicíndolle que aquel libro non tiña palabras. O seu avó, sorprendido, foi á biblioteca e queixouse á súa vez ao encargado de que o libro estaba baldeiro.

O encargado explicoulle que era máxico, que simplemente tiña que ir contando unha historia e as palabras aparecerían maxicamente. A Agustín, cando o avó contou o que lle dixeran, pareceulle xenial e superdivertido. No primeiro capítulo, díxolle ao seu avó que quería ser astronauta e axiña apareceron escritas as primeiras palabras que pronunciou Agustín, que estaba abraiado.

Todas as noites durante media hora, Agustín contáballe ao seu avó unha historia diferente e os dous pasaban un anaco moi divertido vendo como o libro a escribía. Agustín no único que pensaba era en que chegase a noite para coller o seu libro máxico e contar unha historia nova.

Chegou o día de devolver o libro á biblioteca, e Agustín non quería desprenderse del. Con aquel libro e o seu avó, o neno aprendera a visitar mundos fantásticos e a soñar e imaxinar. Ao chegar á biblioteca, o seu avó explicoulle ao encargado que o seu neto non quería desprenderse daquel libro. Ao velo tan triste, o encargado regaloulle o libro, que o acompañou o resto da súa vida. Agustín, co tempo, sería un dos maiores escritores de Galicia.

SÓ LETRAS E RAIAS

Veño da China, pero de alí só recordo caixas e máis caixas, posto que eu nacín nunha fría e escura caixa. Un día, metéronme nun barco e leváronme ao voso planeta chamado España. Foi unha viaxe horrible, chea de ventos e de choivas; aínda me noto mareado!

Cando cheguei a España, leváronme a moitas tendas, pero en todas me recibían con mala cara e repetían a palabra «defectuoso» ou «Non!, é defectuoso», sempre a palabra «defectuoso».

Ata que un día, a filla dun comerciante comproume por unha miseria de diñeiro. Estiven algún tempo gardado nun caixón que cheiraba a incenso e a cinzas.

Logo a nena levoume a unha mesa e..., para a miña indignación, púxome outra tatuaxe, co que doe! Non lle valía a miña tatuaxe natural, pois toma tatuaxe! Pero resigneime.

Pouco despois, levoume a un sitio cheo de nenos berróns, maleducados e cheos de grans, chamado escola; alí, a non sei que hora da mañá, a nena collíame polos pelos e veña raiado, veña berróns e tachas, e veña tatuaxe, veña corazónciño, e veña «Gústame Tom» ou «I Love You», veña goma e máis goma... Pero o peor era a ra con roupa de humana, que collía un «boli» cargado de sangue e pum! Un «0 puntos» ou 10 de 10.

Agora eu xa son moi velliño e estou cheo de berranchos, como a vida de calquera caderno.

SEREI MUDA PERO NON ESQUECIDA

Hai anos as letras H e C soaban igual.

C sempre foi egoísta. Quería ser única e especial como as demais letras. Un día ocorrúselles quitarlle a voz ao H e así tería ela soa o seu son. Desde que o H quedou mudo, as persoas comezaron a esquecerlo. Entón, todas as cousas que comezaban por H esquecíanse. Así, Hawai foi destruída por volcáns. O Himalaia derreteuse enteiro. Xa non se cantaban os himnos dos estados. Os familiares de Hugo –Hortensia, Héctor e Helena–, volvéronse invisibles.

Un neno foi a un restaurante a xantar coa súa familia. O rapaz pediulle unha hamburguesa ao camareiro, e contestoulle: «Mira, neno, aquí non coñecemos esa cousa pero temos pratos máis ricos para escoller». Entón, ao rapaz esvaroulle unha bágoa pola meixela.

Ao día seguinte, contoulles aos seus amigos a traxedia do día anterior. E eles contáronlle tamén sucesos parecidos. Todos os presentes alí acordaron en pegar carteis por toda a cidade para que volvесе o H.

Cando os cidadáns viron os carteis lembráronse de todas as cousas que comezaban pola letra H. O alcalde mandouna buscar por toda a cidade. Unhas horas despois unha rapaciña atopouna dando berros de aviso a todos os veciños.

Todos lle preguntaban que lle sucedera. Pero a letra non falaba. Decatáronse de que estaba muda.

Casualmente pasou por alí a letra C, e o H sinalouna co dedo. Todo o mundo entendeu quen era o culpable.

Os veciños esixíronlle que lle devolvese a voz a H. Pero C explicou que era imposible.

O alcalde tivo unha idea: sería muda, pero ocuparía o mesmo lugar de sempre. E o C recibiría o castigo de compartir o son do Z.

Así H quedaría mudo pero non esquecido.

A NOSA VIAXE

Era un día de inverno coma outro calquera ata que meus pais me dixeron que iamos de viaxe. Estaba acostumada a ir de viaxe cando chegaba o inverno, eran coma unhas vacacións máis longas do normal. Collín todas as cousas e avisei o meu irmán.

Mentres sucabamos o mar, vin moitos barcos e peixes de todas as cores e formas, arrecifes de corais, moreas de estrelas e esponxas. Tamén xoguei co meu irmán e cos meus pais.

Xogabamos ao pillar. Meu irmán quedaba. Comecei a nadar moi rápido e pronto deixamos os meus pais atrás. Atravesei unha forte corrente de auga. Cando saín do remuíño da corrente foise facendo máis escuro todo. Mirei para atrás buscando o meu irmán, estaba segura que lle levaba vantaxe e que non me ía pillar. Non o vin. Cando me virei para continuar a miña escapada xa non puideron avanzar. Estaba rodeada de plásticos!! Nadei e nadei pensando que aquilo non me ía impedir gañarlle ao meu irmán. Non era consciente do perigo ata que notei que algo se me enredaba. Loitei para me desfacer daquela especie de rede. Cando por fin puideron saír da tea de araña que formaban os xigantescos montóns de plásticos, tentei comunicarme coa miña familia. Foi inútil, non houbo resposta. Que podía facer? Continuei nadando amodiño pero desorientada, ata que notei area debaixo do ventre. Intentei moverme, pero non funcionou. Quedara varada.

As miñas vacacións remataran nun fermoso areal da fermosa ría de Baiona. Sei que aquí fixeron canto puideron por min.

AMOR A PRIMEIRA VISTA

A primeira vez que te vin, souben que eras para min, foi amor a primeira vista.

Ti atopábase aló, sentado, resgardado da choiva que nese intre estaba a caer. Eu notaba como ti, disimuladamente, mirábasme de esguello, nervioso, incluso podería dicirse que asustado. Eu tamén notaba que ti querías achegarte e podía percibir como tremías, así que me armei de valor e lentamente fun achegándome eu a ti. Non sabía se ti sentías o mesmo e cheguei a pensar que fuxirías correndo.

Neses doces intres, o meu corazón palpitaba a mil por hora, sentía que me ía escapar do peito. Pero non había marcha atrás, e no preciso momento no que me puxen fronte a ti, de súpeto, erguícheste bruscamente mentres eu quedaba paralizada e asustada. Xusto nese instante pensei en dar a volta e marchar, mais miráchesme directamente aos ollos e sentín unha conexión moi forte entre nós. Souben que xamais nos íamos separar.

Decidida, acheguei docemente a miña man para tocar a túa faciana, ao que ti me respondiches lambendo os meus dedos. Collinte no colo, e mentres ti movías o teu rabiño marchamos para a casa.

Dende aquel maravilloso día ata hoxe, o meu canciño Max e mais eu somos os mellores amigos.

UNHA ÁRBORE SOLITARIA

Ola, son unha semente e estou nun lugar escuro, moi escuro. De súpeto, caín nun burato na terra, pechei os ollos e cando os abrín estaba enterrada. Pero xa non era unha semente calquera, tiña raíces. Entón comezou a chover. Dúas semanas despois o meu corpo xa non se atopaba na terra, só as miñas raíces estaban alá. Nese momento mirei ao meu arredor, só estaba eu. Ao día seguinte, achegouse a min un xigante, fixo outros dous buratos e botou outras sementes diferentes a min.

Meses despois, tiñan froitos pero eu seguía sen eles, tiña que seguir medrando. Un día, de súpeto, dous xigantes ían polos froitos das miñas compañeiras. Cando eu medrei quedei soa, as outras plantas secaron pola falta de auga.

Dous ou tres meses despois chovía a cántaros, xeaba moito e tamén nevaba. Anos despois, a casa quedou deshabitada, só estaba eu e os restos da casa dos xigantes, e tamén estaban moitos paxaros que pronto emigraron. Entón aí estaba eu soa, era unha árbore solitaria, sen ninguén con quen falar ou pasar o tempo.

Que árbore serei? Que non lle caen as pólas pero si as follas. Canto quedará para que murche? Espero que tarde moito, estou tan ben nesta terriña tan bonita coas miñas landras.

VILANOITE

Das tebras da noite xurdiu unha voraz besta negra e dirixiuse á cidade de Vilanoite...

É de día en Vilanoite, mais que allea me resulta esta neboenta luz! Hoxe durmín mal. Soñei que ía de camiño ao colexio e, ao dobrar unha esquina, un monstro devorábame.

Chegaba tarde, así que tiven que ir a toda présa, asfixiado polo tránsito de coches, fume, ruído, xente... Outra vez a cidade a engulirme. Aí estaba o final da rúa e... o recanto do soño! A vista anubrúuseme e ao xirar vin algo que nunca esqueceréi. Nunha milésima distinguín unha besta horripilante atravesándoseme e despois... desmaieime.

Cando espertei, estaba apreixado cun traxe de forza nunha reducida cova chea de restos humanos. Mais o nauseabundo cheiro era o habitual de Vilanoite... Busquei o chaveiro no peto e conseguín furar a tea coas chaves e saír. Gritei, e o eco das cotrosas paredes devolveume as miñas palabras: «Axudaaa!», pero semellaban moitas voces á vez. Ás apalpadelas dirixinme a onde cría que procedía o último son que escoitara. Cheguei a outra galería onde unha multitude de cidadáns de Vilanoite, encadeados, gritaban estarecidos de pánico. Busquei por se vía os meus pais pero non os atopei, acordeime de que dixeran algo de volver á aldea... cando un ouveo inhumano resoou por riba do clamor xeral. Dei a volta e onde antes residía unha persoa estaba o seu cadáver. Espavorecido, tentei correr, pero da nada apareceu a besta, xa familiar. Volveuse todo negro. Supuxen que morrera, pero seguía tendo pensamento.

Lembrei esa mañá cando saíra á rúa, a sensación rara de non pertencer a ese sitio. O peor é que sigo preso neste pesadelo, coma os demais, e xa non sei espertar.

Confío en que meus pais me veñan buscar e me leven de volta á aldea!

ESTAR EN BABIA

De repente estaba camiñando polo deserto. A medida que avanzaba, aumentaban os arbustos e todo tipo de vexetación ata que aparecín nun bosque. Mirei cara a arriba e voaba un falcón, ao lonxe apareceron uns indios e, de súpeto, o ceo cubriuse e houbo unha gran tormenta. Os indios desapareceron e a tormenta parou. Mentres camiñaba encontrei unha cabana vella, estaba moi rota. Tentei entrar e a porta caeu cara ao interior. Non había ninguén, só paxaros. Andei a remexer pero non atopei nada, soamente un libro vello, mollado pola chuva que non se podía ler.

Comecei a ter fame. Saín fóra para ver se atopaba algo de comer, e nunhas palmeiras había cocos pero estaban podres. Cando menos o esperaba, o bosque comezou a arder.

Corrín e cheguei a Cidade Abandonada, pero, claro..., non había ninguén, soamente algúns animais. Camiñei entre os edificios rotos ata un edificio que parecía intacto. Estaba cheo de cousas de oficina como ordenadores e papeis. Mirei por unha ventá e, no mar, había un barco enorme. Fun alí a investigar pero tampouco había ninguén. Estaba perdido definitivamente.

Ao lonxe, víase unha gran columna de fume que proviña do bosque que ardía.

Chegaba a noite e estaba moi canso así que busquei un sitio para durmir.

E foi entón cando me chamou a miña nai para ir cear. Así que recollín os xoguetes.

O PODER DA IMAXINACIÓN

Ola! Chámome Akko e vivo con Sakura, a miña mellor amiga. Todo comezou cando Sakura tiña 10 anos. Ela, despois de aforrar moito diñeiro, decidiu mercarme. Sakura é muda, polo que non consegue falar. Malia isto, ela move moi ben os beizos e eu enténdoa perfectamente. «Ti es parva! Non fuches quen de aprender a falar!», son algunhas das cousas que lle dicían a Sakura na escola a diario.

Con todo, para evitar que os seus pais se preocupasen, ao volver da escola entraba cun gran sorriso; aínda que, no momento no que chegaba á súa habitación..., só facía pensar entre saloucos nas poucas ganas que tiña de ir ao colexio ao día seguinte.

Eu, Akko, ao vela así choro por dentro. De tanta rabia que sentía ao ver a miña dona tan magoada, un día enchinme de forzas e conseguín falarlle. Non me preguntedes como; supoño que a imaxinación de Sakura fixo moito.

Así, pouco a pouco, foime escoitando, cada vez máis atenta, ata que finalmente escoitei saír da súa boca unha pequena palabra; para min a palabra máis fermosa do mundo. Grazas á nosa amizade, Sakura logrou falar e conseguiu axudar milleiros de nenos e nenas coma ela. Que como o fixo? Pois cun regalo moi sinxelo; cunha simple boneca coma min.

A BATALLA DE INVENTOS

Había unha vez dous irmáns que se chamaban Carla e Carlos. Aos irmáns encantáballes inventar cousas, porque, claro, o pai era inventor. Todas as fins de semana traballaban xuntos, todo era xenial: esforzábanse, descansaban, tomaban a súa cunquiña de té...

Como cada mañá, o pai ollou a listaxe de inventores que viña no xornal todos os días, no que sempre se dicía que el e os seus fillos eran os mellores inventores do mundo, que os seus inventos eran moi útiles etc..., e case se lle saen os ollos das órbitas. Superáranos! Non podía ser certo! Tratábase de Marie Curie, quen inventara a maquina do tempo.

–Vinte anos de experiencia como inventor para isto...! –dixo o pai–. Creo que é un bo momento para retarlle a unha batalla de inventos. Mandareille unha carta a Marie Curie e que empece a batalla!

Ao cabo duns días, todo estaba organizado en París para o desafío inventivo destes personaxes! Alí a familia atopouse a Marie Curie, quen, grazas á súa maquina do tempo, puido traer os mellores inventores de todos os tempos, como Leonardo da Vinci ou Isaac Newton, que formaban equipo con ela.

–Así calquera –refunfuñaron Carlos e Carla.

A competición foi toda unha revolución, pero era moi divertida! É moi difícil gañarlles cos seus inventos increíbles, demasiado talento, e pasou o que tiña que pasar, na rolda final gañaron!

–Creo que esta é a fin –dixo o pai–. Así que a recoller e vámonos.

Estaban moi tristes. Cando saían pola porta, a propia Marie Curie quería compartir o trofeo, pois recoñeceu que tivera moita axuda grazas aos grandes inventores de todos os tempos que puido recrutar coa maquina. Así que, ao final, fixéronse moi amigos e formaron o seu club de inventores e, por suposto..., eran os primeiros.

MALTRATO

Só quero dicir unha cousa: estou canso de tanta inxustiza que hai no mundo!

A palabra «maltrato» é fácil de explicar pero difícil de ver. Existen moitos casos de maltrato e a todos nos desgustan moito. Este é o abuso que me fixeron a min.

Cando nacín, saín dunha especie de máquina máxica; teño moitos amigos e coñecidos parecidos a min e algunhas veces ata me insultan. Que se son un preguntón, que se son difícil no trato, que se son o peor que lles pode pasar... Isto é un maltrato!! Aínda non sei por que se comportan deste xeito comigo... Ao mellor é porque me gustan as matemáticas e facer preguntas, son moi curioso. Quizais por iso me marxinan.

Nunha ocasión un coñecido miroume con cara de confianza e deixoume nunha mesa. Despois un deses maltratadores, ensinoume dous da mesma especie ca min pero ao mesmo tempo moi distintos, e fixémonos moi amigos. De alí a un anaco, cando os meus novos amigos xa marcharan, deime conta de que estaba moi sucio. E para rematar veu outro deles a ensuciarme aínda máis. Pero, por se isto fose pouco, púxome unha tatuaxe co número 3,5 e gardoume nunha carpeta. Desde ese día sigo alí e aínda non entendo por que me están a dar este trato. Nin que fose un exame de mates!

A MIÑA GRANDE ADICCIÓN

E alí estabas, outra vez, como todos os días á mesma hora.

Tiña unha gran necesidade: verte, escoitarte, sentirte, apreciarte... Eras imprescindible para min, tiña que verte pola mañá, pola tarde, pola noite. Eras unha necesidade incontrolable, desenfreada...

Pola mañá espertábame pensando en ti, na túa figura, na túa cor... Pensaba en ti cada día, a todas horas, cada minuto, cada segundo.

Mentres estaba no traballo pensaba en ti. Chegaba e o primeiro que facía era deixar a mochila e o abrigo para prenderte para min. Ese era o momento máis satisfactorio e relaxante do día.

Pero, ese día, iluminácheste e vin en ti algo diferente, algo que non me gustou nada, non era o mesmo de sempre, era algo novo, algo que nunca vira e que non quería ver, xa non eras agradable. De súpeto, todo en ti volveuse violento, feo e arrepiante.

Unha sombra escura. Tiña por dentro unha sensación mala e triste ao mesmo tempo porque nunca me dera conta da realidade ata este mesmo instante. Quixen fuxir, deixarte, pór terra de por medio, empezar de novo sen ti.

Pasaron anos dende aquilo pero, aínda hoxe en día sigo ao teu lado. Boa ou mala es a miña adicción.

A REALIDADE DE ALBA

Alba, esa noite, foi durmir. Deitouse na súa cama con Oto, o osiño, e o seu pai deulle un bico de boas noites na meixela.

Unha ovella, dúas, tres, catro, cinco, seis e... zzzz...

Foi andando ata o seu «globo de voar» e subiuse a el con Oto, disposta a voar os sete mares como unha pirata do aire que era. Voou por riba do Atlántico, o seu océano, que tantas veces sucara. O océano de Galicia, a súa terra, pensou que era un bonito nome para un xornal, o seu xornal.

Gustáballe moito viaxar no seu globo de voar por riba do océano, ulindo a brisa do océano, respirando aire de océano, sentindo o vento na cara e baixando a coller auga para mollala mentres acariciaba os arroaces de pel salgada. De repente unha tinta negra apareceu no océano e un golfiño díxolle a unha lura que tiña ao lado:

–Tranquila, a todos nos pasou algunha vez.

A lura, que era zurda, sinalou cara a atrás e todos viron o que había: un terrible e xigantesco tiburón branco, que se virou facendo moito ruído mostrando uns tremendos cairos. Quería darlles a Oto e a ela bicos suaves coma as ondas do mar mentres dicía: «Alba, Alba, esperta, que temos que ir á revisión!».


Alba espertou e virou os ollos amodiño, como só ela podía facer, viu o seu pai e botoulle un sorriso pícaro que seu pai devolveu. O seu pai colleuna no colo e subiuna á súa cadeira de rodas.

Chegaron ao hospital, sentaron a esperar e o pai oíu como un rapaz bisbaba ao oído de súa nai:

–É parapléxica!

O pai de Alba deulle un bico, un deses que facían que Alba volvесе entrar na realidade, na súa realidade.

Categoría de
SECUNDARIA



GAÑADORA na categoría de SECUNDARIA

ESTELA MUÍÑOS GARGAMALA

IES Mendiño, Redondela

O MÚSICO CEGO

Ollos de leite. A primeira vez que os vin ía eu paseando pola praza. Alí, ao carón mesmo da fonte, onde as pombas baixan para petiscar a comida que lle botan os cativos, había un home sentado nunha manta revellida, cunha lata aos pés para pedir esmola.

Dicir que había un home sería algo normal, homes hai moitos, pero este era un individuo peculiar, diferente. Pel pegada aos ósos, fazulas esbrancuxadas, ollos de leite.

Era cego, mais tocaba unha frauta de cana cunha axilidade e sentimento que eu nunca antes vira. Achegueime moi amodiño a el e deixei na lata unha moediña que trouxera comigo para mercar un xeador. A moeda caeu no recipiente cun son metálico. O home virou a cabeza cara a min e miroume; si, miroume cos seus ollos cegos. Xeouseme o sangue nas veas, e os pelos da caluga tentaron escapar.

Corrín coma un tolo á miña casa, pero, ao día seguinte, volví velo. Así durante meses, e, durante meses, el ollábame a alma cos seus ollos de leite. Ata que un día, desapareceu. O músico marchou. Nese intre, pensei que nunca o volvería ver e, efectivamente, así foi.

Pero cada noite, cando estou na cama a piques de pechar os ollos, escoito unha melodía que soa a frauta de cana.

FINALISTA DESTACADA na categoría de SECUNDARIA

MARÍA CALVAR GIRÁLDEZ

IES de Mos

CANDO A LUZ NON ESTÁ...

Correr, iso era o único que me pasaba pola mente, pararme era un luxo que non me podía permitir. A maleza que chegaba ata as copas das árbores impedía que a luz prateada da Lúa puidese acabar con aquela escuridade na que me atopaba mergullado e que o asolagaba todo. Ás miñas costas podía escoitar o ruído das ramas ao romper cando eran esmagadas por aquelas enormes gadoupas e tamén podía escoitar a respiración daquela besta que corría tras de min. Os seus ollos vermellos lembrábanme que non debía parar se non quería que os meus maiores medos se fixesen realidade.

Hai meses, un conxunto de pesadelos, maldicións e malos pensamentos que só facían aterrorizarme, convertéranse nun pequeno monstro que, ao comezo, parecía inofensivo, pero que agora se volveira na miña contra. Este ser que eu mesmo de maneira inconsciente creara, alimentábase do medo e vivía escondido na sombra. Parece irónico, mais ao monstro do medo aterrorizáballe a luz. Despois de todo o tempo que agardara para facer que esta criatura desaparecese para sempre, non podía permitirme ningún erro que o botase todo a perder. Tentaba non pensar no que podería suceder se por algún motivo algo saía mal. De lonxe escoitei a vella campá da igrexa, os seus sete *dongs* metálicos resoaron por todo o bosque. Esta vez corrín máis do que correra, saquei forzas de todos os recunchos do meu corpo e, axudado pola luz dun novo amencer, cheguei á saída daquel terrible bosque.

O monstro do medo apareceu cando a lúa lle dicía adeus ao sol para que os seus raios o iluminasen todo. O último que viu o monstro do medo foi a luz antes de desaparecer e converterse en po, po que pronto se esquece, igual que os pesadelos das noites anteriores.

FINALISTA DESTACADA na categoría de SECUNDARIA

FÁTIMA EZZAHRA IBRAHIMI BARNOSSI

IES Luis Seoane, Pontevedra

O MEU XIRASOL

Sempre pensei que ela era un xirasol. Dende o primeiro momento no que a vin, souben que había algo naquel pequeno rostro adornado por innumerables pencas que me deixaba marabillada.

Talvez fose aquel cabelo de ouro rizado e mais eses orbes de xade que tiña por ollos, ou quizais o feito de que cada vez que a contemplaba lembrábase da miña pintura favorita: *Os xirasoles*; pero ela era unha atracción para a vista e unha razón máis pola que amar estas flores.

Os xirasoles viven nunha danza continua perseguindo o sol en busca da vida que concede, pero, neste caso, o sol tiña un rostro aburrido e a actitude máis horrorosa que xamais vira. Neste caso, o sol non lle proporcionaba vida ao meu xirasol, senón que lla arrebatava.

O meu xirasol danzaba e danzaba ao redor do sol e, con cada día que pasaba perseguindo eses escasos raios sen luz, ía perdendo ese resplandor e ese sorriso que me fixeran namorarme dela.

Ata que un día saíu o Sol, mais esta vez o xirasol non o perseguiu.

E, a partir de entón, o meu xirasol recuperou o que aquel patético sol lle arrebatara. Brillaba por si mesma, xa non necesitaba a alguén para darlle a vida que agora irradiaba.

Eu adoitaba ser nada e ninguén para ela mentres que ela era a miña flor favorita. Por iso, preguntome todos os días ao abrir os ollos pola mañá como é posible que un fermoso rostro pencoso estea ao meu lado.

E talvez sexa algo absurdo, mais a resposta encóntrase en algo que dixerá a miña profesora de bioloxía hai xa moitos anos:

–Cando os xirasoles alcanzan a madurez, deixan de xirar cara ao sol, esquécense do resto do mundo e colócanse cara a oriente o resto da súas vidas.

FINALISTA DESTACADA na categoría de SECUNDARIA

LEIRE GIL JUSTO

CPI O Toural, Vilaboa

ECLIPSE LUNAR NO TEATRO

Ai, corazón, deixa de intentar fuxir a través do meu peito! O teu latexo é moi forte, dóeme levalo dentro. Pobre o meu corpo magro, tremelica, pola túa culpa! Non quero saber o que pensas, estou facendo o correcto, o correcto! Miña nai, ven salvarme! A cor dos meus zapatos derrétese, creando un borrón escuro; si, escuro! Derramándose pola madeira vernizada. Son eu e non, nin sequera me recoñezo. Lúa, non me sigas, non ves que che teño medo! Busca outro neno que suplique pola túa presenza, eu non te quero! Dis que es valente, entón, por que te agochas? Marcha, desaparece, que non te encuentre! Que alguén cale este acordeón maltratado, acaso non vedes? Estame afogando! Quero volver á casa, irmáns, onde ides? Estou perdido, demasiados ollos verdes. Que vai ser de min, pai! Non creo que veñas verme. Balbucen as aves cegas, todas tocando o piano, marabilloso! Agora son eu o que me derreto, melodías entre gaivotas e bubelas. Avoa, quero berrar, pero non podoo; sácame de aquí, pero como fillo digno! As luces distraente, pequeno corazón, podoo sentir como cesas. Chegou o teu momento, dime o que pensas. Fala por min, saúda.

Comeza a función: parellas de paxaros durmidos, pantasma mirando polas fiestras.

Adiante, Xulio César!

FINALISTA DESTACADA na categoría de SECUNDARIA

NOELIA GONZÁLEZ LOURENÇO

IES Pedras Rubias, Salceda de Caselas

VOLVE PRONTO

Xa van varios días dende que partiches da vila e a túa ausencia séntese por cada un dos recunchos desta xélida e solitaria montaña. Incluso dona Emilia saíu ao balcón varias veces para ver se te atopaba por casualidade. Que muller! Aínda pensa que podes volver en calquera momento, encántame a súa inxenuidade infantil disfrazada dunha imaxe envellecida. Eu xa aceptei a túa ida aínda que pase moito frío algunhas noites, desexando con moita forza que estiveses aquí. Os nenos da vila bótante tanto de menos que nin te imaxinas; ás veces, están tan magoados que non queren nin ir ao colexio polas mañás. Para cada un é duro dalgunha forma. Paquiño xa non vai ao bar nunca, ao non terte por alí prefire encerrarse na súa casa e pór a tele ata que dan as doce e é hora de ir durmir, volveuse aínda máis sedentario do que o era. A miña prima Rosario só sae da casa para ir comprar algo de leite e non lle dirixe a palabra a ninguén, encérrase na súa cabeza e no seu abrigo grosa, e non hai quen a saque de aí. Eu compréndoa bastante ben e non a culpo por comportarse así, pois son cambios drásticos. A verdade é que ti eras a luz de todos e todas nós, e fuxiches tan rápido coma unha bágoa que recorre a miña face. Terei que facerlle caso a dona Emilia e ser paciente na túa espera, ao fin e ao cabo teremos que esperar a que pase este xeadoo inverno e a chuviosa primavera para que volvas ás nosas vidas, co teu sol e o teu fulgor.

FINALISTA DESTACADA na categoría de SECUNDARIA

AINARA VILLANUEVA NÚÑEZ

IES Faro das Lúas, Vilanova de Arousa

PASOS PARA ESCRIBIR UN LIBRO ABURRIDO

1. O primeiro que tes que ter claro é que debes facer todo o contrario a elaborar unha historia agradable de ler. Unha trama pouco clara, nada concreta..., e o lector perderá o interese, non entenderá ben o que se conta e non se sentirá identificado con ningún personaxe.

2. Emprega palabras moi longas e complicadas (se é infantil) ou, pola contra, extremadamente curtas e sinxelas (para os adultos). En resumo: fai as cousas sempre ao revés da lóxica.

3. Fai moitos, moitos incisos; analepses sen parar. Perderase totalmente o pouco sentido que tiña xa a túa historia, facéndoa imposible de ler, podendo perderte no relato facilmente.

4. Crea moitos personaxes. Tantos que nin ti mesmo poidas lembralos. E descrições moi longas. Con isto, o lector non poderá seguir o que quedaba da trama.

5. Repite as mesmas ideas. Ademais, debes remarcar todo, aínda que xa o dixeses antes. O lector odiará iso e resultaralle moi aburrido.

6 Escribe páxinas con chistes malos, adiviñas, códigos ou moitas historias diferentes xuntas que o propio lector teña que intentar conectar. Resultan aburridas e difíciles de ler.

7. Fai as cousas sen sentido, mais asegúrate de estenderte a maior cantidade de páxinas posibles! Mira o número de páxinas do dicionario máis grande da túa casa e intenta chegar a esa cifra coa túa novela. Sempre funciona!

8. Por último, o máis importante é que escribas cando NON esteas inspiado, cando te atopas de mal humor ou cando teñas présa. Será máis fácil se NON CHE GUSTA nada de nada escribir.

Listo!!!

Agora, todo depende de ti. Lembra: nunca te rendas! Se o teu soño é converterte no mellor escritor de libros aburridos, ánimo! Se pos todo o máximo interese posible, conseguirás iso e moito máis.

DAVID ALJÁN LUSQUIÑOS

IES de Soutomaior

O PANDA

Tiña medo. Só había tres meses que fuxira dos meus bosques de bambú para vir vivir ás paisaxes galegas e aínda non fixera ningún amigo. Pero en canto pisei un pé naquela escola todos os meus sentimentos cambiaron. A xente ollábame cun sorriso de benvida, as pegas voaban sobre a miña cabeza preguntándome sobre a miña orixe, os cans de palleiro non paraban de seguirme para poder falar comigo, mesmo ás vacas lles gustaba a miña aparencia, segundo elas exótica e diferente. En canto o picapeixe que facía de profesor entrou pola clase, saudoume e fixo a mesma petición que as outras aves que me atopara: contar de onde veño, por que estaba aquí e que me gustaba facer. Todo nese colexio era perfecto: o porco celta co que compartía mesa, todos os amigos de todas as especies posibles que fixera, o gran compañeirismo dos profesores e, sobre todo, aquela carballeira. Esa onde pasabamos tardes enteiras con miles de agochos, árbores e pedras para poder xogar ata rebentar, aquela tendiña da curuxa onde podía conseguir aquel bambú que tanto apreciaba, o río onde nos bañabamos e aquelas vistas ao infinito na que ver a posta do Sol máis fermosa do mundo. Sentíame cómodo, sentíame feliz, sentíame...

–Chino de merda, esperta!

A labazada doeume, as gargalladas da xente presente que non facía nada por min doéronme máis, pero ser consciente de que todo o anterior era un soño foi o golpe máis duro.

OUTRA

Entrei pola porta como todos os días, mirei á miña esquerda cara á co-ciña, pero hoxe faltaba. Fiquei calada na miña cadeira, ela estaba rara, mais preferín non preguntar. Do outro lado atopábase a persoa máis importante na miña vida, o meu piar, sempre estaba aí cando eu choraba ou cando me atopaba mal por calquera cousa da vida cotiá. Tamén me sentía segura ao seu lado, facíame feliz. Pola contra, hoxe non era así.

Pechei os ollos e, sen que ela puidese decatarse, botei un par de bágoas que percorrían profundamente as miñas meixelas, aínda sen decatarme do que estaba a ocorrer. Recordei cada momento da miña vida, cada intre ao seu lado, non foran moitos xa que non adoitaba estar na casa. Aínda así, fora duro lembrar as viaxes con el, o que rosmaba cando o molestaba mentres botaba a sesta no sofá vello da casa. Pensar que aquilo non volvería facíase un verdadeiro inferno. Claro que dende pequena aprendín que nada nin ninguén é para sempre, cada un ten un destino distinto e iso non se pode cambiar, xa que non somos quen de facelo. Pasamos pola vida de paso e neste camiño imos coñecendo diferentes desvíos e novas aventuras que non escollemos que nos pasen.

Pasaron catro densos segundos, todo estaba en pleno silencio. Abrín os ollos despois de escoitar o bater da porta: acababa de chegar. Pola contra, miña nai agora choraba.

–O amor remata, meu Deus! O que non sabía era que chegarías a ser tan miserable e cruel e deixar tirados os teus fillos. Cose agora todas as feridas –dixo cun fío de voz e aínda chorando miña nai.

Case sen respiración, mirei quieta a meu pai. Non me dera tempo de dicirlle nada, soáralle o teléfono e liscou. Era a outra.

ELA

O camiño da vida é moi longo, aínda estás na primeira páxina e, como di miña nai, todo chega no seu momento. Por certo, pódeme chamar Ela. Si, xa sei, coma o pronome persoal, o da terceira persoa. Non quero ser unha triste personaxe, da quen nin ti nin ningún lector se vai lembrar, pero así é esta historia. Pasa as páxinas do libro, e dáste conta de que non consigo ser a protagonista? Talvez é miña nai, ese pronome de primeira persoa que, como sabes, tanta envexa me dá, as páxinas soamente falan da súa vida. Pasan os capítulos e vou desenvolvendo o meu papel, ata conseguir ser a mesma secundaria de sempre. Seguramente estás a pensar que agora explicaría como cheguei a ser a protagonista, pero non. As miñas páxinas séguelas pasando, mais o libro da miña nai chega á fin. O cancro remata coa protagonista desta historia, e sen a principal quedo soa. Os parágrafos continúan e soamente aparece o meu nome en minúscula referíndose á miña defunta nai. Avanzas intrigado nos capítulos, a miña vida tamén segue o seu curso: aventuras, romances, viaxes... Miña nai lembrarase, coma min, o pronome de primeira persoa que foi sempre máis importante ca min, na miña vida e inclusive nesta historia. Agora, abre ben os ollos. Decátaste? Ao mellor, Ela sempre foi unha perfecta protagonista, pero o narrador foi obxectivo e non contou o que realmente andaba cavilando. Eu fun a protagonista. Esta historia xirou ao redor de min, do simple pronome de terceira persoa. Pode ser que Ela chegase a ser máis forte que os demais pronomes xuntos, converténdose en protagonista sen darte conta. Por certo, vaia se son fundamental: non utilizas ningunha conversa sen este simple, pero forte, pronome persoal de terceira persoa.

A ESPERANZA DA MORTE

Meus compañeiros e mais eu fitabamos pola ventá coa mesma dor no peito ca a que sentiramos nós a noite da nosa chegada, aquel pesadelo que nos deixou neste lugar de penumbra, aquela noite de treboada... Aqueles falanxistas empurraban unha nova familia, que en segundos se faría anacos...

Pronto o marido pasou a compartir as nosas mesmas vidas, os nosos mesmos medos... E o noso destino, a morte, a cuxos ardentes brazos el mesmo se lanzou pasados uns poucos meses. Dos cativos, nada se soubo xamais.

Pasou o tempo, e cada vez eran máis as vidas que se cobraba aquel cruento lugar... Unha noite vin como unha nai e a súa filla escapaban nun dos camiós que cargaba armas... Nunca souben máis daquela muller nin da súa pequena, que debía cambiar as súas eternas bágoas por un trémulo sorriso. Penso nelas e un sentimento alumea con forza no meu peito: a esperanza.

Pero non durou moito a súa doce inocencia, pois, ao día seguinte, o meu nome soou polos altofalantes, e eu non puiden máis que deixar correr as bágoas que sempre ocultara, manar polas miñas resignadas fazulas. A miña vida remata aquí e, curiosamente, non podo máis que dar as grazas. Grazas por que non haberá máis noites de treboada, máis presión na caluga, máis dor sufocante... Xa non haberá. A pesar de que a miña vida acaba, eu teño fe. Sei que cando o súbito disparo faga impacto na miña testa, volverei ao meu lugar de nacemento, ao ceo, e hoxe igual que aquela nai, confío, teño esperanza en vivir na choiva de primavera, como unha pinga de auga, que non soa ao caer, que non xeme, que non sofre...

SILENCIO

Achégome á árbore que se impón no centro do prado. Unha aguia pasa. Observo a completa harmonía da paisaxe. O Sol cae, o vento zoa, as follas voan e chía un paxaro.

Vai frío.

Mais algo rompe a natureza. É Alan, sentado ao pé da árbore, inmerso nun libro.

Hai tempo que lle deixei pasar o tempo no meu espazo especial. Agora preguntome por que o faría.

Sen facer ruído para non interromper a súa lectura, séntome a carón del e boto unha manta por riba de ambos. Miro o libro e murmuro: «Boa elección». Alan mírame e non fala. El nunca fala. Eu sorriño e cóntolle o meu día. Non sei se me escoita pero dáme igual. Sei que algún día conseguirei que fale. Seino.

Miro á Lúa e deixo que o vento revolva o meu curto cabelo. O sono apodérase de min.

Cando esperto el xa non está. Volvo á casa e collo o que necesito para ir á Universidade.

Penso en Alan. Coñecino hai tres anos e intrigoume moito por que non falaba se non era mudo. Agora somos mellores amigos, lemos xuntos e quedamos... Naquel momento pensei que facendo iso falaría, mais non o fai. Pero conseguireino. Porque teño un plan. E executareino mañá.

Volvo á casa feliz de que mañá será o día. Durmo cun sorriso na cara. Un sorriso que se esfuma cando me chega unha mensaxe.

Achégome á árbore que se impón no centro do prado. Esta vez non pasa unha aguia e a harmonía rompeuse. Alan está aí, pero baixo terra. Só queda unha pedra co seu nome. Agora comprendo que el si que encaixaba, que el era o único que mantiña todo unido. O Sol cae, o vento zoa, as follas voan. Non fala. El nunca fala.

Vai frío.

MOISÉS

O meu amigo Moisés é un pouco particular. Á xente adóitalle parecer raro o seu aspecto, pero Moisés non é raro. É estranxeiro. A xente non diferencia esas palabras. Moisés vén dun lugar bastante afastado.

Como non é galego, cústalle aprender o idioma e por iso anda metido en particulares de lingua galega e no babbel.com. Aínda así, non diferencia as palabras «gol» e «sol». Onte fomos a Balaídos o meu cuñado Ramiro, Moisés e mais eu, e, cando marcaba o Celta, Moisés gritaba:

–Sooooooooo!!!

E dicíame Ramiro:

–Pero que di o Moisés? Se está chovendo...

Ademais, o mércores ía o meu estraño amigo no ascensor co señor Laranxeira e díxolle este:

–Boa tarde, Moisés.

E dille o meu amigo co seu acento estranxeiro:

–Igualmente, señor Laranxeira.

–Que? Vés da rúa? –dixo Laranxeira.

–Si, señor –dixo Moisés moi educadamente.

–Que tempo vai aí fóra? –preguntoulle o señor.

E Moisés, querendo referirse ao Sol, respondeulle:

–Buff! Un gol tremendo!

O señor Laranxeira debeu pensar que estaba tolo, pero díxolle:

–Cal? O de Iago Aspas ou o de Sisto?

E os dous quedaron calados ata que saíron do ascensor.

Tamén vin algunha vez, indo Moisés pola rúa, que algún neno pequeno lle dicía a un amigo:

–Tomás, mira ese mozo que raro é!

–É verdade! Seguro que é chinés!

Pero o certo é que Moisés non vén da China nin de Senegal. Nin de Marrocos nin de México. Nin de Suecia nin de Bolivia. Nin sequera vén de Casaquistán, que parece ser que está superlonxe. Moisés vén dun pouco máis aló.

Moisés vén...

De Marte.

O DANUBIO AZUL

O señor Nelson Adams chegou o último á cea organizada polo arquiduque Brown; sorprendeulle o cargado que estaba o ambiente e, algo nervioso, reparou tamén nas distintas personalidades que alí se deran cita. Tamén reparou en que estaban tocando o valse vienés de Strauss. Nelson sabía que ao arquiduque lle fascinaban os vales do mozo compositor austríaco, pero aínda así pareceulle sorprendente e algo descarado que non os reservase para despois da cea. Aínda con estes pensamentos na cabeza, Nelson dirixiuse á mesa e, sen apartar a mirada do seu anfitrión, sentouse mentres servían os primeiros pratos. As febles copas de cristal resoaban na enorme estancia cando alguén facía uso de elas. Nelson non comeu moito xa que prefería escrutar o seu arredor, deleitándose coa extrema pomposidade que se estendía no ambiente. Observou atentamente cada unha das persoas que ceaban ao seu redor, pero alterouse cando dirixiu a mirada cara a unha moza que se levantaba e se retiraba da mesa. Nelson seguiuna coa mirada e ergueuse, escusando ir ao servizo, para seguila. Estaba saíndo da sala cando a muller, o cal o deixou moi perplexo, volveu inmediatamente á mesa e, en vez de falar, como estivera a facer ata ese momento, púxose seria e ríxida mirando cara ao prato. Nelson observábaa con grande interese, polo que non gritou cando esta se desmaiou enriba da comida. O señor Harrison, experto médico, certificou a súa morte unha hora despois, mentres comezaba a soar outra vez a música para calmar o ambiente. Pouco despois, Nelson dirixiuse a unha ventá para fumar tranquilo. Non foi nin capaz de acender o puro xa que o que estaba a ver a través da ventá era a muller pálida, bailando soa ao ritmo do sosegado e tranquilo son do Danubio Azul.

O SUPERPODER DO MEU AVÓ

Esta non é unha historia sobre ningunha moza con poderes máxicos. Tampouco sobre ningún rapaz que é o elixido para salvar a humanidade. É unha historia sobre o meu avó.

O meu avó foi un heroe sen capa. Nunca coñecín home coma el, co seu poder. Nunca, en toda a miña vida, coñecín alguén coa súa capacidade de facer tan feliz as persoas do seu arredor. Cun sorriso, el arranxábo todo. Sempre sentín que o mundo facía máis pequeno todo o que era máis grande ca o meu avó para que el resaltase sobre todo o demais. Aínda hoxe penso que é a estrela que máis brilla no firmamento.

Lembro cando me deitaba ao seu carón na cama e sentía como a habitación enteira estaba tan en calma coma el cando durmía, ou cando, á hora da comida, contaba as súas peripecias no exército. Era o meu momento favorito do día. Sempre sentín a súa presenza como algo permanente. Imaxinábo coma unha rocha, inamovible.

Espero lembrar sempre o seu sorriso. A súa forma de chamarme *Pita*, o seu modo de consentirme. Un recordo que creo que sempre conservarei é o de cando eu o collía das orellas con coidado e llas movías adiante e atrás. Tíñaas moi grandes, e eu sempre lle dicía que parecía Dumbo e que un día ía saír voando pola ventá. El botábase a rir e abrazábase. Sen dúbida, os avós son diamantes de incalculable valor.

O meu avó chamábase Benito. Deixounos hai tres anos por un problema respiratorio. E o máis importante que tedes que saber sobre el: tiña un súperpoder. Facía feliz as persoas.

É por todo iso que eu creo na oración que di «Un avó é alguén con prata no seu cabelo e ouro no seu corazón».

BÁGOAS

Chegamos. O autobús quedou inmóbil. A estraña sensación que sentía o meu corpo naquel momento agochoouse detrás do sorriso forzado que lo-graba manter. Cando nos dixeron que marcharíamos de alí, a miña primeira emoción, despois dese estado de *shock* que invadira o meu pensamento, foi de tristeza.

Un sábado pola mañá, cando eu estaba no cuarto facendo os exercicios de matemáticas, unha persoa vestida cun uniforme estraño timbrou na miña casa. O meu pai ergueuse da cadeira e, cando abriu a porta, oín un berro. Agocheime nun recanto do meu cuarto e comecei a chorar. Só se escoitaban berros. Notei que xa se foran, porque o resoar das pingas de auga, que escorrían pola miña fazula e caían no parque, era o único son que se escoitaba naquel intre.

Horas máis tarde, un home que non coñecía de nada sacoume de alí. Tranquilizoume e levoume a unha casa no medio do bosque. Naquela casa tamén había nenos, dos que me fixen amiga en moi pouco tempo. Pasei alí un tempo. Un día dixerónnos que marcharíamos cunha familia á outra punta do país, iríamos ao colexio... Á vida que levabamos antes.

Agora estou aquí. Moi nerviosa, abofé. Pois estaba no lugar que sería a miña casa durante bastante tempo. O son das pingas de auga da fonte estragada daquel lugar lembroume o terrible momento que pasara meses atrás.

Todos os nenos sorrían. Non sei se era un sorriso forzado, coma o meu, ou estaban felices de verdade. Non era o peor lugar do mundo, sería só acostumar-se.

OCÉANO DE PAPEL

Cumprira hai pouco os oitenta anos. Era un dos mellores mariñeiros da zona. O mar era o seu fogar. Vivía no vello faro, que levaba anos sen utilizarse. Ninguén pasaba por alí. A tranquilidade reinaba na súa pequena guarida. A súa guarida, porque o seu fogar estaba no mar. Coñecera o seu amor nunha vella festa de aldea que xa había anos que non se celebraba. Con ela, tivo dous fillos, polo menos é o que el recorda. Os dous marcharon coa morte da súa nai.

Estaba só. El, o mar e unha morea de recordos que quedarían esquecidos. Dixéronlle que tiña alzhéimer. Dende a noticia, non se movera da cama. Non se levantou nin para ollar o mar. Non quería mirar pola fiestra e non recoñecer o que vía. Dun día para outro comezou a escribir follas cheas de lembranzas. O seu pequeno refuxio converteuse nun cuarto cheo de papeis ciscados polo chan. Ao tempo que ía escribindo esquecíase dos seus recordos, pero os papeis axudábanlle a lembrar quen era. Só recordaba a súa vida no mar, non se acordaba dos fillos, non sabía que tiña netos.

Os días foron pasando e foi perdendo mobilidade, xa case non podía camiñar. Pero a forza de vontade obrigouse a ir xunto a fiestra. Alí contemplaba, coma un neno, o mar furioso que había ese día de xaneiro. Foi así, sen planificación ningunha, que morreu ollando o mar.

Hoxe é o seu funeral, pero non vou ir. Estou aquí, na súa guarida. Sei o que lle gustaría que fixese por el. Collín a morea de papeis amontoados do seu escritorio e boteinos ao mar para que todos os seus recordos marchase con el.

Sáeme un pequeno murmurio entre bágoas: «Botareite de menos, avó».

PALABRAS

As palabras voan. Paxaros nómades que contan historias. Historias que percorren os ceos, os nosos ceos, na procura de vivencias, de máis aventuras que contar as estrelas. As estrelas escoitan, millóns delas que fican en silencio, escoitando os relatos que contan os paxaros nómades. Paxaros que son palabras.

Fóra da miña utopía, a xente di que as palabras son só palabras, que serven para falar e escribir, nada máis.

Porén, talvez eles non escoitaron a chamada dos paxaros nómades, eses que transforman as palabras en algo máis: emocións, sentimentos, historias...

Os paxaros nómades que as estrelas e mais eu escoitamos polas noites dende a fiestra do meu cuarto, mirando o ceo escuro. É entón cando as súas gorxas comezan a cantar; primeiro baixiño, case imposible de escoitar, mais enseguida convértese nunha banda sonora de múltiples melodías: hainas tristes e melancólicas, épicas e valentes, tranquilas, misteriosas, namoradas...

Unha para cada historia. Unha para cada momento. Unha para cada palabra.

Cando chegamos á escola e nos piden escribir unha historia, os nenos e nenas usan as palabras coma as describen: para falar e escribir.

Eu busco. Miro pola ventá e busco as estrelas, estas están a escoitar as historias dos paxaros, coma sempre; escoito eu tamén e busco os paxaros. As palabras.

Seica é entón cando comezo a escribir.

Ao rematar, a profesora pregunta:

–Utilizastes ben as palabras?

–Pero se son só palabras! –responde un neno.

Porén, son só palabras?

CEMITERIO DE ALMAS E ESQUELETOS QUEBRADOS DE PENSAMENTOS E LILAS MURCHAS

O bater das solas das súas zapatillas compoñía ritmos gravados a compás no pavimento. Fusionar emocións na cinética, deformar os barrotes da mente. Non opoñer resistencia ante a cascada das pálpebras e correr aletargando a negrura adrenalínica.

Ata que chega á recta. Os focos dun automóbil rachan cun lóstrego afiado o veo dos seus ollos, e sente que lle desgarran a cómoda capa de utopía e a enfundan nunha áspera e xeada volta á realidade. Ao final do paseo, o contraste das luces do vehículo esborran unha erguida silueta masculina. Aumenta a velocidade do trote mentres se forma nos seus miolos, antes liberados, un medo nacente. Látele intermitente no peito, coñecido, adestrado, indisuadible.

Albisca a súa mirada intimidatoria na penumbra do paseo e un murmurio non solicitado, que se destorce no motor dun camión. Traga un chílo de rabia entre os beizos apertados mentres o temor sobe e se asenta en molestas palpitacións da caluga. De súpeto, o sendeiro estreítase, mareante, e unha forza retena do brazo. Intentos vans de forcexo, entorpecidos polo pánico, culminan nunha lingua húmida e repulsiva recolléndolle a clavícula.

Vulnerable, débil, desprotexida, aldraxada. Así é como pretenden que se sinta. Deitada brutalmente detrás da matogueira, anegada por un pavor que a desborda por dentro. Mans, miles de mans, un coche que pasa, a pel estragada, un olor a terra mollada na face, e vómito na herba. Un veneno pasa a formar parte dela, gangrena cada vea, contaminaa, imprégnaa, vólvese seu. Podrecerse no interior, corroerse e esmiuzarse nun ritmo agora forzado e alleo. A súa face desfigurada na herba esmagada tentou articular a primeira palabra tras o prefacio dun inferno. Pero entón descubriu que estaba muda para sempre.

UN VELLO AMIGO

Alí estaba el. Un vello de oitenta e dous anos tranquilamente sentado nun banco. Escoitaba os paxaros piar mentres vía os seus netos xogar naqueles tobogáns e randeiras tan novos e amigables. Facía un día solleiro cunhas solitarias nubes vagando polo fermoso ceo azul.

A súa neta pequena xogaba cun neno da súa escola, tirando dun lado para outro os seus xoguetes, baixo a desaprobación do avó. O maior xogaba ao fútbol contra a parede, acompañado do seu irmán. Ese ambiente invitábao a durmir e a hora da sesta xa pasara hai rato.

Pechou os ollos lentamente. O último que viu antes de botar unha soneca foi alguén que xa coñecía, pero que o cansazo non lle permitía reconecer. Xa o vira cos seus pais e tamén cos seus avós. Pero o sono interrompeu todo pensamento para centrarse en descansar.

–Avó..., avó... –escoitou ao lonxe, case sen forza.

–Avó! –espertou. Súa neta quería volver coa súa nai. O seu amigo xa volvera á casa.

Regresaron a paso lento, e a súa filla recibíuno cunha aperta con moito cariño, coma as que sempre lle daba de nena. Despediuse dos nenos, os cales lle deron unha aperta en grupo, facendo aparecer un sorriso na súa faciana engurrada.

Despois doutra longa andaina, chegou á súa casa. Lembraaba cando a súa muller lle daba a benvida cun amoroso bico. Agora o fogar era solitario.

Sentouse no sofá sen ganas de acender esa complicada caixa eléctrica. Estaba canso, moi canso. Comezou a pechar os ollos de novo. Pero volveu abrilos por mor dunha presenza que percibía. Alí estaba. Xa sabía quen era. E entendeuno todo. Xa era a hora. Recibiu a figura negra como un vello amigo e seguiu a capa negra a todas as partes, e a ningures.

A PORTA DO ESPELLO

Noa sorriu con satisfacción ao comprobar que por fin atopara o pazo da familia Ortega. Mentres recuperaba o aire observou con atención o edificio. Era, sen dúbida, un fogar «impresionante», deses de ricos. Estaba construído en pedra, con grandes columnas e unha enorme fachada. E, agora, era seu.

Entrou amodiño, gozando da adrenalina que pouco a pouco agromaba no seu corpo. No interior decatouse de que a maioría das portas estaban pechadas con chave. Conseguiu entrar na cociña, no comedor, nun baño e nun despacho. Tamén atopou unha pequena sala coas paredes pintadas de tal forma que simulaban o fondo mariño.

Dese xeito o día tornouse noite.

De súpeto advertiu que, cara ao fondo da mansión, había unha escaleira de caracol que non vira con anterioridade. Emocionada co seu novo descubrimento, subiu a todo correr, pero, canto máis subía, máis lonxe parecía estar o final. Cando chegou á cúspide, estaba exhausta. Exhausta, si. Pero satisfeita. Fronte a ela estaba unha porta de cobre con estraños relevos gravados nela. Detívose uns instantes para saborear esa sensación.

Empuxou a porta lentamente e descubriu unha magnífica biblioteca. Tiña unha forma circular e no teito atopábase unha cúpula vidrada pola que se coaban luces de diversas cores.

«Aquí debe de ser onde a Lúa agocha as cores que rouba», pensou Noa mentres percorría a sala. Os seus dedos rozaban os libros e un agradable formigar percorría cada fibra do seu ser.

De socate tropezou cun espello.

Noa non regresou ese día, tampouco os seguintes; a dicir verdade, non volveu nunca. Poderás atopar centos de historias ao respecto, algunhas máis certas que outras. Pero só eu sei o que pasou realmente, porque só eu a vin entrar no espello.

DESCOÑECIDOS

O vento bisbábanos ao oído naquela noite de inverno. A estrada principal estaba deserta, e, aínda que ía frío, ela e mais eu andabamos descalzos. Non había nada que se puidese distinguir na penumbra da escuridade, só o apertar da súa man me recordaba que íamos xuntos entre o vaivén das horas. O traxecto era longo, non importaba. Esqueceramos por completo como conversar, pero non tiñamos ningún interese por romper o canto das aves nocturnas. Entón, a luz da Lúa iluminou os tellados das casas e mirei con temor. Podía comprobar como o meu lado salvaxe se avivaba ao introducirmos no profundo do bosque. A fame saciábaa a aventura e a falta de normas, eramos libres, capitáns do noso propio buque. Acabamos descubrindo un pequeno lago agochado entre a inmensa vexetación. Bañámonos espidos baixo as súas augas.

Ás veces, tiñamos medo. Medo a que o Sol non volveuse aparecer, medo aos pesadelos, medo a morrer ou aos raios das tormentas. Estariánnos buscando? A curiosidade de saber se eramos importantes ou non abafábanos. A miúdo oíanse renxidos entre as follas caídas das árbores. Tusiamos moito e case nunca durmiamos. Os estómagos ruxían como ferozes bestas e ela pechaba as pálpebras. Preguntábame en que momento deixara de abrilas. Ao lonxe distinguíanse potentes luces, eran eles. A preocupación fíxome crer que non poderíamos escapar. Botei a correr, o meu corpo movíase sen ter forzas para facelo. O destino conducíume de novo ao lago, os focos volvíanse máis visibles e eu mergullábame no que nos pertencía agora mentres agardaba a que viñesen, eles, a raza humana.

DENTRO DOS LÍMITES DA MIÑA VIDA

Ola, chámome Zanu e vivo, coma ti, entre catro paredes unidas por unha porta. Tras ela vexo moita xente, xente que fala, xente que pasa, que sorrí, que come... Algunha visitame coas súas enormes cestas. Normalmente veñen cada dous días, pero ás veces veñen todos os días, non me queixo. Case sempre teño que facer, pero fártome, porque é a mesma tarefa unha e outra vez.

Non me movo moito da miña casa polas miñas limitacións, xa que só podo desprazarme un pouco cara aos lados. O bo é que son moi apreciada por facer o meu labor.

Hai días en que non me apetece traballar, entón aproveito que estou sucia e fago mal a miña angueira. O que sucede despois é que gaño unha limpeza a fondo e a cara anoxada do meu xefe fronte a min.

As persoas que me acompañan sempre me abren a boca e métenme o que eu penso que é o meu alimento acompañado da bebida, que adoita ser un pouco forte, pero un acaba por se acostumar. Ao final sácame o que eu chamo alimento e lévano consigo, lonxe de min.

O que está claro é que sempre lle estou dando voltas á cabeza, non para. Creo que son ben listo, ou... ou son unha lavadora?

A MARCA DE OURO

Chamábana María Leña porque era filla do único carpinteiro da vila. A súa nai era panadeira e facía os mellores bolos de pan dos arredores.

A mociña era loira, a pel da cor do papel de fumar, os ollos verdes; había quen dicía que semellaba un anxo caído do ceo. Pero tiña unha peculiaridade que a facía diferente das demais mozas que se poden atopar en calquera vila; debaixo do ollo esquerdo tiña unha marca de ouro.

A marca era do tamaño dunha moeda, mais era dourada coma os raios do Sol ou o trigo rematado de apañar. Algunhas veciñas da rapaza crían que a marca tiña propiedades milagrosas e que a quen a tocaba pasábanlle cousas máxicas.

Un día de primavera, xa pasada a Semana Santa, chegou á vila un home vello montado nun cabalo branco e ben mantido. O home de quen vos estou a falar seica era un rei deses que viven en castelos e loitan con espadas. Petou na porta do carpinteiro e da súa muller e díxolles que precisaba ver decontado a María. E alá foi o pai a busca.

Cando chegou perante o rei, este botouse a chorar coma un cativo e, bicándolle os pés, díxolle que era o seu pai e que a viña buscar para levala ao seu castelo. Contan por aí que o carpinteiro e a muller quedaron abraidos e pensaron que o rei cometera un erro, pero non llo dixeron porque querían unha vida mellor para a súa filla.

Todos os veciños viron como a mociña marchaba montada nun cabalo e acompañada daquel vello sen nome, pero nunca souberon nada máis dela.

Hai quen di que alá, preto de Lalín, se pode atopar a estatua dunha muller toda feita de ouro e que a quen a toca pásanlle cousas máxicas.

2 DE ABRIL

Respiro. Respiro porque Raquel me dixo que o fixese. Respiro porque me dixo que iso me tranquilizaría en situacións como a de hoxe: mamá púxome o leite enteiro en vez de semidesnatado esta mañá, papá recolleume dous minutos tarde do colexio e fun o único que non tivo parella no traballo de clase. Esa é a situación. Raquel díxome que contar é bo. Un, dous, tres, catro... Mamá entrou no meu cuarto e non me deixou acabar de contar porque me agarrou forte. É molesto, pero estrañamente relaxante.

–Non podo empezar a contar e non terminar, mamá.

–Vale, pois termina agora, fillo.

–Cinco, seis, sete, oito, nove, dez. Grazas, xa estou mellor. Sóltame.

–Agarrarte é importante para que te tranquilices –dixo con cara creio que de preocupación.

–Beber leite semidesnatado tamén é importante. –Creo que mamá está triste. Nos debuxos que me deu Raquel había unha cara parecida á súa. Si, está triste.

–Que che pasa?

–Non te preocupes, o teu leite vai ser sempre semidesnatado. –Foise cun medio sorriso.

Respiro. Máis tarde aparece papá.

–É duro para nós. –Para min non o é?

–É máis duro ter que esperarte dous minutos –dixen con xenreira. Foise. Parecía enfadado. Aparece mamá.

–Perdoa a papá, non leva ben a noticia.

Vaise. Non sei que pasa, aínda que o médico que fala comigo os luns e os mércores me poña un nome agora, eu teño o de sempre, sigo sendo eu. En fin, agora teño que celebrar o 2 de abril.

DESCANSO

Penso... Non se me ocorre nada. Sigo pensando... Deus, que pesadume, non teño nin idea. Vaime rebentar a cabeza. E saber que quero ser escritor de maior... Uff! Que parvadas!

Estou no meu cuarto rodeado de mil cousas e só podo pensar nela. No seu cabelo, no seu sorriso, nesa maneira de andar, como me mira cando pasa ao meu lado, e, total, para que ela non me faga nin caso. Non sei que vou facer.

Teño que botarlle valor e o luns, cando chegue ao traballo, vou falar con ela. Atreveime. E se me di que non ou nin sequera me fai caso...? Entón! A seguir sufrindo.

Saio da casa e vou tomar unhas copas. Seguro que iso me alivia. Vou onda os meus amigos. Chego ao bar e alí están, coma sempre. Non me fallan, eles si que me coñecen e me queren, aínda que non sei por que, non me falan nin se dirixen a min. Sempre os acompaño, estou e eles nin caso, e iso que me queren porque sempre fan chistes sobre min e contan anécdotas miñas. Logo faise un silencio e trocan de tema, xa non me interesa tanto.

Xa estamos outra vez... Ignóranme. Vou deixar de vir. Mellor tomo unhas copas e volvo á casa.

Estou canso, marchó. E eles nin me responden. Empezo a dudar de que sexan os meus amigos.

Chego á casa. Está fría e escura coma sempre. Vou para a cama, tápome, pecho a caixa e ata mañá. Mañá será outro día. Xa verei que fago.

RIP

APATÍA

Mirei pola fiestra e atopeite a ti, co teu suadoiro de sempre e con ese sorriso permanente. Falabas cunha moza, nunca na miña vida vira aquela rapaza, falabades agarimosamente coma se fósedes moi bos amigos ou quizais algo máis. Chameite mais non me collías. Escribinte unha mensaxe, mais non me respondías. En apenas unha semana esquecéraste de min. Fun mirar as historias do Instagram, e alí estaba ela; semellaba que pasarades unha boa tarde no cine. Mirei o seu perfil, era unha desas mozas que tiñan miles de seguidores e só se preocupaban por gañar máis e máis. Sentín rabia, celos, angustia, dor, agonía... O meu mundo comezaba a derrubarse e eu era a que ata unha semana atrás ía contigo ao cine, eu axudábache cos teus deberes, consolábate cando tiñas algún deses problemas un tanto estúpidos... Mais agora eu xa non existía para ti. Agora eu son coma un deses xoguetes novos de Nadal que ao comezar o colexio quedaría sempre esquecido no seu estante, esquecida como todos os nenos refuxiados de Siria, esquecida. De súpeto, mirei pola fiestra e xa non estabades, seguramente agora estariades indo á nosa xeadaría, na que tantas veces compartiramos un deses xeados de chocolate cunha bóla de amorodos. Pero os meus pensamentos interrómpense, pois alguén chama ao timbre.

A COR DO AMOR

Cando ollaba para el, sempre miraba nos seus ollos unha estela de melancolía, a mesma melancolía que lle miraba nos ollos da súa nai, nos da súa avoa... Nunca souben por que estaban tan tristes. Sempre que estaba con eles tamén podía sentir unha profunda dor. Sempre estiven con esa incerteza ata que un día todo cambiou. Na súa ollada xa non se atopaba aquela melancolía, dor e tristeza, senón unha agradable e misteriosa mestura da mirada dunha persoa alegre e namorada. Durante dous ou tres meses non souben cal era a razón de tanta alegría naqueles ollos verdes. Notei que ollaba para min dunha forma especial, como se eu fose a máis bonita das xoias.

Un día un pensamento pasoume coma un lóstrego pola cabeza. Aquela tarde el viñera a xogar á miña casa. Pasamos toda a tarde rindo e xogando. Cando se fixo tarde e a súa nai foi a buscalo, el púxose un pouco triste. Olloume dende o coche cunha mirada que me recordou aquelas de cando nos coñecemos. Díxome adeus coa man dende o coche vermello da súa nai e desapareceu pola estrada. Cando xa me asegurei de que se fora marchei para dentro a cear, pois miña nai chamábame porque a cea xa estaba lista. Cando rematei marchei para o meu cuarto e quedei cavilando. Despois dun bo anaco souben a razón de aquelas olladas de namorado dirixidas para min. Aquela razón era eu. O meu mellor amigo estaba namorado de min. O meu pensamento foi certo, pois dúas semanas despois declarouseme dunha forma inesperada. Regaloume vinte e catro flores, o número de meses que levaba namorado de min. Xa vai tempo que isto sucedeu, pois este ano facemos un ano de noivos. Agora, cada minuto de cada día, sempre me di un amoroso «quérote».

O ACCIDENTE

Unha mañá estaba no parque máis fermoso de París. Acompañábame o meu peor pesadelo, a miña peor inimiga. Só lle importaba ser a máis popular. Cando ía marchar, escoitei un ruído aterrador, e de súpeto o ceo volveuse negro. Notei uns brazos rodeándome, calmándome do calafrío que recorría o meu corpo. Cando por fin reaccionei, decateime de que a miña inimiga Clara estaba a dar-me a aperta. Cando abrimos os ollos, o parque estaba escuro e o único que o salvaba de estar sumido na penumbra era unha delicada e sutil luz que producía un raio cálido, a única e última esperanza. Empezamos a buscar a saída, e Clara non deixaba de insultarme e botarme a culpa. Nun deses raios de luz vin os nosos pais chorando. Eles non entendían o coma no que estabamos sumidas. Os recordos viñeron a min, pero nun instante desapareceron. Seguimos intentando adiviñar que pasaba, pero os recordos fluían sen sentido. Clara repetía unha e outra vez a palabra accidente. Todo parecía un soño. Decatámonos de que eramos moi amigas. Inesperadamente viñéronme unhas imaxes á cabeza, as de dúas rapazas nun coche sufrindo un accidente. Ela dicíame: «Agora decateime de como es e descubrín que ti es a miña mellor amiga». Nese momento sentimos que o latido do noso corazón ía cada vez máis lento. Nese instante comprendémolo todo. Que ignorante era! Teño que estar no transo á morte para decatarme de que a miña peor inimiga é a miña mellor amiga. Cada vez sentiámonos máis débiles e máis fortes á vez. Era unha sensación estraña. Tocamos a morte uns segundos antes de volver ao mundo dos vivos. Os nosos pais alegráronse de recuperarnos. Estabamos no parque. A pregunta que ninguén sabía contestar era como chegáramos ao parque despois do accidente. Que mañá máis estraña.

UN PELO MOI SINGULAR


Había unha vez, un pelo. Este pelo vivía nunha cabeza. A súa vida era fantástica, ata que un día... caeu! Caeu nunha aula, pero non nunha aula calquera. Caeu precisamente en 2.º da ESO. Ao principio, asustouse, polo bárbaros que eran os alumnos. Pero o noso querido amigo o Pelo, que era moi astuto, quedou quieto nunha esquina, á beira da porta. Era tan fino e clariño que era practicamente imperceptible á vista de calquera humano común. Ata as señoras da limpeza que varrían o chan non o vían e pasaban ao seu lado varrendo, sen tocarlle... «nin un pelo».

Estivo alí tirado durante seis longos anos escoitando os mesmos mestres dando as mesmas leccións e, ao sétimo, ano aprendeu tantísimo que decidiu ir á universidade. Entón, aproveitando unha brisiña, deixouse levar con ela. Nun momento, coouse nunha xanela da universidade. Na *uni*, todo era terrorífico: os mozos tiñan pelo na cara e as mozas asasinaban os seus pelos das pernas cunha cousa que parecía unha guillotina. Elas chamaban a ese sacrificio «depilación» (ata o nome dá medo). O Pelo enseguida pensou: «Deus, son asasinas! Este sitio é un niño de morte!». Entón, respirou fondo, recapacitou e volveuse moi serio. En fin, que decidiu ir a clase cos mozos e mozas da *uni*, coma un alumno máis.

Cando acabou os seus estudos, xa tiña moitas carreiras: pelosicoloxía, estrutura do Cabelo, pelomaxisterio, enxeñaría capilar... Pero o que quería ser era escritor. Comezou a escribir as súas historias xuvenís, das cales unha estás a lela neste mesmo momento.

Ao longo da súa vida, foi a inspiración de moitos escritores da historia e das súas obras: *O abominable home das neves*, *Momo*, *Rapunzel*, *O home lobo*... E moitas máis obras, cuxos protagonistas tiñan unha gran mata de Pelo.

Categoría de
BACHARELATO - FP



A MUDANZA

Espertou. A cama resultáballe estraña. Eran as cinco da mañá. Decidiu adiantar a súa partida; sairía hoxe cedo e procuraría outra casa. Ergueuse, fixo uns breves estiramientos e acudiu ao cuarto de baño para tomar unha boa ducha. Quería apracer a súa mente: esa noite volvera ter pesadelos, as pastillas deixaran de facer efecto. Enredouse coa auga quente, era un privilexio do que non gozaba moito ultimamente.

Tirou as únicas prendas da súa talla do armario e buscou algo sinxelo, pero que lle dera unha aparencia elegante. Tras afeitarse a súa frondosa barba ao completo e cortar o cabelo longo e liso case ao cero, escolleu unha camisa branca e uns vaqueiros gastados; iso bastaría.

A xeito de despedida, ou se cadra de recordo, colleu a cámara de fotos que había na mesiña de noite. Percorreu primeiro o cuarto no que se encontraba: cunha gran cama de matrimonio e un amplo cuarto de baño na parede oposta. Saíu logo ao corredor, que estaba cuberto de instantáneas familiares. Esa casa albergaba bos recordos. Pasou entón ao cuarto dos nenos, cunha liteira ao fondo e decenas de xoguetes espaxados polo chan. Velaí que el nunca quixese telos. Fixo unha foto da cociña, que para el carecía de interese, pero desexaba plasmar completamente a casa onde ocorrera toda esa fantasía. Retratouno todo polo miúdo.

Deixou para o final a sala de estar; tratou de ser coidadoso cos ángulos da cámara, pero non puido evitar que saísen as manchas pardas da moqueta.

Antes de saír, colleu, de recordo, as chaves, baleirou a carteira que estaba na mesa e pousouna lentamente no corpo inerte do seu dono.

Pasaran tres días.

A familia de enfronte parecía agradable.

MATEO GONZÁLEZ MÁRQUEZ

IES A Guía, Vigo

NOSTALXIA

É pola tarde. A casa nótase baleira. Comezas a camiñar, atravesando as nubes de po que se forman cos últimos raios alaranxados da tarde. Non notas temperatura, e o piso de madeira confire un tacto agradábel aos teus nus pés. Cruzas a porta aberta da cociña. Non hai nada destacábel. A luz do Sol reflíctese nunha vella teteira de aceiro. Té de froitos vermellos con mel. Á túa irmá non lle gustaba demasiado, recordas, e mercábo por ti. Vas á sala de estar, na que hai unha televisión e un piano vertical. En canto o ves, lembras o ben que tocaba ela. A música inunda a túa cabeza. *Concerto para piano en sol maior*, de Maurice Ravel. Encantáballe tocalo. Achégaste ao instrumento e aproximás as mans ás brancas e negras teclas. Non. Nunca tocaches tan ben coma ela e prefires mantelo como un bonito recordo. De todos os modos non soaría. Pensamentos escuros inundan a túa mente. Trátas de relaxarte mentres sentes perder a respiración e unha forza no teu peito intenta saír. «Sabías que podía suceder, o ascensor non fora revisado dende había anos», pensas mentres somatizas o teu tormento. Notas como as bágoas tratan de brotar dos teus ollos, pero son interrompidas polo son dunha pechadura. A porta principal ábrese para dar paso á túa irmá. Volve de traballar como un día calquera. Sentas nunha pequena mesa cadrada na cociña, e a túa irmá senta en fronte túa, tras servirse unha cunca de té. Semella un día calquera, pero aquilo era xa cousa do pasado. Ela toma un trago e, mentres empeza a chorar, marcha correndo para a cama. Ti vas detrás. Tómbaste con ela, e dálle as boas noites e abrázala, a pesar de que ela non o saberá, pois ti xa non estás alí.

ANTHUANET MARCIA MALCA GAMA

IES A Guía, Vigo

SISTEMATIZADA INCONSCIENCIA

Cada mañá pregúntome como sería o amencer sendo humano. Podería espertar tarde ou equivocarme nun simple razoamento matemático de cando en vez? Fai pouco decidín investigar sobre os humanos e poder así tranquilizar a miña dúbida.

Antes ca nós, os robots, existiron os humanos: especie extinta principalmente polos efectos da súa contaminación. Porén, non todos os pasos humanos na Historia tiveron repercusións negativas. Existe (agora só en libro-gramas) constancia das súas maravillosas obras durante moitos períodos. Lamentablemente, os robots só estamos programados para desenvolver calidades informáticas.

A orixe da nosa conciencia comezou cos, agora afastados, móbiles. Siri foi o exemplo a seguir para os humanos que tentaron darlle conciencia plena a un robot, mais non o lograron. Aínda descoñezo o error na miña configuración que me permite escribir o que penso a diferenza dos outros robots. Estes só teñen unha conciencia mínima para recoñecer a acción que deben exercer dende que funcionan.

O descubrimento máis sorprendente foi a capacidade dos seres vivos para dar vida. Nós, os robots, non temos xénero e, polo tanto, tampouco temos a necesidade de buscar parella, como os seres vivos, para reproducirnos. Incluso se non buscásemos a reprodución, somos incapaces de xerar o sentimento buscado polos seres humanos: o amor, sentimento impulsor das súas accións dende o inicio ata o final da súa existencia e que nos levou a cometer distintas accións que acabaron coa mesma, limitándoa aos libro-gramas de Historia, que ningún robot consulta porque, ao gardala no noso almacenamento, considéranla prescindible.

Sentíndome cerca do final da duración da miña batería, non podo deixar de funcionar sen transmitir a existencia da miña conciencia propia. Seguramente este fenómeno expandirase ata que moitos robots sexan completamente conscientes. Por eles escribo unhas liñas que testifiquen a existencia do primeiro espertar plenamente consciente desta sistematizada inconsciencia.

ÁNGEL VIDAL RODRÍGUEZ

IES Salvaterra de Miño

«O camiño é o que nos ensina o mellor xeito de chegar e enriquece mentres o estamos cruzando.»

PAULO COELHO

O CAMIÑO

Camiñaba como todas as mañás por aquela senda, unha senda estreita e frondosa que se atopaba naquel bosque. O chan estaba asfaltado, pero os meus pés non o notaban a pesar de ir descalzos, posto que estaba cuberto polos restos de follas das árbores. Ía un día fermoso, o Sol alumeaba o meu camiño polas zonas nas cales a súa luz conseguía penetrar entre as ramas das carballeiras, das sobreiras e outras moitas árbores que alí se atopaban; o vento non zoaba e o ambiente era cálido. Camiñaba con calma, escoitando o cantar dos merlos, o son do peto que picaba na árbore... Ese ambiente producíame tranquilidade, deixábame pensar e esquecer. Ás veces, miraba cara a arriba e, entre as árbores, vía a claridade do ceo e seguía camiñando, contando as bolboretas coas que me cruzaba, sentindo o cheiro a aire fresco e natural. Pero, entón, o meu pé descalzo pousouse nunha pequena pedra do chan que me produciu unha dor horrible, e todo tornou escuro. O Sol agora era unha lúa chea, tapada por nubes de tormenta, o vento comezou a zoar, os lobos a ouvear e o moucho a oulear. A vista nubrouseme, pechei os ollos e, ao abrilos, souben quen era a pedra, esa pedra molesta que estragara a miña viaxe. Fora Carmen, a profesora de matemáticas, que estaba diante da miña mesa, mirei arredor e atopeime coas caras de risa dos meus compañeiros.

–Xoán, volve connosco e dinos a resposta do exercicio –dixo a vella con ton de burla.

Realicei un calculo mental rápido e espeteille:

– $X = 97$.

Calou, deu a volta e continuou coa corrección. Pechei os ollos e volvíñ camiñar.

AINARA ÁLVAREZ RAMÍREZ

IES San Paio, Tui

AO MEU CARÓN

Hai algo roto en min; os meus medos desbordan polas gretas que enchen as miñas meixelas. Son dor, son incerteza, son preocupación. Son o peso nas túas costas, son a atadura que te impide alzar o voo. Por que segues ao meu carón?

Sobre a miña cabeza flotan eternas nubes, sempre grises e cheas deuvia. Descargan a súa tristeza sobre ti que, inmutable, aguantas a chaparrada ata que me colles en brazos; estou empapada, ata o meu corazón treme. Docemente secas as pingueiras que esvaran polo meu rostro, tinguíndoo de melancolía. Por que segues ao meu carón?

A luz xa non vive na miña ollada, non escintila co pestanexar, a escuridade das miñas pupilas extinguiu as súas lapas, reducíndoas a cinzas, a meras bágoas negras. Estas estrelas dos meus iris debían alumear con forza se lograron atraer un ser tan puro coma ti ata a devastación que supón a miña compañía. Por que segues ao meu carón?

Sinto tanto os círculos escuros baixo os teus ollos, sinto o comprensivo xesto, as cansadas verbas. Sinto ser a causante de tanta dor e de te coñecer, porque sen ti todo acabaría. Pero non, ti négaste a soltarme mentres os espasmos axitan o meu débil ser, mentres imaxino novas formas de cortar o fío, de pechar os ollos. Non che pido que suxeites a miña man mentres caio, pídoche que a soltes. Por que segues ao meu carón?

Que hai nos meus beizos que piden bicos? Que hai nos meus gritos que inspiren cancións? Por que te empeñas en ser presente? Escóitame, sé pretérito, por moi imperfecto que sexa. Os meus demos pairan sobre ti. Fuxe. Fuxe! Ti que aínda podes, ti que aínda es, fuxe!...

Por que segues ao meu carón?

(Sorrís.)

–Porque te quero.

NOVAS

Ela era unha rapaza de ollos de lume e bágoas de mar. Unha rapaza calquera, coma ti ou coma min, só que ela creaba vida. Pode que tivese algo de meiga. Tiña un caderno de meigas e trasgos, con cicatrices de tinta e carbón. Un pequeno universo no que lle gustaba perderse na procura dun mundo mellor, un mundo no que as súas palabras tivesen máis valor, un país no que os seus dereitos fosen máis ca uns papeis sen sentido.

As ondas comezaban a xogar de maneira cruel con aquela cáscara de noz, chea de xente. O home que narraba aquela historia calou e as persoas da lancha volveron á realidade. Unha tormenta achegábase. A inquietude converteuse nun tripulante máis a bordo. Novos, vellos. Mulleres, homes, nenos. Non importaba. Aferrábanse todos, tremendo a súa atadura. Habería unha besta mariña baixo eles que estaba a probar sorte? A espuma engalanaba o bote. As vogas cada vez eran máis grandes. As palabras quedaron molladas, incapaces de saír dos beizos destas persoas. Algún choro desesperado dun pequeno era acalado pola preocupada nai. Houbo un viro inesperado. A barca envorcou, volteou completamente. Houbo varias salpicaduras, e logo, nada. O mar volveu ser tan silandeiro coma antes, traizoeiro. Coa tormenta, un milleiro de esperanzas e soños, incluída a nena de ollos de lume, volverán ser un número máis nas noticias da mañá.

ET LUX IN TENEBRIS LUCET
(E A LUZ LOCE NAS TEBRAS)

Abriu o día, mais aínda quedaba algún grilo chifrando entre a herba mollada polas bágoas do resío. As raiolas do Sol xa estaban chamando por min para me erguer. Levanteime decontado da cama. Aseeime con auga fría para reactivar o corpo, puxen o traxe dos domingos e botei un pouquiño da colonia do avó. Sempre me gustou pór esa fragancia os días importantes.

E hoxe era o día. Mamá, dende que falecera papá, gardaba nun cacharriño de Cola-Cao os cartos que conseguía de vender os becerros e os cabritos. Con eles, poderíamos ir nun cruceiro por Atenas, Marsella, Malta ou Alexandría. «O mar Mediterráneo é o berce da cultura occidental», dixéranos o noso mestre, o padre Fiz.

Fun ao cuarto do avó Campio e abraceino moi forte. El, prostrado na cama, díxome devagar: «Ata sempre, meu rei». Botei a chorar, porque a súa enfermidade lle estaba levando todo o seu xuízo. Deseguido, a avoa comezou a bicarme toda a cara e meteume unhas herbiñas brancas no peto. Acompañoume ata a porta, onde xa estaban mamá e o cocheiro.

Despois de despedirme dos veciños, emprendemos unha longa viaxe de dous días ata o porto. Alí estaba o padriño cunha maleta vella e encoirada, ao lado da lancha que nos levaría ao cruceiro. Aledoume moito saber que el viña tamén. Mamá díxome que subise rápido co padriño. Gardeille un sitio para ela porque había moita xente.

A barca arrancou sen mamá. Berrei por ela ata que o padriño me dixo onde iamos realmente. Colleume no colo e aloumiñoume ata que quedei durmido.

Espertei ao oír uns berros arrepiantes. A auga ía entrando na barca ata que a devorou por completo, ao igual que ao corpo do padriño.

E, no medio da escuridade, apareceu unha luz.

PUM

Papá disparaba sempre, cunha certeza incommovíbel, na diana da caluga do raposo. Esnaquizaba un ollar de fatídica inocencia que emitía a íntegra súplica da humanidade, anicado sobre a erma paisaxe do coto de caza familiar. Era unha paraxe inerme que detiña o tempo nunha época indatábel, á que acudiamos con certa asiduidade, coma nun acto ritual de morte e vinganza: papá adoitaba dispor en ringleiras os rostros da barbarie e, nun laio intanxíbel de metralla e frenética gargallada, volvía disparar ao xa inerte.

Papá non gostaba da nena que eu convidara ao seu espectáculo da desvergoña. Non gostaba dela e falaba con ferruxe desdentado de algo anterior e da guerra.

Nós as dúas xogabamos á guerra. Pum, ratatata. Lembro a aflición das balas invisíbeis xurdidas case por emanación do seu índice e anular, que esmorecían na inxenuidade. E lembro tamén o mísil que, atravesando a despótica cúpula da ficción da infancia, se materializou aquel día no traxecto ata o seu corpo. Un disparo, de certeza incommovíbel, na diana do seu ollar, xurdido de min, da miña mesma man; anicada, emitía a súplica íntegra da humanidade, pregaba sobre a erma paisaxe do acibeche.

Entón, el acariñoume o cabelo na imperturbábel visión do meu crime e, coa fachenda nas fauces, cuspiu: miña nena, estás a te facer maior, estás a comprendelo todo.

Logo, cargou no remolque os cadáveres da xornada, dispúxome no asento traseiro e arrancou. Aquel continuo verter de sangue, aquela ría mesta de barbarie abandonada na beira da autoestrada, reclamaba a miña ollada de absoluta incompreensión mentres a terra se tinguíu do vermello dunha época sen data. E, naquel automóbil, o país todo resumido: eu, tratando de comprender coma a outra metade da nación podía continuar imperterrita o avance co latexo da morte no retrovisor, naquela senda que non conducía xa a ningures.

SUPERSEGUROS

Joe Kirby rematou de dar a súa charla informativa sobre todas as vantaxes e servizos da súa axencia de seguros a aquela parella de mozos que acababa de chegar á gran metrópole.

–Non imos firmar nada –afirmou tallante o cabeza de familia.

–Acaso non se preocupa pola seguridade da súa muller e da súa filla que acaba de nacer?

–Por iso mesmo decidimos mudarnos a esta cidade. Os superheroes protexerannos.

–E quen vos protexera deles? –Joe agardou un momento a que os Johnson asimilasen aquela pregunta–. Acaso non sabe o destrutivos que poden chegar a ser os seus poderes e habilidades? Os superheroes non renden contas a ningún cando se trata de atrapar os supercriminais. Cre que Supermenganito os axudará a reconstruír a súa casa cando loite contra o Doutor Malvado de quenda? A miña axencia especialízase nestes casos.

Os Johnson aínda se mantiñan á defensiva, pero Joe non tivo que agardar moito para que chegase a demostración en vivo e en directo das súas palabras.

Un estrondo fixo que a señora Johnson acudise de inmediato ao berce do bebé que xa comezaba a berrar. Mr. Johnson acercouse á ventá en busca de respostas. Contemplou como a fachada do edificio de enfronte estaba a se esborrallar a causa dun daqueles superenfrontamentos que tanto lles gustaba ver cando os retransmitían os telexornais na seguridade do seu salón a quilómetros de distancia.

Aos cinco minutos, os Johnson xa estaban asegurados a todo risco grazas a Seguros Excelsior, cuxo lema é «Non necesitamos superpoderes para protexelo a vostede e á súa familia».

A VERDADEIRA REALIDADE

Chovía como nunca. As pingas de auga chocaban contra a miña ventá. Ignorando as molestias, eu seguía alí *A bela adormecida*, no Gran Teatro Salesianos de Vigo. Inconscientemente fixara a miña memoria naquel abrir e pechar da plaqueta; a directora estábame a pór nervioso. Cada vez que daba unha zancada no parqué, os obxectivos das cámaras apuntaban descaradamente cara a min sen parar de gravar. Chegou tal momento que me sentín agoniado; sentínme o centro do universo, todos os telespectadores estaban pendentes das miñas queixas, das miñas bágoas, incluso dos meus bocexos. A situación era tan extrema que ata apareceu alí a miña cama, o meu armario, a miña moza..., ademais das persoas máis importantes da miña vida, que entraban en acción en certos momentos coa finalidade de complementar a miña figura. Non podía crer o que estaba pasando polo meu cerebro, aquilo si que era ficción.

Empecei a falar cos meus amigos, pero decateime de que os seus xestos eran moi marcados. Tras minutos e minutos de espera polas súas respostas, vin que os seus beizos non se movían. Neste período de tempo puideron mirar ata con lupa os grans do corpo de cada un.

Finalmente encontrei uns fíos vendo cara á Lúa. Ao principio non lle dei moita importancia, confundíraos co pelo, pero tras observar por segunda vez vin que todos os meus compañeiros semellaban uns macacos, que a directora da miña obra era un Playmobil, a plaqueta que ela sostiña era a barreira da autoestrada e... Aggg!

–Perdón, caeume un cadro mentres limpaba. En que estabas pensando? –dixo meu pai.

–Nada importante, só vin un reflexo da realidade. Eu son o protagonista da miña vida, son o director do meu futuro e... Papá, ti es un macaco?

SUÍDO

Lau camiñaba con paso lixeiro por un camiño de terra que levaba ao alto do monte. Levaba unha pucha, gafas escuras e unha botella de auga na man. Camiñaba con decisión, como se coñecese ben o lugar.

O camiño de terra era un rego entre decenas de muíños de vento, que coroaban as lombas do monte.

Fixo unha pequena parada, levantou a vista e achegouse a un dos muíños.

–Como se lle pode chamar a isto un muíño? –dixo en voz baixa.

Nese intre, tocouno coa palma da man.

De súpeto, veulle á cabeza a imaxe do pequeno muíño da súa aldea. Lembrouse da humidade do río, da lama dos carreiros, da man da súa avoa, do tacto da pedra, do brión, do ruído ao abrirse a porta, da escuridade, do son da tarabela!

–Como se lle pode chamar a isto un muíño? –repetiu mentres sentía o tacto frío e metálico.

Baixou a man e ergueu a cabeza. O ruído seco e cortante das pas do muíño asolagábao todo cunha cadencia matemática.

Lau sempre pensou que os muíños que non xiraban estaban en folga, enfadados por estar orientados de costas ás Terras do Ribeiro, colocados alí ao capricho do vento.

Nese momento lembrouse dos seus veráns ao carón do encoro de Albarellos, esa mesma presa que os muíños non podían ver, esa mesma paisaxe que agora ela só podía sentir, condenada polo antollo da enfermidade.

Nese instante escoitou pasos e xente falar, colleu o seu caxato e achegouse a eles...

UNHA PELEXA CONTINUA COMIGO

Corre, segue, non pares, non mires atrás.

Estaba fuxindo, estábame pisando os talóns.

Enleeime con ela nunha pelexa de verbos malsoantes e mans voando por todas as partes.

Conseguín gañar un pouco de tempo e volvíñ fuxir.

Caín ao chan, levanteime rapidamente, mireina.

Estaba detrás de min, sorrindo, e cunha mirada fría e desafiante.

Eu escapaba dela, pero tiñamos moito en común.

Ambas as dúas pensabamos igual, moviámonos igual, falabamos igual e eramos unhas incomprendidas. O único problema era que non nos entendiamos ben e non confiabamos a unha na outra.

Non sabiamos quen eramos en realidade... Ela tiña un carácter rebelde, era atrevida, realista e segura de si mesma, tamén un pouco violenta, non sabía canalizar a súa enerxía. Eu era tímida, insegura, soñadora, invisible e calada, escondía moitos segredos. Pero as dúas unidas conseguíamos ser únicas.

Se eu desaparecese, ela tamén o faría. O noso lazo era vital.

Cando estabamos as dúas xuntas non me sentía demasiado cómoda, facía que me dese conta da realidade, espertaba os meus medos.

Tentei fuxir de novo, pero entendín que non podo escapar de min mesma.


TREBOADA DE PRIMAVERA

A treboada está cerca. O aire enrarécese. O vento sopra cada vez máis forte. O azul do ceo deixa paso ao gris, desaprachable, triste. El atópase no xardín, lendo. Mira cara ás nubes e nega coa cabeza. Eu obsérvo de lonxe. Desde que o vin por primeira vez, cando era nena, os seus ollos castaños e o seu cabelo despeiteado estiveronme perseguindo en soños. Hoxe, tras o estoupido da treboada, verei cumprido o meu desexo.

O vento fai de randeeira e balancéome suavemente. O frío que comezo a sentir non me afecta: xa o escoito vir. O lóstrego que anuncia a terrible treboada estase achegando. El levántase, deixa o libro a un lado e mira cara ao ceo. Eu caio e convértome en pequenas pingas. Todas caen e algunhas rematan a súa viaxe moi cedo: toparon cun paxaro desprevido ou cunha árbore demasiado alta. Sinto como se pequenas partes de min fosen desaparecendo. Pero a pinga que leva o meu desexo segue intacta. Simplemente cae. E cae. E cae. E segue caendo ata que finalmente alcanza o seu destino: os rosados beizos do mozo. Ese era o meu soño: chegar a formar parte un día, aínda que só fose por un segundo, del. Sabía que estaría no xardín no momento da tormenta. Sabía que miraría cara a arriba; sempre lle gustou observar as nubes. Así que tamén sabía que podería ver o meu soño cumprido. Sabía que podería darlle un bico, por efémero que fose, e que o lembraría aínda cando non estivese completa e me convertese tanto en xeadas como en auga salgada. O meu derradeiro pensamento sería el e o suave tacto dos seus beizos e, con iso, tería suficiente.

A BELA ADORMECIDA

Son as sete e non espertou. Os berros da súa nai, Mercedes, non a sobresaltan, pois está demasiado cansa para erguerse. Non é só cansazo físico, senón unha mestura de doenzas variadas. Mercedes séguela chamando, agora con rabia, furiosa pola idea de que Laura perda as súas tan necesarias clases. Á rapaza dálle igual. Leva dez minutos esperta sen mover máis ca os pés, pequenos e fríos. A nai achégase á porta e ábrea con tanta forza que esta peta contra a parede, provocando que Laura se erga rapidísimo. Aínda que a súa nai a mira en fite, Laura non é totalmente consciente do que ocorre. Só pode pensar nas súas liortas interiores. Isto vai acabar con ela. Os pés seguen fríos e moi delgados, igual ca o resto do corpo. Xa hai tempo que comezaron as súas disputas interiores e agora estas tornan nunha guerra que a está matando. Ela quere asinar a paz, pero a loita é tan intensa que o seu exército non llo permite. Tamén ten frío nas mans. Pasaron nove meses desde a súa última regra e morre de ganas, literalmente, por ir ao centro de saúde e que eles asinen a paz. Pero antes débese erguer e sacar as forzas que tan durmidas estiveran. Levántase pero non se levanta. Aínda non espertou? Si, está esperta noutro mundo. Os pés e as mans xa non están fríos. Non existe o frío. Rematou a guerra. Laura ve como a súa nai cae ao chan e corre ao seu carón para axudala, pero non pode. Será isto un soño? Non, os soños xa morreron e o que non son soños tamén. Laura comprende que o seu exército perdeu a guerra. É outra Bela Adormecida que xa non vai espertar.



Categoría de
ADULTOS

GAÑADORA na categoría de ADULTOS

MARÍA TERESA IGLESIAS YUGAT

IES Manuel García Barros, A Estrada

HORIZONTE CON NEBOEIRO

De noite, con chuvia, a aldea é un recuncho esquecido sen máis horizonte ca a brétema.

A humidade enchoupa as tellas e pinta de verde as fendas das paredes quebradas dos alboios.

O silencio escuro só se ve rachado polos ouveos dos cans que ventan estadeas de raposos en procesión entre chousas e roleiros. Ou polos berros magoantes dos gatos á xaneira.

A auga que cae polo picho da fonte murchou o ritmo que mantiña outrora e xa non cantaruxa ao petar contra o fondo da pía. Xa non se ve a pedra. Cómpre adiviñala debaixo do brizo, das lampazas e mais os limos que cobren completamente a conca silenciando un son vivo que convidaba ao sosego.

O que hai agora é unha babuxa amouchada, unha morriñada sombría e muda.

Tras os vidros das fiestras custa traballo sospeitar que houbo vida. Nin un movemento, nin un asomo de luzada, nin un xemido nin un lamento.

A maioría das casas son ruínas, que amosan, pornográficas, os recantos máis íntimos entre paredes núas, derrubados os muros, que protexían interioridades antes agochadas.

Algunhas vivendas xa foran invadidas pola maleza: sabugueiros, silvas, maceiras bravas e loureiros tecen un urdido labiríntico de natureza asilvestrada tapando o que fora un fogar e os seus cortellos.

A cruz do hórreo perdeu un brazo e é o único elemento do espigueiro que se foi librando de ser tapizado por unha morea de hedras mestas.

Outras casas, tamén deshabitadas, coas paredes outrora brancas, están cheas dun caruncho preto que foi adoptando todos os matices da negritude. Están en fase de pre-ruína. É cuestión de tempo. Estrugas, mentrastes e fentas teiman por impoñerse. De momento van gañando a fouce e a gadaña.

É un combate contra o tempo, perdido de antemán.

Aquí non hai relevo: nin de xente nin de animais.

FINALISTA DESTACADA na categoría de ADULTOS

MARÍA FÁTIMA GONZÁLEZ COMESAÑA

Facultade de Química, Vigo

MULLER DA MIÑA VIDA

Acariño as túas mans trémulas, que até ben pouco me abrazaban, cando aínda non te sumiras na fragilidade da memoria do que fuches. O sufrimento que sinto non é o reflexo da dor nas miñas carnes, senón a impotencia de non ser quen de arrincarte do teu desterro no esquecemento. Daría a vida por escoitarte pronunciar o meu nome como facías antes. Pero non me lembras, meu amor, e non deixas de preguntar: «E ti quen es?». Esqueches os teus fillos, a min, á vida que tivemos, plena, difícil e venturosa. Non recoñeces as ligazóns que nos levaron día a día a cumprir as nosas vodas de ouro hoxe mesmo. Só falas da túa mamá e preguntas: «Foi lavar a roupa ao río?». Meu ben, hai moitos anos que mamá xa non está, e a autoestrada matou ese río onde supliquei polos teus bicos fuxitivos, regalos escondidos da posguerra, zume culpable de paixón. Cada noite nos meus sonhos boto a chave do presente e abro as portas ao imposible, utopía onde volves chararme polo meu nome sen axuda, musitando feliz e entregada: «Quéresme igual que cando era nova, meu ben?». Muller da miña vida, quérote nos meus sonhos imposibles, pero inda te quero máis cando desfeito a chave pola mañá e te oio dicir mentres acariño as túas mans trémulas, que antes me abrazaban: «E ti quen es?».

FINALISTA DESTACADO na categoría de ADULTOS

PABLO NOGUEIRA CAMPO

CRA da Picaraña, Pontareas

DISPARO

Ela representaba a viva expresión da incerteza. Unha escolma de sensacións mesturándose a lume de carozo nun cerebro confuso. A faciana palidecéralle de súpeto ao decatarse de que sería o único branco da diana. Nunca pensara en chegar a aquel lugar do que tanto escoitara falar. Posuía o medo inoculado nunhas pupilas que circundaban con graza os seus senlleiros ollos castaños. Era a mostra de que acabara de comprender que xa non había volta atrás.

Custáballe moito que non lle tremelicasen as pernas. Non era quen de disimular semellante nerviosismo. Unha gota de suor escorregáballe dende o bico da fronte ata esvararlle, con insolencia, pola fazula esquerda. Quizais iso podería distraer aquel home de mostacho refinado e ollos grandes que tiña ao carón. O tipo tiña sona de apuntar ben. O seu obxectivo era un dos máis cobizados de cantos había na contorna.

Non quedaba demasiada marxe para o erro. O trebón xa encozaba a sentirse. Unhas nubes escuras levaban tempo cubrindo o ceo, que mudara en cincento. Semellaban en consonancia co incesante latexar do corazón da moza. Todo estaba listo para o disparo. Se cadra precisábase máis dun para rematar co asunto, pero, ás veces, cun único disparo, resultaba máis que suficiente.

O tipo chiscou o ollo esquerdo e estendeu o dereito para afinar a puntería. Preparou o dedo polgar e o furabolos para acadar a darlle remate á manobra que tiña entre as mans. Accionou o disparo ao tempo que o silencio asolagaba o sorriso do home ata convertelo nun aceno xélido. Ela ficaba inmóbil sobre unha vella peza de madeira desgastada a propósito.

O fotógrafo dixo que podía mudar de postura para tirar a seguinte foto do repertorio. Ela, por fin, ripou o medo das costas. A súa primeira experiencia coma modelo fotográfica encozara ao xeito.

FINALISTA DESTACADO na categoría de ADULTOS

MARTIÑO RIERA RODRÍGUEZ

CEIP Plurilingüe de Chancelas, Poio

CANTO DURA UN INSTANTE?

Coñecéranse grazas a un tropezo. Un tropezo literal, dos que fan que un se sinta parvo primeiro e que o levan a maldicir o chan a dúas alturas despois. Unha torpeza, porén, oportuna, que fixo que ela se achegase para axudalo a levantarse e o invitase a sentar xunto a ela. Terminada a presentación do libro, continuaron falando, percorreron recunchos da vila, lugares de cadansúa memoria e teceron, devagar, unha desas longas conversas que a miúdo brotan cando un bo libro e dous fieis lectores se xuntan.

Decidiron quedar ao día seguinte no mesmo sitio onde se despediran. Unha terraza tranquila e o mar calmo de fondo sempre invitan a conversar, pensou el. Tras eles, a illa de Tambo recortábase no horizonte acariciando o Sol do serán. El notábase nervioso, mais ela, as mans entrelazadas sobre a mesa, facía sitio á serenidade en cada pestanexo. Durante un intre, sentiuse paralizado polo verdor daqueles ollos, coma se a propia Medusa, aquel monstro da mitoloxía grega que convertía en pedra aqueles que a miraban fixamente, estivese ante el. Nunca uns ollos o escoitaran tanto e o vulgaran tan pouco.

A inqueda inicial foise esvaecendo e, logo duns minutos, os dous parecían gozar daquel momento, coma se ansiasen as palabras que aínda non foran pronunciadas, coma se quixesen facer daquela a súa propia historia interminable. En pleno luscofusco, chegou o instante, ese que agora el recorda tantos anos despois, co mesmo libro entre as mans, coa mesma illa de fondo. Ata o faro de Tenlo parece sorrir, cómplice, ao recordar canda el aquel instante da conversa. Aquel momento no que ambos ficaron en silencio e el notou como aquel ollar verdoso cambiaba de intensidade, pou-sándose directo nel e facéndolle sentirse, por primeira vez e por sempre, alguén especial.

MARÍA DEL MAR CANEDA ESTÉVEZ

IES de Sanxenxo

O SEÑOR EDUARDO

O señor Eduardo ergueuse e abriu a fiestra para, entre os barrotes, ollar a xente moverse pola rúa. Xa levaba un anaco alí cando o seu respiro se entrecortou. Unha moza de mediana idade e unha beleza extraordinaria, segundo o propio Eduardo, subía camiñando pola outra beira da rúa. A moza mirouno, saudouno cun aceno de man e un sorriso amigable.

A Eduardo comezou a latexarlle forte o corazón. A moza saudáralo como se o coñecese. Iso podía querer dicir que «a rapaza quería algo» con el. Ese pensamento meteuse moi forte na cabeza do señor Eduardo e, dende ese día, decidiu estar na fiestra á mesma hora para vela subir.

Ao outro día, volveu vela, e ela fixo o mesmo: saúdo e sorriso. Pero esta vez Eduardo, en lugar de quedar embobado mirándoa como o día anterior, correspondeulle co mesmo sorriso e co aceno de man, o que fixo que a moza rise. Isto encandeou de todo a Eduardo. Decidiu que tiña que facela súa.

Pero no domingo a moza non pasou. Con tal decepción, Eduardo estaba que fervía. Así que se deitou na cama e deixou voar a imaxinación. Viuse coa moza enriba del totalmente núa. Esta imaxe causoulle tal erección que ben soubo aproveitar. Pero o seu corazón xa non puido máis.

E así o atoparon na habitación da Residencia. Cunha man no membro viril e outra no peito. O 061 chegou pronto, pero dixo que non había nada que facer.

No outro día, o pobo murmuraba as circunstancias da morte do señor Eduardo. Incluso a moza «causa da morte» comentaba chorando:

–Vaia, agora que parecía que se poñía mellor da cabeza, que ata me saudou! O veciño que tantas veces me coidou cando eu era cativa e meus pais non estaban.

SOIDADES

Era obrigatorio aquel café, precisaba unha explicación. Escoitara falar moitas veces da soidade que experimentan os nosos maiores, de como a sociedade se afasta deles a medida que os anos se traducen en engurras e corpos encollidos. Xamais pensei que esa profunda sensación de abandono puidese chegar a afectarlle a alguén tan novo coma ti. Xamais imaxinei que ese sentimento te levase a escribir a túa propia necrolóxica, só para comprobar, «tras a túa morte», se significaras algo especial para alguén.

Aínda que nada escribín naquel obituario dixital que anunciaba a túa partida, derramei bágoas de tristeza polo teu final. Mentres lía as emocionantes frases de condolencia escritas por persoas para min descoñecidas lembrei os nosos paseos, as nosas charlas, as nosas risas. Logo, apareceu a distancia. Non sei por que. A vida, supoño. Cada un coa súa.

Dez anos sen saber de ti e de súpeto Internet falábame da túa morte. Tecleara o teu nome e apelidos nunha busca inocente e a pantalla do ordenador cuspiume a noticia. Dous meses despois de asimilala, o estupor do encontro. Cando nos cruzamos non o podía crer. Primeiro a meirande das apertas. Logo as preguntas atropeladas.

–¿Un café? –preguntaches. E co café veu a increíble explicación. Enfadeime. Non entendía os teus motivos. Recrimineite por xogar a un xogo tan macabro. A túa resposta sorprendeume.

–Necesitaba esas palabras de agarimo que non recibía en vida –dixeches.

–Xamais as pediches... –murmurei incómoda.

–Ti cres...? –insistiches.

Non souben que dicir. Mirándote aos ollos, por fin o entendín. Hai moitas formas de suplicar afecto, pero, ás veces, non sabemos mirar.

PARÍS

Alí estaba El, a carón da lareira coa mantiña de cadros, coma se o tempo se detivese naquel París do sesenta e tres. Cada vez que unha verba saía dos seus beizos, unha bágoa acompañábaa. «Foron tempos moi duros. A vida do emigrante nunca é fácil», borbóriñaba coa voz entrecortada, quizais pola emoción dos recordos, quizais pola escaseza de folgos.

Eran os derradeiros días. Sabíao. Sabíámolo.

París, a cidade da luz, fora moito máis ca iso. Cando El chegou alí, levaba unha maleta chea de ilusión e baleira de roupa. Dúas semanas andou coa camisa de cadros e o pantalón da misa. Dúas semanas, ata que o capataz lle entregou a primeira «quincena». A emoción foi tan intensa e á vez tan diferente á que o invade agora ao recordalo. Aquela primeira paga semellou mesmo o milagre do pan e dos peixes; pagou a renda da barraca, fixo a compra semanal, mercou un pantalón e unha camisa e aínda alcanzou para enviarlle algo a Ela e aos tres cativiños que aquí deixara.

As semanas eran longas e o traballo na obra, esgotador, pero estaba alí, en París. O domingo, día de folga, era o momento de mesturarse entre a xente, no metro, nas maxestosas avenidas... «Non o está a facer mal, o tal De Gaulle –pensaba el–, pero eu volverei á miña Galiza.»

83 anos poden dar para moito; para ir, para volver, para lembrar... Alí, a carón da lareira coa mantiña de cadros, con París na súa mente e Galiza no corazón, unha nova viaxe comezou.

VIAXE Á PRAIA

Quería volver á praia. Estivera tan só nunha ocasión. Sen dúbida, o mellor día da miña vida.

Mamá prometeume volver, pero agora di que vai frío. Que máis ten! Para mollar os pés calquera momento é bo.

Sei que mamá traballa case todos os días e que non lle gusta conducir. Tamén sei que evita o mar desde que papá marchou no barco co patrón e non regresou. Mamá di que me estou volvendo caprichosa e que canto máis insista peor. Mais non podoo deixar de pensar na praia, nas ondas... Coma ese día que sentei na area e alí quedei mentres as olas rompían aos meus pés. Logo, seguí un cangrexo polas rochas. O mar levouno, a min deixoume...

Pensando nisto adormecín e soñei que bailaba coas ondas esa canción que, ás veces, bailaba con mamá no salón: «Bate que bate... maionesa». Os pequenos peixes facían sons de trompeta mentres eu saltaba entre as rochas cos cangrexos e caramuxos. No soño tamén escarvei un túnel coas miñas pequenas manciñas e na area atopei un verdadeiro tesouro: unha gran cuncha rosada. Gardeina no peto e pensei facer un colgante para mamá mentres seguía bailando coas estrelas que brillaban máis que calquera outra noite.

De súpeto, caín coa boca aberta na auga. Tusín e espertei na miña cama, cuberta coas dúas mantas coas que mamá me tapa cada noite. Abrín os ollos. O soño fora tan real que era como se estivese verdadeiramente na praia, bailando, saltando... Ata sentía o sabor do salitre.

Deiteime de novo sabendo que non sería quen de durmir. Estaba tan excitada! Ademais, sentía unha molestia á altura das costas. Era algo que tiña no peto do pixama. Acheguei a man e quedei sen palabras: alí estaba... a cuncha rosada!

CIBERGUERREIROS

–Non te durmas, por favor! Precisamos da túa axuda!

Cando Aurora espertou, sentiuse decepcionada. No seu centenario sono, a miúdo soñara co príncipe azul que a espertaba cun bico de amor, pero en nada se parecía a aquel cativo.

–E logo, ti, que tipo de príncipe vés sendo?

–Eu? Eu non son príncipe. Son Brais, só un rapaz.

–Estou... no mundo real?

–Aínda non, estás no meu maxín, a un paso da realidade, pero antes...

El faloulle dun xogo que atrapara todos os cativos. As rapazas, sentíndose abandonadas, decidiron seguios e mocear no seu mundo virtual: xa non volveron. Cumpría facer algo axiña para rescatalos.

–... tes que convencelos. Están todos en Internet. Alí a forza da túa vontade é ilimitada e as cousas ocorren á velocidade da luz. Só ti podes facelo.

Todos recordan aquilo coma un virus que se propagou pola rede. Creáronse nos servidores equipos coma «Brancaleves e os sete cabritos» ou «Madrastas' Team». Eran imbatibles e foron ocupando os primeiros postos dos cadros de honra, deixando fóra os humanos. De súpeto desmembráronse. Cada un dos seus compoñentes ofreceuse a todo aquel que os aceptaba. Só poñían unha condición: quen quixese telos consigo tiña que ler o conto do que saíran. Se lle lían o conto a outros ou conseguían que outros o lesen, obtíñanse habilidades especiais para a personaxe. Todo o mundo os quería no seu equipo e por iso volveron ler. Ao principio con fastío, pero logo con tanto pracer que acabaron quitándolle horas ao xogo para dedicarllos aos libros.

–O teu plan era fantástico, Brais! E agora que?

–Ti tes que decidilo. Podes volver ao teu conto ou quedar. Eu non son príncipe, pero poderíamos ser amigos. Xa sabes..., só tes que desexalo.

–Si... deséxoo!

NON NOS ESQUEZAMOS DOS COMENZOS

Encántame o meu traballo, sempre estou rodeada de moitos compañeiros, e o mellor de todo é que todos son distintos. E iso é o que máis sentido lle dá ao meu traballo.

Todos xuntos axudámonos para que todo saia ben en todas as seccións, porque o noso deber é que cando a xente nos visita poidan atoparnos sen ningún problema. Cada sección está separada por diferentes letras. Na sección A atópase a aguia, na C está o cervo, no X anda o xabará e no L está o león, e así non temos tanta complicación para atopar o que necesitamos.

A verdade é que cada certo tempo imos ampliando algún máis, así cando os visitantes cheguen aquí non pensan que non está o que eles buscan. A orde é moi necesaria para non atopar sorpresas inesperadas.

Encántanme as visitas, cada día temos algunha que outra, e non fai falla que teñas unha determinada idade para visitarnos e coñecernos. Poden vir todos, grandes e pequechos, vellos e novos, porque aquí todos aprenderán algo novo.

Sen ir moi lonxe onte viu por aquí Xan co seu avó Anxo, e Anxo ensinoulle a Xan o que era un ornitorrinco e como podía atopalo na sección O.

Co paso dos anos atopámonos cun pequeno problema, cada vez as visitas son máis escasas porque temos competencia das novas tecnoloxías. Pero non é tan preocupante, xa que todos os días alguén pasa a facernos unha visita. Está a punto de chegar o mellor momento do día, escoitade:

–Xan, colle o dicionario, que hoxe imos buscar o significado de *desparafusador*.

AGARDA POR MIN

–Veña, Anxo, apura!

–Vou!

–Vas, vas... Se sempre es o último!

–É que os demais son moi rápidos...

–E ti, ben lentiño... E desordenado. Tes todo ciscado por aí.

–Desordenado, non! Non sei... Se cadra un pouquiño...

–Menos leria, Anxo! Xa pasaron varios minutos e aínda non estás listo.

Será posible que sempre teña que estar a agardar por ti!

–Sabes...?

–Dime, Anxo.

–Non... Nada!

–Veña, anda. Cántame. Que me ías dicir?

–Nada... Non sei... Non rías, vale? O certo é que o fago a propósito para estar contigo... Non te decataras? Sempre o fago.

–Abofé que o fas! Pero... por que?

–Prométesme que non llo vas dicir a ninguén?

–Claro que non, Anxo. A dúbida ofende. Fala, anda!

–Teño medo, sabes?

–Medo a que?

–Vas pensar que é unha parvada, pero... Teño medo a quedar só.

–Non é parvada ningunha falar dos medos, pero ben sabes que non estás só.

–Xa sei... Pásame o mesmo na casa. Fago o mesmo con mamá e Sara.

–Se a túa nai e a túa irmá te adoran! Xamais te deixarían só.

–Si... E se un día saen e quedo só?

–Nunca estarás só. Ninguén está só. Aínda por riba estás rodeado de persoas que te queren moitísimo. Eu quéroto moito.

–Dásme un abraço?

–Anda, ven aquí... E deixa que te axude, que os teus compañeiros xa hai un bo anaco que saíron ao recreo. Veña! Baixamos xuntos.

GALEFAS

Galefas revive unha nova xeira e acorda cunha esperanzadora ilusión. Non era sen tempo, entre outras merendas, xa lle estaba a pesar a reuma, a presbicia e a parasimpática ciática. Sería esta ilusión causa da confluencia do ano do porco chinés coa descuberta da cara oculta da Lúa? Ou quizais a do cambio climático coa do dereito de autodeterminación e a supervivencia dos pobos? Ou mais ben por andar ás avesas dos improprios de novos xerifaltes, mentes excéntricas, deste misterioso e exuberante planeta? El non gustaba do desleixo, nin da bulimia do tempo que fecundaba animais extintos e asolagaba miles de verbas no universo. Algo había que facer, as crianzas non tiñan culpa da mecánica parasitaria que envolvía os seus ancestrais, o potencial estaba na semente volúbel dos cativos. A fórmula era o sorriso e a paixón, as dúas pariron a Galefas, neofalantes que, acompañados de simbólicos animais, inundan o espazo da sementeira na escola da Estación Vella, noutrora campo longo. Golfinhos, Esquíos e Vagalumes descansan, cada un no seu patamal, coa súa atmosfera pouco osixenada, para logo, se as forzas o permiten, camiñar entre chanzos tentando fornecer os pulmóns e chegaren á meta da normalización sobrevivindo con aire contaminado nun mundo máis xusto e respectuoso. Nesta singradura destacan heroínas que debullan palabras que semellaban antes estar prestas a hibernar no museo das curiosidades. Pequenas doncelas rosalianas que manteñen na inercia inmaturos abázcaros e que operculan a capa de ozono para que os Galefas teñan Mil Primaveras Máis. Non é doado, velutinas da semántica zoando non acreditan na diversidade, mais na fronte está a beldade e a afouteza dunha obra de arte milenaria.

DE TITANIO E NÁCARA

No fondo da cidade reinaba o silencio. A Lúa deitaba na ría un camiño de titanio e de nácara. A ponte de Rande escondía as mans. A noite retomaba a marcha.

Os xemidos dos amantes entoaban unha canción de estío. As ondas bicaban os barcos con sede de mexillóns: eran cen almofias repletas de soños, que deixaban sucos de choiva na cara dos mariñeiros. Había fame de cama. Non concordaba o sol do escaparaté coa contorna dos seus corpos.

E era aí, nesa silueta engulida polas letras salgadas, onde o meu avó prendía a maxia dos motores. Mirábaos de esguello mentres, na terra, as fillas do monte saloucaban cantos de serea. Cravara, unha delas, o lado triste da Lúa no seu peito e comezara a invocar a area no fondo do mar, e o mar bisboulle á area o seu tempo. Foi ela a que desterrou do fondo o segredo do meu avó: a miña liñaxe.

O meu pai caeu da ponte unha alborada do setenta e oito. Comezara a construción. Xa se envernizara o estreito cun cinto de mil cincocentos metros. Foi aí, nese punto da ría, onde o meu avó viu as augas engulir o seu fillo, namorado da miña nai.

Foron meses moi duros para a familia. Ao avó custoulle volver ao mar, pero, cando o fixo, trouxo pesca, unha pesca inusitada. Cando o meu avó volveu ao mar, pescoume a min.

Si, son filla dun pai afogado que voa alto e que rexe, coma as gaivotas, o centro da cidade; dun pai que crava o seu ollar en min, á vez que en todos, dende as columnatas; co seu armazón de peixe, co corpo de titanio e a mirada de nácara; dun pai que estraña ata as entrañas a mamá serea.

CHOVE

As pingas de auga esvaraban amodiño pola fiestra da clase. Semellaban ingravidas bágoas fuxidías fronte ao abismo. O ceo cincento perfilaba as siluetas dos tellados. Bordeando a lagoa asexaban, morriñentos, os vellos carballos, petrificados pola friaxe do inverno.

Unha ondada de notas musicais fixo eco na parede e repenicou contra os cristais provocando a eclosión de diminutos borboriños de luz. «O son do ar» peneiraba o silencio. A profe de pintura parecía cansa, sumida nunha auréola de vaguidade difusa que delouraba a súa ollada de mel. Uxía, ausente, sentiu o arrecendo amistoso da súa voz agarimándolle a pel. Os trazos finos do pincel concretaban as formas, e as cores iluminaban os baleiros enchendoos de vida. Mergullouse, inconsciente, no espello da lagoa na procura do grolo inspirador. Pero alí, soterradas baixo a superficie acuosa, agardábana as tebras. No pérfido reflexo visualizouse de novo indefensa, acurrallada contra o valado, coas lousas feríndolle as costas, aturando impotente os empurróns. Sentiu o medo furando coma raíz entre penedos, rabuñándolle os ósos, paralizano o tempo. As voces e gargalladas insolentes acoitelando o ar sen piedade. Pechou os ollos pero seguían aí: pantasma indómitas apoderándose da súa vida. Anicouse, cubriuse coas mans, aldraxada, minúscula.

Inesperadamente, un aloumiño tenro percorreu os seus cabelos louros. O seu corpo ensarillado desenfiouse sobre o pupitre. Sentiu como lle chovía dentro. Unha ferverza de bágoas abrollou mainamente das súas fontelas abertas. E no silencio da tarde foi quen de escoitar a voz de seda que puido liberala do inferno.

No horizonte, unha raiola de sol loitaba por acomodarse entre neboeiras. Uxía abriu a xanela para deixar entrar a luz e empoleirar a súa dignidade asolagada.

Sobre o papel, as olas, dun inmenso mar azul, fundíronse en aberta salgada contra os cantís, namentres un arco da vella coroaba de luces o solpor.

OS NOSOS

Teño medo. Cando chegamos todo foi moi confuso, en poucos minutos o plan que tiñamos deseñado mudou nun estoupido de berros, ordes cruzadas a través de megáfonos e disparos. Houbo disparos, si, húbosos, e iso foi o que me fixo botar a correr. Corrí tanto como puiden, non volví a vista e, de facelo, non creo que puidese ver máis ca un caos de xente bulindo en todas as direccións.

Ao principio, alcancei a ver un grupo dos nosos. Catro ou cinco, se cadra máis. Tratei de seguios, pero nese momento estopou aquilo xusto diante de min. Sentín un estrondo fortísimo que me levantou do chan. Caín nunha superficie húmida a carón dun conduto do que saía un líquido a presión.

Entón botei a correr de novo. Xa perdera de vista os nosos e non sei en que dirección fuxín. Limiteime a avanzar guiado polo instinto. Perdín o equilibrio dúas veces, polo menos; iso si o recordo. Unha desas veces caín sobre algo vivo. Vivo pero moi feble. Apenas se movía. Eu... eu non podía pararme. Agora penso que quizais fose un dos nosos. Non sei.

Hai un anaco cheguei aquí. Estou baixo unha estrutura de pedra, semia-berta. Procuo non moverme e falar en voz moi baixa.

Xa están aquí. Teño medo. Por que son tan violentos? Para que veñen con armas? Por que son así con nós? Dixeron que os humanos eran pacíficos. Dixeron que nos recibirían con agarimo...

Están entrando...

Teño medo.

O FUTURO DE SABELA

Á mestra, aquel día, deulle por preguntar polas nosas expectativas de futuro, como case todos os anos.

–María, dime, que queres ser maior? –preguntoulle á nena da primeira da fila.

–Veterinaria. –Contestoulle tan rápido que case non lle dera tempo a rematar a pregunta.

Case todas as miñas compañeiras dicían o mesmo. Eu calaba, pero pensaba que non lle ían chegar os animais para todas.

–E ti, Saleta? –Xa me tocou a min.

–Eu, personaxe de novela –afirmei.

A mestra, que tiña a paciencia máis grande do mundo e xa me coñecía, díxome:

–Explícanos, porque non sabemos ben o que é iso.

–Pois... –tomei alento– a miña avoa di que aos personaxes todo o mundo os coñece, como Don Quixote ou Brancaneves, e aos escritores non. E eu vou ser un personaxe dun novelo que vai escribir miña avoa.

–Hahaha –riu toda a clase.

–Será unha novela, Saletiña –espetoume Carlos.

–Será, pero eu vou ser un personaxe! –tamén lle espetei.

BOTTICELLI COMO CÓMPLICE

Pecho por un instante os ollos e volvo verte inclinar a cabeza lixeiramente cara a atrás. As túas mans escoan o pelo mollado formando un suco de prata que escorrega entre as omoplatas, aproveitando o leito da túa columna, para terminar caendo na area. Imaxino as túas costas con sabor salgado, habitadas por cabaliños de mar e bandadas de merlos que corren nerviosos ata a altura dos teus ombros. Penso que debe ser un bo lugar para quedar.

Camiñas sobre a praia e os teus pés intríganme. De onde virán? Imaxínoos pisando a culpa que me abafa.

Todo isto, as túas mans, o teu pelo e as túas pernas, sucedeu en apenas cinco segundos. Outra vez o mundo volveu xirar ao teu redor, e azoreime ao sorprendeme admirando a túa nudez; pensei que a liña que separa a depravación da paixón ás veces resulta moi difusa.

Proseguí o meu camiño, pero botei unha última ollada travesa. Iso si, con disimulo, non sexa que o pánfilo que habita en min se ofendese.

Hoxe o día está frío e gris. No libro de texto, unha Venus sobre a súa cuncha cóbrese con pudor, avergoñada ante as inquisidoras miradas que a xulgan. Porén, aquela mañá, ti nacías do mar exultante, allea á fascinación que provocabas.

Aburro o meu alumnado con volumes, perspectivas, eixos e diagonais. Adiviño na lámina un punto de fuga que ata o de agora me pasou inadvertido, unha liña imaxinaria que parte dos trazos de Botticelli ata converxer nas pegadas que debuxaban os teus pés na area, na vida que estalaba nos teus costados.

UN AMOR DE VERTEDOIRO

Pasaron anos xa desde que se bicaron por primeira vez. Non un bico como entendedes os humanos, claro, senón máis ben un chispazo de electricidade. No mundo cibernético tamén existen o amor, a atracción e as risas, pero todo traducido a código binario.

X-24 era un brazo robot que se encargaba de soldar portas nunha fábrica de coches. P-56 era un lector de códigos de barra dun supermercado. Coñecéronse, claro está, no taller de reparacións do barrio, despois de que os dous fallasen por unha subida de tensión. E subida de tensión foi a que sentiron ao verse, que non quixeron separarse nunca máis. X-24 empezou a chispear todo o tempo e a P-56 sooulle o mesmo ping-ping do *pack* de doce *bricks* de semidesnatada. Foi un amor a primeiro infravermello.

Desde entón, as visitas ao taller foron moito máis doces e chegaron a finxir avarías para volver estar xuntos. E iso que os dous eran moi cumpridos no seu traballo, pero de cando en vez desenchufábanse. Así foi como empezaron a verse.

Por desgraza, os humanos teñen pouca paciencia cos aparellos que se estragan de continuo, así que o supermercado e a fábrica de coches decidiron prescindir deles e substituílos por uns modelos máis modernos, que viñan do Xapón e non se estragaban nunca.

Agora X-24 e P-56 viven no vertedoiro. Un xa non ten o seu soldador nin o outro a súa pantalla de luces, pero non os necesitan. Pasan os días compartindo parafusos, brindando con aceite de motor e dicíndose poesías por fibra óptica.

E así gozan da vida, porque incluso os aparellos máis simples teñen o seu corazónciño.

PERDÍN A CABEZA

Na oficina de obxectos perdidos, durante a fin de semana, esperei horas entre nenas que extraviaran a inocencia e anciáns que perderan o tempo durante a súa mocidade. Cando chegou a miña quenda, díxenlle á funcionaria do portelo:

–Bos días. Perdín a cabeza.

–Ten algún número de referencia, factura ou signo indicativo que acredite a propiedade da súa cabeza?

–Non..., pero podería identificala ao instante.

–Acompáñeme á terceira planta. Recibimos moitas cabezas este ano, o almacén quedóusenos pequeno... Sección cabezas... A continuación da sección da perda de vergoña e dignidade.

Paseamos entre os andeis onde se amoreaban as unidades craniais, rolando os corredores, entre milleiros de cabezas que neses intres estaban a ser buscadas polos seus donos. Finalmente atopei a miña. Na balda máis baixa, chea de po e arañeiras. Segundo a funcionaria esa unidade levaba alí tempo de máis....

–É miña, sen dúbida.

–Ten vostede que acreditar que esta unidade é a súa cabeza.

–Cal é o procedemento burocrático?

–Señor, xeralmente ninguén a recupera. Só unha muller conseguiu recuperala. Tivo que vencer a burocracia do funcionariado, saltar rexistros e trámites, abrir dilixencias oportunas e, como non, aproveitarse de certas amizades no ministerio. Unha gran cabeza, aquela muller..

–Podo ensinarlle unha foto.

Era a fotografía do meu DNI, que fora inservible durante moito tempo. Na policía, no banco ou no supermercado nunca eran capaces de asegurar se a imaxe do meu carné era realmente miña, ao carecer eu da parte do corpo humano que se encadra en todo documento identificador.

–Terei que consultar co superintendente. Fareille chegar o seu caso.

Aos poucos minutos, un home veu cara a min con andares distinguidos. Cando me deu unha aperta de mans, non puiden mirarlle aos ollos.

Carecía de cabeza.

SEMPRE TARDE

Como cada mañá, era tarde. Gustábame deixar todo recollido, limpar o baño, tender a colada... Así que agarrei o maletín e o abrigo e saín correndo. Mentres cruzaba o parque, non deixaba de ver o meu móbil para revisar as mensaxes e comprobar a hora. Ensimesmado nos meus pensamentos, de súpeto, algo me deu nas costas e soltei un grito afogado, xireime e alí estaba: un home de idade avanzada suando e coa respiración axitada.

–Perdoe, caeulle isto.

E tendeu-me unha pequena bolsa de raias. Menos mal! Tiña o meu disco duro co traballo de todo un ano! Cuspín un «grazas» apresurado, dei a volta e botei a correr para non perder o metro.

A mañá seguinte non foi diferente, outra vez con présa, cruzando o parque volví ver o ancián sentado nun banco, sorriume e levantou levemente a súa boina.

Fixen unha xesto que podía interpretarse como un sorriso e seguín apurado cara ao metro. Dende aquel día esa rutina repetiuse. O meu xesto foise transformando nun leve sorriso e ata algún día acompañouse dun aceno coa man. Sempre entraba no metro co propósito de ir un día máis cedo e botar unha parrafeada con el, agradecerlle o gran favor que me fixera. Aquela bolsa para min era como un tesouro. Pero, á maña seguinte, ese propósito esvaeciase co movemento das agullas do reloxo.

Por fin o día chegara. Saín con tempo, parei nunha cafetería e pedín dous descafeinados sen lactosa e sen azucre, supuxen que coa idade só se podería tomar así. Podía ver o parque á outra beira da rúa. No banco habitual a boina gris sobresaía por encima do buxo. Baixei á calzada sen apartar a mirada da boina, ao tempo que un gran camión pasaba pola rúa...

DÉIXOME LEVAR

O murmurio de fondo espertoume. Os ollos estaban pegañentos e non era quen de abrilos, e a cabeza pesábame tanto que me custaba erguela. Estaba deitada na praia. Así espertei sen saber como chegara ata alí. O romper das ondas contra as rochas servíume para espertar de todo. A area queimaba e o Sol, xa ben alto, dicíame que ou saía de alí canto antes ou afogaríase.

Con tino fun quitando o salitre das pestanas e conseguín abrir os ollos. Doíame moito a cabeza e notaba un bo golpe na testa.

Quixen erguerme, mais non podía. O corpo pesábame, era como se estivese durmido, e as pernas non obedecían as miñas ordes.

Notaba preto a auga do mar, achegábase cada vez máis..., pero non tiña azos para fuxir dela. Cada onda subía con máis forza e, por fin, puiden moverme. Agora era doado porque comezaba a aboiar e sentínme moi liviá. O instinto dicíame que tiña que deixarme levar e, así, funme mergullando coma un peixe.

«Se non sei nadar!», pensei.

Pero aquilo estaba xenial; era como se sempre vivise dentro do mar: aboiaba, somerxiame e ata conseguín, despois de varios intentos, dar un salto por riba da auga. Semellaba todo tan sinxelo. Só tiña que deixarme levar e non matinar en nada máis.

Entón, naquel momento, decateime do que pasaba. Dende logo, o golpe debiera ser ben forte, pois non lembraba nada. E non podía crelo. Non tiña pernas, era unha serea!

A testa seguíame doendo, pero agora volver á casa sería máis doado.

–Pero se non existen. –Seguí cavilando a miña cabeza no medio daquel balbordo de luces e sereas mentres os bombeiros trataban de sacar as miñas pernas, atrancadas no medio dos ferros.

E deixei-me ir.

CARME

A noite pecha e a Lúa. As sombras que facían as luces dos farois, algún que outro ruído no ar e os ollos dun moucho, que subido nunha rama da árbore máis alta do parque, miraba a escena.

O sábado ás 2.50 h., o bar de sempre estaba a piques de pechar. A xente ía saíndo ao son de Fito y Fitipaldis para deixar baleiro o local. Dende a porta podíase ver o mar mentres fumabas o último cigarro da noite. Aquel día, as ondas xogaban coas gaivotas e competían para ver quen era a primeira en tocar o peirao. A música comercial dos últimos pubs abertos e unha longa rúa eran o que separaba o fogar quente do frío de aquela noite. Cinco minutos andando, mirar ao ceo e escoitar o mar, respirar a calma da noite, cantaruxar «She used to be mine» e sentir as mans dunha besta arrebatando o máis prezado: a vida.

A noite pecha e a Lúa. As sombras e o moucho presenciando aquela escena. «She is broken and won't ask for help», porque non tiña voz, non tiña alento, non tiña forzas para loitar, só lle quedaron as ás, que a fixeron libre para voar moi alto unha vez acabada a tortura.

SEMENTE

Unía constelacións mentres agardaba ese amencer urxente que o levaría ao lugar onde lle arrebataran un anaco da súa infancia. Volver á aldea onde nacera Anxo era unha obriga, había moitas preguntas e poucas respostas.

Fitas de néboa adornaban os montes da contorna, a vella ponte reflectíase na auga do retorto río. As primeiras casas aínda en pé semellaban pantasma agonizantes dun tempo que non foi mellor, non soportaron o paso implacable do tempo.

Detívose fronte aos restos da vella escola e veulle á memoria o mestre da súa infancia, don Félix, e a súa teima por plantar carballos arredor da escola. Sempre andaba recollendo landras levándoas consigo. Era moi excéntrico, pero poñía moita paixón en todo o que facía e, sobre todo, nos consellos que nos daba.

Aquel día de xuño chegaron sen avisar. Buscaban un xesto para arrincarnos unha maldade. Levárono con eles ao saír da escola, foron as derradeiras palabras que lle escoitei: «Que nos vos domine o medo, o voso medo é o seu alimento».

Era frecuente escoitar no luscofusco o resón dos disparos preto do cemiterio. Aquel día soaron a despedida.

Buscaba no cemiterio un sinal, o seu nome gravado nalgunha fría lapida, algunha tumba sen nome, nada. Percorreu o camiño por detrás do camposanto. Detívose ollando un pequeno carballo que xurdira ao carón do valado no medio dunhas rochas. Un refacho de vento pendurou as súas poulas. O tépedo Sol do serán reflectíase nas bágoas que deixou caer polas súas meixelas.



A Federación Provincial de ANPA de Pontevedra
agradece a colaboración do xurado
na escolla rigorosa dos gañadores e finalistas:

Adolfo Caamaño Vázquez, Paz Castro, Francisco Freire Vila,
Chema Heras Varela, Xosé Monteagudo Folgar,
Concepción Pérez Cerdeira, Xosé A. Pérez López e Silvia Pérez Tato,
así como a participación de Concha Blanco.

Igualmente, agradécelles ás institucións
e empresas colaboradoras a súa achega imprescindible:

Concellaría de Normalización do Concello de Pontevedra,
AELG, Pazo de Cultura de Pontevedra,
Departamento de Cultura da Deputación Provincial,
Kalandraka, ASM Mensavedra, Diario de Pontevedra, Abanca e Gadis.



kalandraka



//ABANCA

Diario de Pontevedra



ÍNDICE

Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG):

LIBROS COMO ESPELLO	3
Concha Blanco, MARTIÑO	5

PRIMARIA

Gañador

Juan José Gil Zambrano, XAN, PUNTO E Á PARTE	11
--	----

Finalistas destacados na categoría de Primaria

Paula González Domínguez, UNHA HISTORIA INESPERADA	12
Luca Lorenzo Pérez, XOGAR EN EQUIPO	13
María Moldes Entenza, AMIGA INVISIBLE	14
Marta Pazos Castro, PERDIDO	15
Rafael Roger Moes González, AS AVENTURAS DE MIRIAM	16

Finalistas na categoría de Primaria

Hugo Araújo López, UNHA MORTE EVITABLE	17
Leire Bernárdez Prado, LEILA	18
Sira Bouzón Bouzón, TREBOADA NA NOITE	19
María Bouzón Fernández, UN DOS MEUS SOÑOS	20
Pablo Brión Alvarado, MURMURIOS	21
Christian Cabaleiro Otero, O GARDIÁN DO BOSQUE	22
Iago Cabaleiro Pazos, O MEU IRMÁN	23
Marina Cabral García, VIOLÍN	24
Iker Calvo Varela, MESOPOTAMIA	25
Iris Collazo Cortegoso, XUNTOS PARA SEMPRE	26
Lucas Cortegoso Formigo, O MORDOMO GABRIEL	27
Cristina Ling Costa Diz, EU, TI, EL, ELA... ..	28
Artai Costas Fragueiro, BROWN	29
Laura de la Osa Piñeiro, UNHA NOVA VIDA	30
Noa Delgado Durán, A MAXIA DAS MATES	31
Alicia Fernández Fernández, ROSALÍA	32
Jorge Giráldez Zapatero, MALDITO VIÑO	33
Iker Gondar Poceiro, OS MELLORES AMIGOS	34
Estela González Fernández, O TRASNO DOS CAÑOTOS	35
Pedro Grosso Aybar, A FÁBRICA DE NUBES	36
Ainhoa Guisande Fernández, A MIÑA HISTORIA	37
Carla Herrero Suárez, AMIZADE	38
Alicia Leis Gómez, CON ELA AO FIN DO MUNDO	39

Noa López Feroso, A COR DA TÚA IMAXINACIÓN	40
Mateo López Santiago, ATRAPADO	41
Julia Lorenzo Portas, CON CONTOS DUN LADO PARA OUTRO	42
Xiana Martínez Couñago, A MIÑA CURTA E BONITA VIDA	43
Yanet Méndez Gómez, ATA QUE QUEDEI SEN CHOCOLATE	44
Olalla Montilla Villar, MATEO	45
Andrea Núñez Borreiros, POR QUE?	46
Martiño Ojea Troncoso, O CORVO	47
Xoel Pereiras Calvo, UN SENTIMENTO	48
Javier Portabales Acebedo, A CASA METÁLICA	49
Aarón Poza Filgueira, LIBRO SEN PALABRAS	50
Valentina Ríos Gandón, SÓ LETRAS E RAIAS	51
Inés Ríos Monge, SEREI MUDA PERO NON ESQUECIDA	52
Abril Rodríguez Cabral, A NOSA VIAXE	53
Daniela Rodríguez Martínez, AMOR A PRIMEIRA VISTA	54
Alberto Sánchez Guzmán, UNHA ÁRBORE SOLITARIA	55
Lois Sanmartín Valiño, VILANOITE	56
Marcos Silva Rodríguez, ESTAR EN BABIA	57
Xulia Teixeira Rey, O PAÍS DAS PALABRAS	58
Luís Trabazo Rey, CADUCA	59
Alicia Trincado Torres, O PODER DA IMAXINACIÓN	60
Sofía Val Núñez, A BATALLA DE INVENTOS	61
Miguel Varela Guzmán, MALTRATO	62
Rebeca Vidal Mariño, A MIÑA GRANDE ADICCIÓN	63
Xiana Vilariño García, A REALIDADE DE ALBA	64

SECUNDARIA

Gañadora

Estela Muíños Gargamala, O MÚSICO CEGO	67
--	----

Finalistas destacadas na categoría de Secundaria

María Calvar Giráldez, CANDO A LUZ NON ESTÁ	68
Fátima Ezzahra Ibrahim Barnossi, O MEU XIRASOL	69
Leire Gil Justo, ECLIPSE LUNAR NO TEATRO	70
Noelia González Lourenço, VOLVE PRONTO	71
Ainara Villanueva Núñez, PASOS PARA ESCRIBIR UN LIBRO ABURRIDO	72

Finalistas na categoría de Secundaria

David Alján Lusquiños, O PANDA	73
--------------------------------------	----

Nerea Almeida Nieves, OUTRA	74
Ariadna Álvarez Ramírez, ELA	75
Yashira Álvarez Ramírez, A ESPERANZA DA MORTE	76
Ana Barrera Novas, SILENCIO	77
Jaime Blanco Fernández, MOISÉS	78
Marcos Boulosa Álvarez, O DANUBIO AZUL	79
Schihanna Romira Briceño Feijoó, O SUPERPODER DO MEU AVÓ	80
Irene Candeira Nogueiro, BÁGOAS	81
Nuria Costas Misa, OCÉANO DE PAPEL	82
Paula Diz Parrondo, PALABRAS	83
Paula Domínguez Barreiro, CEMITERIO DE ALMAS E ESQUELETOS QUEBRADOS DE PENSAMENTOS E LILAS MURCHAS	84
Héctor Dorribo Vázquez, UN VELLO AMIGO	85
Clara Durán Sánchez, A PORTA DO ESPELLO	86
Valeria Estévez López, DESCOÑECIDOS	87
Pablo Gómez Muíños, DENTRO DOS LÍMITES DA MIÑA VIDA	88
Marta Muíños Gargamala, A MARCA DE OURO	89
Lucía Pedreira Collazo, 2 DE ABRIL	90
Teo Redondo Lorenzo, DESCANSO	91
Luna Rodríguez Lojo, APATÍA	92
Noelia Rosendo Acuña, A COR DO AMOR	93
Naira Sebastián Allocati, O ACCIDENTE	94
Sara Usera Alonso, UN PELO MOI SINGULAR	95

BACHARELATO E FP

Gañadora

Lucía Álvarez Álvarez, A MUDANZA	99
--	----

Finalistas destacados na categoría de Bacharelato-FP

Mateo González Márquez, NOSTALXIA	100
Anthuanet Marcia Malca Gamarra, SISTEMATIZADA INCONSCIENCIA	101
Ángel Vidal Rodríguez, O CAMIÑO	102

Finalistas na categoría de Bacharelato-FP

Ainara Álvarez Ramírez, AO MEU CARÓN	103
Carmen Carbó Otero, NOVAS	104
Brais Costas Fraguero, ET LUX IN TENEBRIS LUCET (E A LUZ LOCE NAS TEBRAS)	105
Sara Faro Lubiáns, PUM	106

Rubén Giráldez González, SUPERSEGUROS	107
Gustavo López Leyenda, A VERDADEIRA REALIDADE	108
Francisco Javier Martínez Ventín, SUÍDO	109
Naima Mera Villar, UNHA PELEXA CONTINUA COMIGO	110
Andrea Prado Pereira, TREBOADA DE PRIMAVERA	111
Verónica Silva Folgar, A BELA ADORMECIDA	112

ADULTOS

Gañadora

María Teresa Iglesias Yugat, HORIZONTE CON NEBOEIRO	115
---	-----

Finalistas destacados na categoría de adultos

María Fátima González Comesaña, MULLER DA MIÑA VIDA	116
Pablo Nogueira Campo, DISPARO	117
Martiño Riera Rodríguez, CANTO DURA UN INSTANTE?	118

Finalistas

María del Mar Caneda Estévez, O SEÑOR EDUARDO	119
Eva Castro Outeiriño, SOIDADES	120
Carla Sandrina Cerqueira Oliveira, PARÍS	121
Beatriz Coira Ríos, VIAXE Á PRAIA	122
Manuel Cuervo Soto, CIBERGUERREIROS	123
María Dios Fernández, NON NOS ESQUEZAMOS DOS COMENZOS	124
Tamara Fernández Amosa, AGARDA POR MIN	125
Antonio Ferrer Moreira, GALEFAS	126
Soledad García Riveiro, DE TITANIO E NÁCARA	127
M. Rosario Golmar Saavedra, CHOVE	128
Damián Guede Otero, OS NOSOS	129
Josefa Ortigueira Pérez, O FUTURO DE SABELA	130
Eduardo Rodríguez Saiz, BOTTICELLI COMO CÓMPLICE	131
Gabriel Romero de Ávila Cabezón, UN AMOR DE VERTEDOIRO	132
Óscar Sabín Fernández, PERDÍN A CABEZA	133
Beatriz Somoza Pires, SEMPRE TARDE	134
Virginia Suárez Iglesias, DÉIXOME LEVAR	135
María Torres Barreiro, CARME	136
Faustino Ucha Alvariñas, SEMENTE	137

Federación Provincial de ANPA de Pontevedra (FANPA), 2019
Rúa de Xan Guillermo, n.º 9 - 36002 Pontevedra
www.nontedurmas.org
info@nontedurmas.org

Deseño e produción:
Kalandraka Editora SL, 2019
Rúa de Pastor Díaz, n.º 1, 4.º B - 36001 Pontevedra
www.kalandraka.com

Ilustración de cuberta: Ramón Trigo
Impresión e encadernación: Gráficas Anduriña, Poio
DL: PO 273-2019